

# Programación Xeral Anual

## Curso: 2023/2024



CEIP “A Xunqueira-1”  
Pontevedra

# Índice

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>4</b>
<b>2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DESTE CURSO ACADÉMICO.</b>	<b>5</b>
<b>3. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.</b>	<b>6</b>
<b>4. ALUMNADO. CARACTERÍSTICAS XERAIS.</b>	<b>12</b>
<b>5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE</b>	<b>13</b>
<b>6. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.</b>	<b>16</b>
ÓRGANOS DE GOBERNO	16
ORGANIZACIÓN ACADÉMICA.	17
CONSTITUCIÓN DOS EQUIPOS.	18
HORARIO DO PROFESORADO.	22
TEMPO DE REUNIÓN DO PROFESORADO E DEDICACIÓN DOS MESMOS POLAS TARDES.	22
<b>7. HORARIOS DO PROFESORADO (ANEXO 0)</b>	<b>22</b>
<b>8. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.</b>	<b>23</b>
CONSELLO ESCOLAR.	23
CLAUSTRO DE PROFESORES.	25
COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA	26
<b>9. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.</b>	<b>27</b>
DIRECTOR	27
XEFA DE ESTUDOS	30
SECRETARIA	30
HORAS DE REUNIÓN/COORDINACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO:	30
<b>10. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.</b>	<b>31</b>
<b>11. QUENDAS DE RECREO.</b>	<b>31</b>
<b>12. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.</b>	<b>31</b>
<b>13. LISTADO DE LIBROS DE TEXTO</b>	<b>32</b>
<b>14. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.</b>	<b>33</b>
<b>15. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.</b>	<b>35</b>
<b>16. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.</b>	<b>35</b>
PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.	35
CONSERXE.	35
COIDADORAS.	36
INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS	36
<b>17. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.</b>	<b>37</b>

<b>18. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.</b>	<b>37</b>
<b>19. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR.</b>	<b>38</b>
RUTAS DO TRANSPORTE ESCOLAR	38
<b>20. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO PLAN MADRUGA E COMEDOR ESCOLAR.</b>	<b>39</b>
<b>21. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.</b>	<b>42</b>
<b>22. PLAN DE ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA.</b>	<b>44</b>
<b>23. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES.</b>	<b>43</b>
<b>24. PROGRAMAS OU PLANS ANUAIS DE LECTURA.</b>	<b>46</b>
PROXECTO LECTOR.	46
LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2023/24 (ANEXO I)	57
<b>25. PLAN DIXITAL</b>	<b>57</b>
<b>26. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE.</b>	<b>60</b>
<b>27. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO E PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (ANEXO II)</b>	<b>61</b>
<b>28. PLAN DE CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL (ANEXOS III E IV)</b>	<b>61</b>
<b>29. AVALIACIÓNS INDIVIDUALIZADAS.</b>	<b>62</b>
<b>30. CONTRATOS PROGRAMA (ANEXOS V E VI)</b>	<b>63</b>
<b>31. PLAN PROXECTA (ANEXOS VII E VIII)</b>	<b>63</b>
<b>32. PLAN ORIENTACIÓN PARA O CURSO 2023/2024 (ANEXO IX)</b>	<b>63</b>
<b>33. CONCRECCIÓN DO PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. (ANEXO X)</b>	<b>63</b>
<b>34. CALENDARIO ESCOLAR</b>	<b>63</b>
<b>35. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.</b>	<b>64</b>

# 1. INTRODUCCIÓN

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil, e dos Colexios de Educación Primaria e a Orde do 22 de Xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil, dos Colexios de Educación Infantil e Primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, establece, nas súas disposicións transitorias, aspectos de obrigado cumprimento para os Colexios de Educación Primaria. Así mesmo, o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria da Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 18 de Bibliotecas Escolares e Lectura.

No título IV, capítulo IV á que se refire a presente Orde establece qué a comenzos de curso os centros deben elaborar a Programación Xeral Anual, planificación que redactará o Equipo Directivo, e que co informe favorable do Claustro de Profesores, debe ser avaliado polo Consello Escolar, reformado pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación ( Texto Consolidado do 10 de Decembro de 2013).

A Orde do 23 de xuño de 2011 e a Orde de 6 de xullo de 2007 regulan os cadros de persoal dos Centros, as horas lectivas e a distribución dos horarios.

En virtude do anterior, este Centro, a través do seu Equipo Directivo, presenta a seguinte **Programación Xeral Anual** que regulamentará as actividades docentes, a organización e o funcionamento do funcionamento do CEIP A XUNQUEIRA I de Pontevedra no actual curso escolar 2018-19.

## **Características xerais.**

Características xerais.

O CEIP “A Xunqueira-1” está situado na zona da cidade denominada A Xunqueira.

As características da súa contorna que puideran exercer unha maior influencia no desenvolvemento da educación e do ensino, e que hai que ter en conta á hora de facer a programación curricular, son as seguintes:

- Alumnado que proceden da propia cidade.
- Contorna sociocultural e económica: Medio
- Profesións das familias:
  - Comerciantes.
  - Industriais.
  - Empregados de comercio.
  - Autopatróns.
  - Funcionarios.

- Obreiros.

- Nivel formativo-instrutivo: Medio.
- Con transporte escolar: un terzo dos alumnos aproximadamente.
- Nivel de disciplina e convivencia: bo, sempre se pode e debe mellorar.
- Asistencia: Alta e con regularidade. Intentaremos mellorar o problema da puntualidade, en parte debido aos problemas de tráfico e accesos da zona, e en parte ás familias.

Referente ao transporte escolar, o Centro ten asinadas 3 rutas, parte delas cun percorrido na zona céntrica da cidade e outras que recollen alumnos das zonas periféricas e, incluso da zona rural. Deste xeito, unha maioría dos alumnos que chegan ao Centro fan uso do transporte; este realízase coas empresas MONBÚS e Autocares RÍAS BAIXAS; outra parte do alumnado desprázase camiñando dende os seus domicilios ata o Centro.

## **2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DESTE CURSO ACADÉMICO.**

- Continuar traballando coa Aula Virtual e Edixgal.
- Dixitalización das comunicacións inter centro e coas familias a través das ferramentas corporativas e sociais.
- Mellorar o rendemento escolar: lecto-escritura e cálculo.
- Fomento da inclusividade a través da prioridade dos apoios.
- Fomento das boas prácticas docentes.
- Preocupación pola innovación e a formación do profesorado.
- Uso da Biblioteca do Centro como recurso de apoio e fomento da lectura.
- Facer un Plan de Mellora entre a familia e a escola (participación da familia na educación).

## **MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.**

- **1º Trimestre:**
  - Avaliación Inicial en todos os niveis.
  - Aprobación dos indicadores polos niveis, para concretar resultados.
  - Uso do Plan Lector e da Biblioteca como recurso indispensable para acadar os obxectivos (apadriñamentos, mochila viaxeira, etc..)
  - Reunións dos niveis para determinar estratexias.
  - Reunión coas familias para apoiar estas estratexias.
  - Reunión de todo o profesorado para concretar os niveis e as estratexias que se están levando a cabo.

- Uso das TIC's nas aulas para mellorar os resultados.
- Escola de pais/nais Edixgal
- **2º Trimestre:**
  - Seguir aplicando os indicadores para concretar resultados.
  - Seguir empregando o Plan Lector.
  - Seguir coas reunións: niveis, familias e profesorado.
  - Modificar as estratexias se fose necesario.
- **3º Trimestre:**
  - Avaliación Final.
  - Concretar resultados e exposición destes.
  - Seguir co Plan Lector, Biblioteca, TIC's, etc
  - Avaliación final das estratexias do profesorado.
  - Avaliación final dos recursos TIC's .

### **RECURSOS PREVISTOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.**

- Uso da Biblioteca.
- Uso das TIC's nas aulas.
- Reunións cos pais/nais.
- Reunións do profesorado.
- Cuestionarios ao profesorado e alumnado.
- Exposición, nas memorias finais, de gráficos e obxectivos acadados.

### **3. CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.**

Valorarase durante este curso os seguintes aspectos:

- 1.- Revisión dos índices de superación de materias e competencias.
- 2.- O traballo cooperativo dentro das aulas, entre os distintos niveis.
- 3.- Fomentar a colaboración e participación dos pais/nais na educación dos seus fillos.

#### **Obxectivos.**

Tendo presente a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Constitución Española e outros documentos relacionados co ensino, así como o contorno xeográfico, socio-cultural, económico, etc do Centro, fíxanse os seguintes obxectivos:

## **A.- Obxectivos xerais do Ensino.**

- A.1.- Elevar o rendemento escolar, diminuindo no posible o fracaso escolar.
- A.2.- Elevar os niveis de disciplina, convivencia e gusto polo traballo.
- A.3.- Establecer relacións entre o alumnado e o medio no que vive.
- A.4.- Desenvolver a observación e a capacidade de análise e síntese.
- A.5.- Cultivar o espírito de investigación.
- A.6.- Desenvolver a capacidade de abstracción e razoamento, segundo a idade de cada escolar.
- A.7.- Cultivar a predisposición cara ós distintos eidos da tecnoloxía que estean ao alcance do Centro.
- A.8.- Cultivar o desenvolvemento da personalidade de cada alumno.
- A.9.- Cultivar os aspectos físicos, morais e cívicos por medio do xogo e do deporte.
- A.10.- Lograr unha adecuada formación individual con criterios persoais para que poidan tomar libremente decisións básicas no contorno socio-económico no que vivan.
- A.11.- Fomentar o espírito de crítica positiva fronte ós medios de comunicación de masas.
- A.12.- Adquisición de actitudes de interese, curiosidade, respecto e solidariedade cara a persoas e grupos.
- A.13.- Promover o desenvolvemento da capacidade creativa.

## **B.- Obxectivos metodolóxicos e administrativos.**

- B.1.- Conseguir a colaboración do titor/a, do profesorado, da familia, do persoal do Departamento de Orientación e, en definitiva, de tódolos integrantes da comunidade escolar para acadar a mellor relación posible co alumnado.
- B.2.- Fomentar o traballo en grupo, tanto entre o alumnado coma entre mestres.
- B.3.- Lograr o máximo aproveitamento dos recursos e material didáctico de que dispón o Centro.
- B.4.- Conseguir a máxima eficacia na administración do Centro.
- B.5.- Potenciar as relacións familias-mestres-alumnos.
- B.6.- Conseguir melloras na infraestrutura do Centro: reformas, limpeza, servizos, mobiliario, etc...
- B.7.- Crear hábitos de puntualidade e de traballo.

## **C.- Obxectivos específicos do Ciclo de Educación Infantil e dos diferentes niveis**

### **C.1.- Educación Infantil.**

- C.1.1.- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos, valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción e expresión, e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.
- C.1.2.- Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais, adquirindo progresivamente seguridade afectiva e emocional e desenvolvendo as súas capacidades de iniciativa e confianza en si mesmos.
- C.1.3.- Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo, aprendendo a articular progresivamente os propios intereses, puntos de vista e achegas dos demais.
- C.1.4.- Establecer vínculos fluídos de relación coas persoas adultas e cos seus iguais, respondendo aos sentimentos de afectos, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e colaboración.
- C.1.5.- Observar e explorar a contorna inmediata cunha actitude de curiosidade e coidado, identificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunhas das relacións que se establecen entre eles.
- C.1.6.- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu contorno, amosando actitudes de respecto, interese e participación cara a elas.
- C.1.7.- Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados, e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e expresión.
- C.1.8.- Utilizar a linguaxe verbal de forma axustada ás diferentes situacións de comunicación habituais para comprender e ser comprendido polos outros, expresar as súas ideas, sentimentos, experiencias e desexos, avanzar na construción de significados, regular a propia conduta e influír na dos demais.
- C.1.9.- Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ao seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.



## **C.2.- Obxectivos xerais do Primeiro e do Segundo Nivel de Educación Primaria.**

- C.2.1. Comprender e producir sinxelas mensaxes orais e escritas.
- C.2.2. Utilizar diferentes medios de expresión (verbal, corporal, plástica, musical, matemática) para comunicar e expresar sinxelas mensaxes e sentimentos.
- C.2.3. Utilizar os coñecementos e a experiencia adquirida para xerar novos interrogantes sobre a realidade natural e social circundante.
- C.2.4. Identificar e formular interrogantes e problemas a partir da experiencia diaria.
- C.2.5.- Actuar con autonomía no desenvolvemento das actividades habituais de tipo familiar, escolar, de grupo e cidadán.
- C.2.6.- Desenvolver a capacidade de ter iniciativas persoais e en grupo.
- C.2.7.- Colaborar na planificación e realización de actividades de grupo aceptando as normas establecidas e respectando os puntos de vista e os intereses doutros membros do grupo.
- C.2.8.- Relacionarse e comportarse de maneira solidaria e construtiva, establecendo relación afectivas con persoas de distintas idades e sexo e superando calquera tipo de discriminación baseado nas características persoais e sociais.
- C.2.9.- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida do grupo e da comunidade e actuar conforme a eles.
- C.2.10.- Comprender e establecer sinxelas relacións entre feitos e fenómenos da contorna natural e social.
- C.2.11.- Analizar as características do medio ambiente próximo, valorar a súa importancia e contribuír á súa defensa e mellora.
- C.2.12.- Coñecer os elementos máis destacados do patrimonio cultural.
- C.2.13.- Coñecer e identificar o propio corpo e adquirir hábitos de saúde e hixiene.

## **C.3.- Obxectivos xerais do Terceiro e do Cuarto Nivel de Educación Primaria.**

- C.3.1.- Comprender e producir mensaxes orais e escritos en castelán e en galego, atendendo a diferentes intencións comunicativas.
- C.3.2.- Adquirir os fundamentos léxicos e estruturais para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- C.3.3.- Usar os distintos medios de expresión (verbal, visual, plástica, musical e matemática) de forma individual ou integrada, desenvolvendo actividades creativas e de razoamento.
- C.3.4.- Desenvolver a sensibilidade estética e a capacidade para gozar das obras e manifestacións artísticas.

- C.3.5.- Desenvolver procedementos de recollida e representación da información útiles para a resolución de problemas sinxelos.
- C.3.6.- Recoñecer os coñecementos e recursos materiais dispoñibles útiles para a resolución de problemas propios da vida cotiá.
- C.3.7.- Actuar con autonomía e iniciativa nas actividades habituais e na interacción co grupo e desenvolver unha imaxe positiva que potencie a autoestima.
- C.3.8.- Colaborar na realización de actividades de grupo e desenvolver actitudes de cooperación, de responsabilidade ante as tarefas que lle correspondan e de respecto cara ás achegas dos outros.
- C.3.9.- Apreciar a pertenza aos grupos sociais máis amplos e establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas, manifestando sentimentos de afecto, respecto, aceptación e cordialidade no trato.
- C.3.10.- Adecuar a propia conduta ás normas e valores básicos que rexen a convivencia humana apreciando a importancia destes valores como reguladores da conduta afectiva e motivacional.
- C.3.11.- Coñecer e comprender as relacións de causa efecto que se manifestan no ámbito natural, social e cultural, do contorno máis próximo da súa experiencia.
- C.3.12.- Coñecer os elementos máis significativos que configuren o patrimonio cultural no ámbito de convivencia máis próximo e manifestar actitudes de respecto pola diversidade lingüística e cultural deste ámbito.
- C.3.13.- Procurar o coñecemento e coidado corporal, desenvolvendo hábitos de saúde e hixiene que contribúan a un desenvolvemento óptimo.

#### **C.4.- Obxectivos xerais do Quinto e do Sexto Nivel de Educación Primaria**

- C.4.1.- Comprender e producir mensaxes orais e escritas en lingua galega e en lingua castelá, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación, así como comprender e producir mensaxes e escritos sinxelos e contextualizados nunha lingua estranxeira.
- C.4.2.- Comunicarse a través dos medios de comunicación verbal, corporal, visual, plástica, musical e matemática, desenvolvendo a sensibilidade estética, a creatividade e a capacidade para gozar das obras e manifestacións artísticas.
- C.4.3.- Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos adecuados para obter a información pertinente e representala mediante códigos, tendo en conta as condicións necesarias para a súa solución.

- C.4.4.- Identificar e formular interrogantes e problemas a partir da experiencia diaria, utilizando tanto os coñecementos e os recursos materiais dispoñibles como a colaboración doutras persoas para resolvelos de forma creativa.
- C.4.5.- Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas.
- C.4.6.- Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo, aceptar as normas e as regras que democraticamente se establezan, artellar os obxectivos e intereses propios cos dos outros membros do grupo, respectando puntos de vista distintos e asumindo as responsabilidades que correspondan.
- C.4.7.- Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas en situacións sociais coñecidas, comportarse de maneira solidaria rexeitando discriminacións baseadas en diferencias de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais, sociais e culturais.
- C.4.8.- Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e obrar de acordo con eles.
- C.4.9.- Comprender e establecer relacións entre feitos e fenómenos do contorno natural e social e contribuír activamente no posible, á defensa, conservación e mellora do medio ambiente.
- C.4.10.- Coñecer o patrimonio cultural, participar na súa conservación e mellorar e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos, desenvolvendo unha actitude de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.
- C.4.11.- Coñecer e apreciar o propio corpo e contribuír ao seu desenvolvemento, adoptando hábitos de saúde e benestar e valorando as repercusións de determinadas condutas sobre a saúde e a calidade de vida.
- C.4.12.- Coñecer o medio máis próximo a el para despois ir coñecendo todo o que lle rodea, aprendendo a respectar, coidar e protexer o medio ambiente no que vive.

#### **D.-Obxectivos que por mor da experimentación formulan situacións novas.**

Como medida preventiva, fixa os seguintes obxectivos tendentes a cubrir do mellor xeito posible as horas de ocio.

##### **D.1.- Tocante ao alumnado:**

- Motivar ao alumnado e as súas familias para que participen nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA e supervisadas polo profesorado.
- Encamiñar ao alumnado a que frecuente a Biblioteca escolar.

- Propoñer lecturas de libros adaptados á súa idade e outras tarefas, como redaccións, debuxos, pintura, manualidades, etc....
- Concienciar ás familias de 5º sobre a importancia de levar o portátil Edixgal a casa para que traballen os seus fillos/as.

#### ***D.2.- Tocante ao profesorado:***

- Propoñer cursos de actualización e reciclaxe.
- Propoñer a participación en programas de renovación pedagóxica.
- Participar no proxecto de formación Edixgal e noutros que fomente o uso das TIC.

## **4. ALUMNADO. CARACTERÍSTICAS XERAIS.**

A matrícula do Centro é de 225 alumnos, repartidos en: 3 unidades de Educación Infantil e 10 grupos de Educación Primaria.

As unidades de Educación Infantil corresponden a:

\*1 grupo de alumnos de 3 anos, 1 grupo de alumnos de 4 anos e 1 grupo de alumnos de 5 anos.

As unidades ou grupos de Educación Primaria corresponden a:

\* 1º de Educación Primaria: 1 grupo.

\* 2º de Educación Primaria: 1 grupo.

\* 3º de Educación Primaria: 2 grupos.

\* 4º de Educación Primaria: 2 grupos.

\* 5º de Educación Primaria: 2 grupos.

\* 6º de Educación Primaria: 2 grupos.

A distribución xeral é a seguinte:

#### ***Educación Infantil:***

3 anos: .....	17 alumnos
4 anos: .....	18 alumnos
5 anos: .....	19 alumnos

#### ***Educación Primaria:***

1º A .....	17 alumnos
2º A .....	17 alumnos
3º A .....	16 alumnos
3º B .....	15 alumnos
4º A .....	17 alumnos
4º B .....	16 alumnos
5º A .....	14 alumnos
5º B .....	15 alumnos
6º A .....	22 alumnos
6º B .....	23 alumnos

**TOTAL: 226 ALUMNOS/AS.**

## **5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE**

### **Medidas de atención ao alumnado.**

Cada alumno e cada alumna, polas súas características ou circunstancias persoais, pode ter, nun momento puntual ou ao longo de toda a súa escolaridade, unhas necesidades específicas de apoio educativo ás que se debe dar resposta, adoptando as medidas legalmente establecidas para o efecto:

- Reforzo educativo.
- Apoio educativo.
- Adaptación curricular significativa.
- Flexibilización.

### ***Reforzo educativo***

Son as medidas ordinarias adoptadas polo profesorado da área ou materia na que o alumno ou a alumna ten dificultades.

Está destinado ao alumnado que ao longo da súa escolaridade presente algunha dificultade de aprendizaxe.

O titor ou a titora deberá informar ás familias.

### ***Apoio educativo***

É a intervención dun profesor ou profesora de pedagogía terapéutica dentro e/ou fóra da aula para axudar a un alumno ou alumna con dificultades escolares.

Destinado ao alumnado que ao longo da súa escolaridade presente dificultades de aprendizaxe e a criterio do equipo educativo, despois dunha avaliación psicopedagóxica, necesite a devandita medida.

O titor ou a titora deberá informar ás familias.

### ***Adaptación curricular significativa***

Trátase dunha medida extraordinaria que consiste en modificar un ou máis elementos do currículo (obxectivos, contidos ou criterios de avaliación) e adaptalos ás necesidades educativas dun alumno ou dunha alumna que presente dificultades de aprendizaxe ou capacidades excepcionais. A súa finalidade será que o alumno ou a alumna poida acadar o máximo das súas capacidades.

Destinada ao alumnado que, despois dunha avaliación psicopedagóxica, amose un desfase curricular importante e presente dificultades significativas no seu proceso de

aprendizaxe ou, pola contra, calidades excepcionais que lle impidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

As familias deberán estar informadas. Por tratarse dunha medida excepcional, require autorización da Inspección Educativa. Esta medida queda reflectida no expediente académico do alumno ou da alumna.

### **Flexibilización**

É unha medida que consiste na modificación, cando se considere necesario, da duración do período de escolarización nas diferentes etapas educativas.

Destinada ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo derivadas da posesión de altas capacidades intelectuais, de discapacidade ou de trastornos graves de conduta.

Para acollerse a esta medida é necesaria a autorización da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **Atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.**

A chegada de poboación procedente do estranxeiro e das súas familias está a incidir de xeito notable na evolución da diversidade na nosa poboación escolar. A normativa vixente recolle medidas específicas para atender ao alumnado que procede do estranxeiro e se incorporan ao noso sistema educativo. O obxectivo último é a normalización da súa situación escolar en canto sexa posible.

Deberase producir a escolarización no momento de chegada do alumnado a Galicia, sen necesidade de esperar ao inicio do novo curso.

Considérase alumnado obxecto de medidas de atención específica aquel que, tendo unha idade comprendida entre os 3 anos e o límite da escolarización obrigatoria, presente:

- Descoñecemento das linguas oficiais da Comunidade, galego e castelán.
- Desfase curricular de 2 cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- Graves dificultades de adaptación ao medio escolar.

A determinación das necesidades de cada alumno e cada alumna realizarase a través dunha avaliación inicial no momento da escolarización. A miúdo o alumnado procedente do estranxeiro só precisa dunha adaptación á nova situación.

Cada centro educativo recollerá no seu plan de acción tutorial as accións deseñadas especificamente para o seu alumnado procedente do estranxeiro. Estas incluírán plan de acollida para ese alumnado así como medidas de seguimento e apoio do seu proceso de integración escolar.

### **Alumnado con NEAE**

Curso	Grupo	Nº alumnos	Nº repetidores	Nº alumnos con NEE
4º Educación Infantil	A	16	0	1
5º Educación Infantil	A	18	0	4
6º Educación Infantil	A	19	0	2
1º Educación Primaria	A	17	0	4
2º Educación Primaria	A	17	0	5
3º Educación Primaria	A	16	0	4
3º Educación Primaria	B	15	0	3
4º Educación Primaria	A	17	0	3
4º Educación Primaria	B	17	0	3
5º Educación Primaria	A	14	0	2
5º Educación Primaria	B	15	0	2
6º Educación Primaria	A	22	0	2
6º Educación Primaria	B	23	1	2

## 6. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.

### ÓRGANOS DE GOBERNO

#### a) Unipersoais:

Director: ..... D. Manuel Blanco Lois.

Xefa de Estudos: ..... D<sup>a</sup>. María Covela Rúa.

Secretaria: ..... D<sup>a</sup>. Mayra Ferrer Sierra.

#### b) Colexiados:

##### b.1. Claustro de Profesores

Presidente: ..... D. Manuel Blanco Lois.

Secretaria: ..... D<sup>a</sup>. Mayra Ferrer Sierra.

Profesores: ..... D<sup>a</sup>. Lucía Josefa Abilleira Castiñeiras.

D. Miguel Ángel Balaguer Doctor.

D<sup>a</sup>. Margarita Carral Pol.

D<sup>a</sup>. María Covela Rúa

D<sup>a</sup>. Alba Díaz Taboada.

D<sup>a</sup>. María Susana Diéguez Villaverde.

D. Manuel Domínguez Carballo.

D<sup>a</sup>. María Isabel Durán Tenorio.

D<sup>a</sup>. Vanesa Espiñeira Otero.

D<sup>a</sup>. María Dolores Fontán Pérez.

D<sup>a</sup>. Margarita Fontán Sanmartín.

D<sup>a</sup>. Marina Garrido Eirín.

D<sup>a</sup>. Áurea Iglesias Rodríguez.

D<sup>a</sup>. María Carmen Otero Gil.

D<sup>a</sup>. Paloma Pazos Soage.

D<sup>a</sup>. María Remedios Pérez Lamela.

D<sup>a</sup>. María Carmen Quinteiro Moreno.

D<sup>a</sup>. Dolores Rivas Camba.

D. Luciano Sánchez González.

D<sup>a</sup>. Olalla Santalla Fernández.

**Departamento de Orientación:** D<sup>a</sup> María Teresa Abilleira Fernández.

Profesora de AL compartida: D<sup>a</sup>. Nerea Limia González.



## b.2. **Consello Escolar**

Presidenta: .....	D. Manuel Blanco Lois.
Xefa de Estudos: .....	D <sup>a</sup> . María Covela Rúa.
Secretaria: .....	D <sup>a</sup> Mayra Ferrer Sierra.
Rep. Profesores .....	D <sup>a</sup> . Margarita Carral Pol. D <sup>a</sup> . Olalla Santalla Fernández.
Rep. Pais .....	D <sup>a</sup> . Xulia Arias Parada. D <sup>a</sup> . Cristina Cabodevila Ros. D. Javier García Areses. D <sup>a</sup> . Raquel Loureiro Sánchez.
Rep. da Corporación Municipal ...	D <sup>a</sup> . Pilar Comesaña Hermida.
Rep. Persoal Admin.:.....	D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> Susana Ruiz Lorenzo.

## **ORGANIZACIÓN ACADÉMICA.**

### **Adscrición do Profesorado: Titorías.**

De acordo coas especialidades e cos dereitos de cada profesor fíxose a adscrición do profesorado do seguinte xeito:

#### Educación Infantil:

4º Infantil	D <sup>a</sup> . María Isabel Durán Tenorio.
5º Infantil	D <sup>a</sup> . Margarita Carral Pol.
6º Infantil	D <sup>a</sup> . María Covela Rúa.
Apoio Infantil	D <sup>a</sup> . Mayra Ferrer Sierra.

#### Educación Primaria:

1º A .....	D <sup>a</sup> . Marina Garrido Eirín.
2º A .....	D <sup>a</sup> . Alba Díez Taboada.
3º A .....	D <sup>a</sup> . Olalla Santalla Fernández.
3ºB .....	D <sup>a</sup> . María Carmen Quinteiro Moreno.
4ºA .....	D <sup>a</sup> . María Carmen Otero Gil.
4ºB .....	D <sup>a</sup> . Áurea Iglesias Rodríguez.
5ºA .....	D <sup>a</sup> . Margarita Fontán Sanmartín.
5ºB .....	D <sup>a</sup> . María Susana Diéguez Villaverde.
6º A .....	D <sup>a</sup> . Luciano Sánchez González.
6º B .....	D. Manuel Blanco Lois.

*Profesorado especialista.*

D. Miguel Ángel Balaguer Doctor

**Música e Danza / Educación Plástica**

D. Manuel Domínguez Carballo

**Pedagogía Terapéutica**

D<sup>a</sup>. Vanesa Espiñeira Otero.

**Audición e Linguaxe**

D<sup>a</sup> Dolores Rivas Camba

**Relixión (nomeada polo Arcebispado: Infantil, Primaria).**

D<sup>a</sup>. Paloma Pazos Soage.

**Educación Física (Primaria)**

D<sup>a</sup>. María Remedios Pérez Lamela.

**Educación Física (Infantil e Primaria)**

D<sup>a</sup>. Lucía Josefa Abilleira Castiñeiras.

**Filoloxía Inglesa (Primaria)**

D<sup>a</sup>. María Dolores Fontán Pérez.

**Filoloxía Inglesa (Infantil e Primaria)**

D<sup>a</sup>. María Teresa Abilleira Fernández.

**Xefa do Departamento de Orientación.**

D<sup>a</sup>. Alba Díaz Taboada.

**Filoloxía Francesa (Primaria)**

**Constitución dos Equipos.**

Os equipos de Ciclo de Educación Infantil e Primaria, agruparán a todos os mestres que impartan docencia neles. Son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da Xefa de Estudos, as ensinanzas propias do nivel. Quedan constituídos segundo figura no apartado de Organización Académica (Adscrición do Profesorado). Son os seguintes:

## **Equipo de Educación Infantil.**

**Coordinadora:** María Covela Rúa.

D<sup>a</sup>. María Isabel Durán Tenorio.

D<sup>a</sup>. Margarita Carral Pol.

D<sup>a</sup>. Mayra Ferrer Sierra.

D<sup>a</sup>. María Teresa Abilleira Fernández.

D<sup>a</sup>. Vanesa Espiñeira Otero.

## **Coordinadores de ciclo:**

**1º Ciclo (1º e 2º):** Marina Garrido Eirín.

**2º Ciclo (3º e 4º):** Olalla Santalla Fernández.

**3º Ciclo (5º e 6º):** María Susana Diéguez Villaverde.

Profesorado especialista que se une aos diferentes ciclos para as reunións:0

1º Ciclo: Manuel Domínguez Carballo e María Remedios Pérez Lamela.

2º Ciclo: Dolores Rivas Camba e María Dolores Fontán Pérez.

3º Ciclo: Miguel Ángel Balaguer Doctor e Paloma Pazos Soage.

## **Comisión de Coordinación Pedagóxica.**

A Comisión de Organización Pedagóxica estará integrada por:

Presidente: Manuel Blanco Lois.

Xefa de Estudos: María Covela Rúa.

Todos os Coordinadores de Ciclo e Coordinadora de educación infantil.

Orientadora: M<sup>a</sup> Teresa Abilleira Fernández.

Profesora de AL: Vanesa Espiñeira Otero.

Profesor de PT: Manuel Domínguez Carballo.

Coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística: Margarita Fontán Sanmartín.

Coordinadora de Benestas e Convivencia: M.<sup>a</sup> Carmen Quinteiro Moreno.

Coordinador da Biblioteca: M<sup>a</sup> Susana Diéguez Villaverde.

Esta Comisión reunirse unha vez ao mes. Queda fixada a data de reunión o 4º martes de cada mes. Terá unha reunión extraordinaria ao comezo de curso e outra ao final deste.

### **Departamento de Orientación.**

***Xefa do Departamento: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Abilleira Fernández.***

Manuel Domínguez Carballo.

Vanesa Espiñeira Otero.

María Covela Rúa.

Marina Garrido Eirín.

Olalla Santalla Fernández.

M.<sup>a</sup> Susana Diéguez Villaverde.

Este departamento reunirse unha vez ao mes. Queda fixada a data de reunión o 4º martes de cada mes. Terá unha reunión extraordinaria ao comezo de curso e outra ao final deste.

### **Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**

***Coordinadora: Margarita Fontán Sanmartín.***

Profesores que participan neste Equipo:

M<sup>a</sup> Teresa Abilleira Fernández.

Margarita Carral Pol.

Alba Díaz Taboada.

M.<sup>a</sup> Carmen Otero Gil.

Este Equipo reunirse unha vez ao mes. Queda fixada como data da reunión o 2º martes de cada mes. Realizarase unha sesión extraordinaria ao comezo de curso e outra ao final.

### **Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.**

***Xefe do Equipo: Miguel Ángel Balaguer Doctor.***

Profesores que participan neste Equipo:

Manuel Domínguez Carballo.

Vanesa Espiñeira Otero.  
Mayra Ferrer Sierra.  
Paloma Pazos Soage.  
M.<sup>a</sup> Remedios Pérez Lamela.

Este equipo reunirse unha vez cada mes. Queda fixada como data o 2º martes .  
Terá unha sesión extraordinaria ao comezo de curso e outra ao finalizar.

### **Equipo de Biblioteca.**

***Coordinadora: M.<sup>a</sup> Susana Diéguez Villaverde.***

Profesores que compoñen este Equipo:

Lucía Josefa Abilleira Castiñeiras.

M.<sup>a</sup> Isabel Durán Tenorio.

Áurea Iglesias Rodríguez.

M.<sup>a</sup> Carmen Quinteiro Moreno.

Olalla Santalla Fernández.

Queda fixada como data de reunión o 2º martes de mes.

### **Equipo de Novas Tecnoloxías (TIC).**

***Xefa do Equipo: M.<sup>a</sup> Dolores Fontán Pérez.***

Profesores que participan neste Equipo:

Manuel Blanco Lois.

María Covela Rúa.

Marina Garrido Eirín.

Dolores Rivas Camba.

Luciano Sánchez González.

Queda fixada como data de reunión o 2º martes de mes.

### **E-Dixgal.**

***Coordinador: Manuel Blanco Lois.***

## **Horario do Profesorado.**

Fíxose dacordo cos seguintes criterios:

- Utilización das aulas comúns por todo o alumnado do Centro.
- Adecuación coas horas de garda do profesorado.
- Dispoñibilidade de horas do profesorado para desdobres e apoios nos cursos que o precisen.
- Intentouse que as horas das especialidades non fosen no mesmo día.
- Colocación da Educación Física en días non consecutivos.
- Coincidencia da hora de Educación física no pavillón de 4º, 5º e 6º coa hora de Psicomotricidade en Educación Infantil para poder utilizar as duchas do ximnasio.

## **Tempo de reunión do profesorado e dedicación dos mesmos polas tardes.**

A asistencia do profesorado ao Centro polas tardes queda regulada da seguinte maneira:

- a) Tódolos martes o profesorado permanecerá no Centro durante tres horas, polas tardes, establecéndose o horario desta permanencia a partir das dezaseis trinta horas.

Este tempo dedicarase a horario para recibir ós pais do alumnado (de catro e media a cinco e media), reunións de Claustro e Consello Escolar, Equipos docentes por nivel ou Ciclo (en educ. infantil) e ás distintas Comisións.

Contabilizaranse ademais as horas de reunión do Consello Escolar a partir das dezanove trinta, máis as reunións que os Equipos realizan con diversas institucións en horario de tarde.

No horario terase en conta a conciliación familiar, polo que calquera profesor se poderá reunir calquera día da semana, coas familias que non poidan vir os martes pola tarde.

- b) Biblioteca escolar: Será atendida polo profesorado os mércores e xoves pola tarde. Promoverase o seu uso para actividades concretas (cine familiar, teatro, escritores, Salón do Libro, etc). Contabilizarase nos horarios dos profesores estas horas.

## **7. HORARIOS DO PROFESORADO (ANEXO 0)**

## **8. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

### **Consello Escolar.**

#### **Composición:**

1. O Consello Escolar dos centros públicos estará composto polos seguintes membros:
  - a) O director do centro, que será o seu Presidente.
  - b) O xefe de estudos.
  - c) Un concelleiro ou representante do Concello en cuxo término municipal estea radicado o centro.
  - d) Un número de profesores, elixidos polo Claustro, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello. Neste centro hai 2 profesores.
  - e) Un número de pais de alumnos, elixidos respectivamente por e entre eles, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello (4 pais + 1 pai representante da ANPA).
  - f) Un representante do persoal de administración e servizos do centro.
  - g) O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello, con voz e sen voto.
2. Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
3. Un dos representantes dos pais no Consello Escolar será designado pola asociación de pais máis representativa do centro, de acordo co procedemento que establezan as Administracións educativas.
4. Corresponde ás Administracións educativas determinar o número total de membros do Consello Escolar e regular o proceso de elección.

#### **Competencias: (Lei de consolidación do 10/12/2013, artigo 127)**

O Consello Escolar do centro terá as seguintes competencias:

- a) Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V desta lei.
- b) Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.

- d) Participar na selección do director do centro, nos termos que a presente Lei Orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director.
- e) Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta Lei Orgánica e disposicións que a desenvolvan.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, se é o caso, as medidas oportunas.
- g) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i) Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o Centro.
- k) Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade desta.
- l) Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

### **Plan de actuación:**

O Consello reunirse, como mínimo, unha vez ao trimestre.

#### 1º Trimestre:

- Avaliación do Plan Anual do Centro.
- Avaliación de actividades extraescolares que estean fóra da Programación Xeral do Centro.
- Avaliación dos Plans que poidan xurdir.



- Eleccións á renovación do Consello, se procede.
- Revisión das NOFC e do Plan de Convivencia.
- Seguimento do curso: obxectivos xerais e rendementos.
- Crear a Comisión de Convivencia e a Comisión Económica. Reunión destas: unha vez polo menos ao trimestre.

#### 2º Trimestre:

- Seguimento do curso.
- Cuestións que poidan xurdir ao longo do trimestre.

#### 3º Trimestre:

- Seguimento do curso.
- Revisión das NOFC e do Plan de Convivencia, de ser o caso.
- Análise e valoración da memoria e funcionamento do Centro

## **Claustro de profesores.**

### **Composición:**

O Claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

O Claustro será presidido pola Directora e estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no Centro.

### **Competencias:**

O Claustro de profesores terá as seguintes competencias:

- a) Formular ao equipo directivo e ao Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos do Centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- c) Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación do alumnado.
- d) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e) Elixir aos seus representantes no Consello Escolar do centro e participar na selección do director nos términos establecidos pola presente Lei.

- f) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- g) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- h) Informar as normas de organización e funcionamento do centro.
- i) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- j) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- k) Calquera outras que lles sexan atribuídas pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

### **Plan de actuación:**

- Adscrición do profesorado.
- Organización do curso. Traballo de ciclos, niveis e titorías.
- Propostas e elaboración do PCC.
- Renovación dos membros ao Consello, de ser o caso.
- Revisión da PXA.
- Revisión dos Plans e Proxectos do Centro.
- Valoración dos resultados das avaliacións.
- Elaboración das memorias de fin de curso.

## **Comisión de Coordinación Pedagóxica**

### **Composición:**

Está formada pola Directora que será a Presidente, a Xefa de Estudos, a xefa do Departamento de Orientación, os/as coordinadores de ciclo, a coordinadora do EDL e os mestres responsables da atención ó alumnado con necesidades educativas especiais (AL e PT). Tamén formará parte a Coordinadora de Biblioteca xa que o Centro pertence ao Plan Mellora e a Coordinadora de Benestar e Convivencia. Desde este curso, pola *ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia*, forma parte tamén esta coordinadora.

### **Competencias:**

A CCP terá as seguintes competencias:

1. Establecer as directrices xerais para a revisión dos proxectos curriculares de etapa.
2. Elaborar a proposta do plan de acción titorial,

3. Velar polo cumprimento e avaliación dos proxectos curriculares e plan de acción tutorial.
4. Propor a planificación xeral das sesións de avaliación.

### **Plan de actuación:**

- Estudo das necesidades de apoio nos diferentes niveis.
- Asignación de profesorado (non especialista en PT/AL) para os apoios/desdobres.
- Asignación de datas para as diferentes avaliacións.
- Elaboración das directrices para elaborar: Programacións, Plan de acción tutorial, ACS e plans de reforzo e apoio.
- Estudo do alumnado que lle convén asistir a PROA.
- Valoración dos resultados das avaliacións.
- Valoración da Avalia e Avaliación final de Primaria.
- Elaboración da memoria de fin de curso.
- Revisión dos plans e proxectos do Centro.

## **9. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.**

### **Director**

#### **PLAN ANUAL DO CENTRO DO CURSO 2023/2024- DIRECTOR**

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
<u>CONSELLO ESCOLAR</u>	
- Plan de reunións durante o curso.	- Out, Dec, Feb, Abr, xuñ
- Planificación da elaboración do Plan Anual de Centro.	- Setembro – Outubro
- Adaptación de horarios e calendario escolar.	- Outubro
- Avaliación do PXA.	- Outubro
- Eleccións renovación Consello Escolar (se procede)	- Segundo normativa
- Revisión do NOFC e Plan de Convivencia.	- Abril
- Seguimento do curso: obxectivos xerais e rendemento.	- Trimestral
- Comisións de Convivencia.	- Trimestral e ao ser necesario
- Comisión Económica.	- Trimestral
- Continuidade do Plan de Mellora.	- Xuño
<u>CLAUSTRO DE PROFESORES</u>	
- Adscrición do profesorado.	- 1 ao 11 Setembro
- Organización do curso. Traballo dos ciclos e titorías.	- 1 ao 15 Setembro
- Planificación e elaboración da PXA.	- Setembro/outubro
- Renovación membros para o Consello Escolar.	- Segundo normativa
- Selección compoñentes "Comisión de Selección".	- Antes 15 febreiro
- Revisión da PXA e Plan de Mellora.	- Trimestral
- Elección membros Comisión de Selección.	- Antes 15 febreiro
- Valoración dos resultados das avaliacións.	- Trimestral
- Elaboración da Memoria Final de Curso.	- Xuño
<u>EQUIPOS DOCENTES</u>	
- Actualización da Web do Centro.	- Ao longo do curso
- Formación de Equipos Docentes e nomeamentos de coordinadores.	- 1 ao 11 Setembro
- Establecemento dun plan de coordinación.	- 1 ao 11 Setembro

- Petición de propostas aos equipos docentes para a planificación do curso.
  - Establecemento de plans de acción tutorial.
  - Plans de participación de alumnado e pais/nais.
  - Coordinación Pedagóxica.
- 11 setembro a 11 outubro
  - Setembro
  - Mensual
  - Setembro

#### EQUIPO DIRECTIVO

- Actualización da Web do Centro.
  - Planificación do curso (horarios, apoios, ...)
  - Plan Anual de Centro e Plan de Mellora.
  - Revisión do NOFC (Organización, recursos...).
  - Memoria Final.
- Ao longo do curso
  - Ao longo do curso
  - 1 ao 15 setembro
  - Setembro/Novembro
  - Xuño

#### ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Organización dos recursos humanos e materiais, horarios, aulas, reparacións, mobiliario, ...
  - Planificación do curso: elaboración de guións de traballo, documentos administrativos e pedagóxicos on-line.
  - Admisión de alumnado: altas e baixas.
  - Reunións da Comisión de Absentismo.
  - Xestións en Delegación sobre persoal, organización e recursos.
  - Xestións en Concello sobre recursos, mantemento e melloras.
  - Seguimento do Plan Lector.
  - Organización e seguimento Actividades Extraescolar
- 1ª quincena Setembro
  - Setembro
  - Marzo
  - Cando sexa necesario.
  - Cando sexa necesario.
  - Cando sexa necesario.
  - Trimestral
  - Trimestralmente

#### ASOCIACIÓN DE PAIS

- Promoción e asesoramento ao ANPA.
  - Asistencia a reunións xerais da ANPA.
  - Solicitud de propostas para a elaboración da PXA..
  - Reunións de información e coordinación.
- Setembro/trimestral
  - Ao longo do curso
  - Setembro/outubro
  - Setembro/trimestral

### **Xefa de estudos**

#### **PLAN ANUAL DE CENTRO DO CURSO 2023/2024 - XEFA DE ESTUDOS**

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
<u>EQUIPOS DOCENTES</u>	
- Elaboración e revisión do PAC e Plan de Mellora.	- Setembro/outubro
- Actuacións para participación de familias e alumnado: Actividades Complementarias e Extraescolares.	- Setembro a Xuño
- Participación na elaboración de Adaptacións Curriculares para alumnado con NEEA.	- Todo o curso
- Elaboración de Criterios de Avaliación/Promoción de Alumnado.	- Todo o curso
- Seguimento do Plan de Coordinación do Profesorado.	- Todo o curso
- Coordinación das reunións dos diferentes equipos.	- Todo o curso
- Elaboración do Programa de Reforzo Educativo. Seguimento.	- Trimestralmente
<u>ÁREAS TRANSVERSAIS</u>	
- Inclusión de actividades sobre Educación en Valores en todos os ámbitos escolares.	- Todo o curso
- Planificación de actuacións con alumnado e familias.	- Todo o curso
- Contribuír á actualización da Web do Centro.	- Ao longo do curso
<u>ORGANIZACIÓN</u>	
- Plan de Actuación do Equipo Directivo.	- Setembro
- Plan de colaboración con outros organismos (FANPA, ANPA, ...)	- Mensual
- Coordinación do Equipo Directivo para a confección de horarios e vixilancia do recreo.	- Todo o curso
- Distribución de Apoios. Plan de Reforzo Educativo.	- Durante o curso
- Modificación e revisión de Apoios.	- Durante o curso
- Coordinar a elaboración e fixar o calendario de probas iniciais e finais.	- Setembro – xuño
- Difundir toda a información remitida ao Centro.	- Todo o curso
- Participar na elaboración do Plan Anual de Centro e Plan de Mellora, Memoria Final de Curso...	- Ao longo do curso
<u>AVALIACIÓN</u>	
- Análise de avaliacións continuas. Informes.	- Trimestral
- Análise dos resultados probas diagnósticas 3º. Informes.	- Outubro-Novembro
- Análise dos resultados proba avaliación final 6º. Informes.	- Outubro-Novembro
- Avaliacións iniciais e finais. Informes.	- Setembro-Xuño

## CONSELLO ESCOLAR

- Pertenza á Comisión de Convivencia.
- Informe dos resultados das Avaliacións. Datos finais.
- Elaborar propostas e iniciativas próximo curso.

- Durante o curso
- Trimestral
- Trimestral/Xuño

## Secretaría

### PLAN ANUAL DE CENTRO DO CURSO 2023/2024– SECRETARIA

#### ACTIVIDADES

- Admisión solicitudes alumnado.
- Matriculación alumnado de infantil e primaria (novos).
- Elaboración listado alumnado.
- Tramitación Becas á Delegación.
- Solicitud Expedientes alumnado novo.
- Envío Expedientes a centros destino.
- Organización Expedientes alumnado.
- Recepción e envío correspondencia. Rexistro documentos.
- Control e posta ao día expedientes de alumnado.
- Levantar actas das reunións do Claustro do Profesorado.
- Levantar actas das reunións do Consello Escolar.
- Expedición de certificados.
- Control e envío das faltas persoal non docente a Inspección

#### XESTIÓN ECONÓMICA

- Pago facturas.
- Gravación das facturas.
- Peche das contas do curso anterior.
- Rexistro dos gastos anuais.
- Confección do orzamento ingresos-gastos.
- Rexistro movementos Caixa e Banco.
- Recepción e custodia de facturas.
- Peche de contas final do exercicio.
- Xustificación contas curso anterior.

#### EQUIPAMENTO E MANTEMENTO

- Solicitar inventarios de aulas dos diferentes titores e ciclos.
- Manter actualizado o material inventariable reflectindo as altas e baixas que se produzan.
- Velar pola utilización e mantemento do material audiovisual e docente.
- Recibir as solicitudes de adquisición de novo material inventariable

#### **Horas do Equipo Directivo:**

##### DIRECCIÓN (7 h.):

Luns: de 9:00 a 9:50 e de 12:00 a 13:10 horas.

Martes: de 9:00 a 9:50 e de 12:00 a 13:10 horas.

Mércores: de 9:00 a 09:50 horas e de 12:00 a 13:10 horas.

Xoves: de 9:00 a 9:50 horas.

##### XEFATURA DE ESTUDOS (7 h.):

Luns: de 9:00 a 9:50 e de 13:10 a 14:00 horas.

Martes: de 9:00 a 9:50 e de 12:00 a 13:10 horas.

Mércores: de 12:00 a 13:10 horas.

Xoves: de 9:50 a 10:40 e de 12:00 a 13:10 horas.

Venres: de 12:00 a 13:10 horas.

##### SECRETARÍA (7 h.):

Luns: de 9:50 a 10:40 e de 12:00 a 13:10 horas.

Martes: de 13:10 a 14:00 horas.

Mércores: de 10:40 a 11:30 horas.

Xoves. De 9:00 a 9:50 horas.

Venres: de 9:00 a 9:50 e de 12:00 a 13:10 horas.

#### TEMPORALIZACIÓN

- Marzo e setembro.
- Cando se dea o caso
- 1ª quincena setembro.
- Ata a 5 outubro.
- Ata o 30 outubro.
- Setembro e outubro.
- Ata 30 outubro.
- Todo o curso.
- Setembro e outubro
- En cada reunión
- En cada reunión
- Ao ser solicitados
- Mensualmente

- Ao longo do curso.
- Ao longo do curso
- 2ª quincena setembro.
- Ao longo do curso.
- En cada xestión.
- En cada xestión.
- Durante todo o curso.
- Decembro
- Xaneiro

- Setembro
- Todo o curso
- Todo o curso
- Todo o curso

## 10. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.

A xornada escolar desenvólvese en sesión única de mañá de 5 horas lectivas, comezando ás 9 horas e rematando ás 14:00 horas. Axústase ao seguinte horario:

CLASES	HORAS	DURACIÓN
Atención ao alumnado transportado	8:30 a 9:00	30 minutos
Primeira	9:00 a 9:50	50 minutos
Segunda	9:50 a 10:40	50 minutos
Terceira	10:40 a 11:30	50 minutos
RECREO	11:30 a 12:00	30 minutos
Hora de lectura	12:00 a 12:20	20 minutos
Cuarta	12:20 a 13:10	50 minutos
Quinta	13:10 a 14:00	50 minutos
Atención ao alumnado transportado	14:00 a 14:30	30 minutos

As quendas de profesores encargados da vixilancia dos recreos e da atención ao alumnado transportado distribúense de acordo co número de alumnos e o número de profesores.

## 11. QUENDAS DE RECREO.

Faranse cinco quendas de luns a venres. Cada mestre/a terá uns días fixos de atención semanal.

Cando falte algún profesor será substituído segundo a quenda de substitucións de gardas de recreo que estará exposta no taboleiro, realizarase por orde alfabética.

## 12. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

Este curso solicitáronse Contratos Programa (CP Innova e CP Inclúe), abarcando o total de modalidades ofertadas (10 en total). Igualmente, fíxose a solicitude de dous Plan Proxecta (Meteoescolas e Proxectos de Vida Activa e Deportiva ).

Cada profesor individualmente acóllese a diferentes cursos da Escola de Idiomas, do CFR e doutras Institucións e Organismos. Este ano participamos no PLAMBE.

Están solicitado, no CFR, dous PFPP:

- Espazos de xogo no CEIP A Xunqueira
- Achegamento programa de innovación Polos creativos

## 13. LISTADO DE LIBROS DE TEXTO

### Anexo

<b>Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024</b>				
<b>Código de centro:</b> 36006122		<b>Denominación do centro:</b> CEIP "A Xunqueira-1"		
<b>Enderezo:</b> r/. Celso Emilio Ferreiro, 2 Pontevedra		<b>Concello:</b> Pontevedra	<b>Provincia:</b>	
<b>Correo electrónico:</b> <a href="mailto:ceip.xunqueira1@edu.xunta.gal">ceip.xunqueira1@edu.xunta.gal</a>		<b>Tif.:</b> 886159029	<b>Fax:</b> 886159032	
<b>Curso e etapa</b>	<b>Área Materia Ámbito Módulo</b>	<b>Título, autor, editorial e ano de publicación</b>	<b>ISBN</b>	<b>Lingua de edición</b>
4º Infantil		<b>SEN LIBRO</b>		
5º Infantil		<b>SEN LIBRO</b>		
6º Infantil		<b>SEN LIBRO</b>		
1º Primaria	MATEMÁTICAS	"Operación Mundo" / Ana Carvajal e Lucía de la Rosa / Anaya / 2022	978-84-698-9351-7	CASTELÁN
1º Trimestre	LINGUA CASTELÁ	"Operación Mundo" / AA.VV / Anaya / 2022	978-84-143-1726-6	CASTELÁN
1º Primaria	INGLÉS	Kids Can! 1. Pupil's Book / Donna Shaw e Mark Ormerod / MacMillan / 2021	978-1-0351-0351-5	INGLÉS
1º Primaria	MÚSICA	Sol Musical 1 / Grupo Editorial / GaliNova / 2023	978-84-9737-270-1	CASTELÁN
2º Primaria	GLOBALIZADO	"Vamos con todo". Operación mundo / AA.VV / Anaya / 2022	978-84-698-9854-3 978-84-698-9857-4 978-84-698-9860-4	CASTELÁN E GALEGO
2º Primaria	INGLÉS	Kids Can! 2. Pupil's Book / Donna Shaw e Mark Ormerod / MacMillan / 2022	978-1-380-05179-0	INGLÉS
2º Primaria	MÚSICA	Sol Musical 2 / Grupo Editorial / GaliNova / 2023	978-84-9737-8	CASTELÁN
3º Primaria	MATEMÁTICAS	"Construyendo mundos" Mochila ligera / Equipo Editorial / Santillana / 2022	978-84-680-7136-7	CASTELÁN
3º Primaria	LINGUA CASTELÁ	"Construyendo mundos" Mochila ligera / Equipo Editorial / Santillana / 2022	978-84-680-7201-2	CASTELÁN
3º Primaria	LINGUA GALEGA	"Construíndo mundos" Mochila Ligera / Equipo Editorial / Obradoiro Santillana / 2022	978-84-9185-409-8	GALEGO
3º Primaria	CIENCIAS SOCIAIS	"Construíndo mundos" /Equipo Editorial / Obradoiro Santillana / 2022	978-84-9185-416-6	GALEGO
3º Primaria	CIENCIAS DA NATUREZA	"Construíndo mundos" /Equipo Editorial / Obradoiro Santillana / 2022	978-84-9185-410-4	GALEGO



3º Primaria	INGLÉS	Kids Can! 3. Pupil's Book /Donna Shaw e Mark Ormerod / MacMillan / 2021	978-1-380-07286-3	INGLÉS
3º Primaria	INGLÉS (Caderno)	Kids Can! 3. Activity Book / Donna Shaw e Mark Ormerod / MacMillan / 2021	978-1-380-05287-2	INGLÉS
3º Primaria	RELIXIÓN	Relixión 3º / Varios / Edebé / 2022	978-84-6835-872-7	CASTELÁN
4º Primaria	MATEMÁTICAS	“Construyendo Mundos” / Equipo Editorial / Santillana / 2023	978-84-1440-769-1	CASTELÁN
4º Primaria	LINGUA CASTELÁ	“Construyendo Mundos” / Equipo Editorial Santillana / 2023	978-84-1440-738-7	CASTELÁN
4º Primaria	LINGUA GALEGA	“Construíndo Mundos” Equipo Editorial / Obradoiro Santillana /2023	978-84-9185-705-1	GALEGO
4º Primaria	CIENCIAS SOCIAIS	“Construíndo Mundos” / Equipo Editorial / Santillana / 2023	978-84-9185-698-6	GALEGO
4º Primaria	CIENCIAS NATURAIS	“Construíndo Mundos” / Equipo Editorial / Santillana / 2023	978-84-9185-692-4	GALEGO
4º Primaria	INGLÉS	Kids Can! 4. Pupil's Book / Donna Shaw e Mark Ormerod / MacMillan / 2022	978-1-380-07287-0	INGLÉS
4º Primaria	INGLÉS (Caderno)	Kids Can! 4. Activity Book / Donna Shaw e Mark Ormerod / MacMillan / 2022	978-1-380-05314-5	INGLÉS
4º Primaria	RELIXIÓN	“De outra maneira”. Enlazados / Varios / Edebé / 2022	978-84-6836-459-9	CASTELÁN
5º Primaria	<b>EDIXGAL – LIBRO DIXITAL</b>			
6º Primaria				

## 14. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

**Celebraranse as seguintes conmemoracións:**

	<b>Actividade</b>	<b>Data prevista</b>	<b>Curso</b>	<b>Profesorado responsable</b>
	Día Universal da Infancia	20 de novembro	Todos	Titores e especialistas
	Día Internacional contra a Violencia de Xénero.	25 de novembro	Todos	Titores e especialistas
	Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.	Do 28 de novembro ao 5 de decembro	Todos	Titores e especialistas
Día	Internacional das Persoas con Discapacidade.	3 de decembro	Todos	Titores e especialistas
	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	10 de decembro	Todos	Titores e especialistas
	Día Internacional da Educación.	24 de xaneiro	Todos	Titores e especialistas
	Día da Non Violencia e da Paz.	30 de xaneiro	Todos	Titores e especialistas
	Día de Rosalía de Castro	23 de febreiro	Todos	Titores e especialistas

Día Internacional da Muller.	8 de marzo	Todos	Titores e especialistas
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.	15 de marzo	Todos	Titores e especialistas
Semana da Prensa.	Do 4 ao 8 de marzo	Todos	Titores e especialistas
Día das Artes Galegas	1 de abril	Todos	Titores e especialistas
Día Mundial da Saúde.	7 de abril.	Todos	Titores e especialistas
Semana do Libro.	Do 22 ao 26 de abril	Todos	Titores e especialistas
Día Internacional contra o Acoso Escolar.	2 de maio	Todos	Titores e especialistas
Día de Europa.	9 de maio	Todos	Titores e especialistas
Día das Letras Galegas	Do 13 ao 17 de maio	Todos	Titores e especialistas
Día mundial do Medio Ambiente.	5 de xuño	Todos	Titores e especialistas

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

### Saídas e charlas a realizar.

<b>Actividade</b>	<b>Data prevista</b>	<b>Curso</b>	<b>Profesorado responsable</b>
Carreira campo a través Xogade	1º trimestre	De 2º a 6º	Profesorado Educación física
Visita Acuario, Domus, Casa das Ciencias	30 de Xaneiro	6º	Titores.
Atletismo en pista	Marzo	5º	Educación Física
Educación Viaria	Unha sesión ao trimestre	5º	Titor (colabora a Policía Local)
Charla plan Director (acoso escolar)	2º trimestre	5º e 6º	Titores
Charla navega con Rumbo (uso das TIC)	Sen determinar	5º e 6º	Titores e equipo TIC
Visita ao Salón do Libro	2º trimestre	Todos	Titores ,especialistas , biblioteca
Futsal	3º trimestre	4º	Educación Física
Saídas para observación da contorna (illa esculturas...)	Todo o curso	Todos	Titores e especialistas
Sesións contacontos,encantos con escritores...	Todo o ano	Todos	Titores e equipo biblioteca
Saídas ao teatro A Banca/ Pazo Cultura	Todo o curso	Todos	Titores.
Actividades ofertadas: Concello/Deputación/ Biblioteca pública ...	Todo o curso	Todos	Titores e especialistas
Saídas fin de curso	Terceiro trimestre	Todos	Titores e especialistas
Excursión Fin Primaria	Maio/xuño	6º	ACTIVIDADE ORGANIZADA POLAS FAMILIAS

## **Celebracións.**

<b>Celebración</b>	<b>Data prevista</b>	<b>Curso</b>	<b>Profesorado responsable</b>
Samaín/Halloween	31 outubro	Todos	Titores e especialistas inglés
Magosto	10 de novembro	Todos	Educación Física
Nadal	21 decembro	Todos	Titores e especialistas
Entroido	9 de febreiro	Todos	Titores e especialistas
Letras Galegas	Semana das Letras Galegas	Todos	Titores e especialistas
Festival	Pendente de confirmación	Todos	Titores e especialistas
Festa fin de curso	21 de xuño	Todos	Titores e especialistas

## **15. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.**

Foi aprobado no curso 2017/2018 e enviado a Inspección educativa o 3 de xullo de 2018.

Durante este curso faremos un simulacro, no primeiro trimestre, para que o alumnado e profesorado novo teñan coñecemento do funcionamento do plan.

Indicarase cales son as aulas de confinamento e o profesorado de revisión.

## **16. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.**

Estarán a cargo da Secretaria do Centro coa supervisión da Dirección.

### **Persoal de administración e servizos.**

As funcións serán as reflectidas na Lei da Función Pública, entre elas:

- Atención ao público.
- Atención á Secretaría do Centro e á Dirección.
- Atención ao profesorado en momentos puntuais.

O seu horario é:

- De luns a xoves de 8:00 h a 14:30 h e de 16:30 h a 18:30 h
- Venres de 8:00h a 14:00 h

### **Conserxe.**

As súas funcións serán as reflectidas no seu contrato. Terá, principalmente, os seguintes cometidos:

- Vixianza, apertura e peche nas entradas e saídas do Centro.
- Nos recreos, abrirá e pechará as portas dos patios interiores e dos baños correspondentes.
- Vixiará e alertará sobre a seguridade e limpeza do edificio.
- Fará as fotocopias que lle encargue o profesorado e coidará do material para o seu bo uso.
- Vixiará que non entre ningún pai/nai nas aulas.
- Recollerá e entregará ao alumnado que entre ou saía fóra das horas establecidas.
- Calquera cometido, sempre que estea dentro do seu labor.

O seu horario é:

- De luns a xoves de 8:30 h a 14:30 h e de 16:30 h a 18:30h
- Venres de 8:30 a 14:00 h

### **Coidadoras.**

As súas funcións serán as reflectidas como persoal non docente do Centro. A Secretaria e a Xefa de Estudos velarán que dende o Departamento de Orientación se lle dea o plan de traballo relativo as súas funcións.

As súas funcións son:

- Colaborar co profesorado na aula no deseño e execución de programas de autonomía persoal, hábitos básicos, alimentación, vestido e control de esfínteres.
- Manter relacións recíprocas coa familia e o Centro.
- Informar e colaborar cos profesores sobre a evolución do alumnado e participar en sesións de interese.
- Participar nas sesións onde se aborden temas relacionados co alumnado con NEE que atende, informando do seguimento e aplicación da labor desenvolvida.
- En función do carácter educativo co comedor escolar desenvolver técnicas para a adquisición de hábitos e destrezas alimentarias. Colaborar nos traslados do alumnado que o precisen nos cambios de actividade, entradas e saídas.
- Colaborar no desenvolvemento de programas de autonomía social, vinculados a hábitos de conduta e comunicativos do alumnado con NEE en periodos de lecer, comedor...
- Colaborar nas saídas, excursións, festas programadas na PXA que afecten a alumnado con NEE.

O seu horario é de 8:00 a 16:30 horas

## **Intérprete lingua de signos**

As súas funcións serán as reflectidas como persoal non docente do Centro. A Secretaria e a Xefa de Estudos velarán que dende o Departamento de Orientación se lle dea o plan de traballo relativo as súas funcións.

A súa función é transmitir a información auditiva que se estableza dentro da aula e servir de ponte comunicativa entre o profesorado e alumnado xordo, ou entre este último e os seus compañeiros oíntes.

Non pode asumir o papel do profesorado.

Elaborará materiais que faciliten as ensinanzas e o aprendizaxe da lingua de signos.

O seu horario é de 8:30 a 14:00 horas.

## **17. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.**

Tódolos días de 9:15 a 11:15 horas e de 12:45 a 13:30 horas. Na hora de entrada atenderase prioritariamente primeiro ao alumnado e profesorado.

O horario de atención ás familias pola tarde será o martes de 16:30 a 17:30 horas.

## **18. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.**

Elabórase este plan para fomentar a relación entre as familias e as institucións. Dende o Equipo Directivo e o Claustro fomentarase a relación entre o Concello, FANPA e outros Centros coas familias.

### **PLANIFICACIÓN DAS REUNIÓNS:**

- a) **Co Concello:** o Equipo Directivo reunirse a lo menos dúas veces, unha ao principio do curso e outra ao final, para planificar as melloras no Centro, así como as actividades culturais nas que pode participar o Centro. Reunións de coordinadores de normalización, de biblioteca, ... cos integrantes do Concello e demais Centros na planificación de actividades que organizan (Salón do Libro, saídas culturais, teatro, música, deportes, ...). Outras reunións esporádicas que poidan xurdir.
- b) **Coa FANPA:** dúas reunións ao menos, ao principio e ao final do curso, para avaliar o Plan Madruga e o Servizo de Comedor.
- c) **Coa ANPA do Centro:** reunións de traballo entre o Equipo Directivo, varias ao trimestre, para avaliar o comezo do curso, o final, actividades extraescolares, planificación de actividades complementarias conxuntas e o que poida xurdir.

- d) **Con outros Centros:** reunións trimestrais para proxectos comúns (Día da Paz, probas deportivas, ...), problemas cotiás dos centros, etc...
- e) **Coas familias:** reunión trimestral recomendada, na que se comunicará os aspectos organizativos e curriculares do centro. Reunión semanal coas familias que o soliciten ou que sexan chamados polo profesorado, nas que poderá intervir o Departamento de Orientación. Plans específicos para o alumnado, nos que se lle comunicará este plan ás familias e á Inspección Educativa.
- f) **Outras Institucións:** colaborarase segundo o profesorado o estime oportuno nas actividades propostas por estas, tanto privadas como públicas (equipos deportivos, ABANCA, MEC, etc...).

## **19. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR.**

O profesorado fai as correspondentes gardas (de 8:30 a 9:00) e de (14:00 a 14:30), poden verse nos horarios do profesorado.

### **Rutas do Transporte Escolar**

#### **RUTA1:**

Empalme de Lérez / Médico Ballina / Ferreira / A Cendona / Alba / Pidre / Cerponzóns-Leboreiro / Hermida / Reiriz / Rons

Transporta. 54 alumnos

#### **RUTA 2:**

Cuartel da Garda Civil / A Barca / Echegaray – Paseo de Colón / Alameda / Manuel del Palacio/ M<sup>a</sup> Victoria Moreno.

Transporta 20 alumnos

#### **RUTA 3:**

Cruz Vermella / Fernando Olmedo / Casimiro Gómez / Loureiro Crespo / Avda. De Lugo / Juan Carlos I (1<sup>a</sup> rotonda) / Juan Carlos I (Librería) / Pintor Laxeiro (Autoservicio Villaverde) / Pintor Laxeiro (esquina rúa A Estrada)

Transporta 47 alumnos

Levamos varios anos recibindo máis peticións para usar o Transporte dos que podemos transportar e vémonos prexudicados, xa que recollemos alumnos das mesmas zonas que o CEIP Xunqueira-2, tendo eles máis autobuses ca nós e realizando as paradas máis preto do Centro.

## **20. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO PLAN MADRUGA E COMEDOR ESCOLAR.**

O Plan Madruga e o servizo de comedor escolar son levados a cabo pola FANPA de Pontevedra (empresa Arume).

Cumprirán as normas de organización e funcionamento do Centro.

Hai unha quenda de comedor con 46 alumnos fixos e un número variable de esporádicos.

Ao Plan Madruga asisten 7 alumnos con almorzo e 8 sen almorzo.

Esta iniciativa partiu do Concello para favorecer a conciliación familiar. Entre os seus obxectivos está o de favorecer os hábitos saudables.

Respectarán as normas do Centro:

- Está prohibida a entrada ao Centro de todos os pais, a non ser que vaian acompañados por un responsable do Centro ou do comedor.
- O alumnado será recollido na porta de entrada e saída que o comedor teña asignada, nos tempos establecidos, con todo xa recollido polo alumno, do mesmo xeito que se fai polo profesorado.
- Durante a estancia do alumnado no comedor, as súas pertenzas colocaranse nos colgadoiros e as mochilas sobre as cadeiras.
- Non utilizarán o escenario e outras estancias do colexio, agás en ensaios e sempre baixo a vixilancia do persoal encargado.
- No caso de que xurda algunha problemática co alumnado aplicaranse as NOFC.
- O alumnado de 5º e 6º, usuario do servizo de comedor/madruga, deixará as mochilas cos ordenadores Edixgal no lugar asignado.

### **NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR**

- O número de prazas dependerá da capacidade de cada comedor.
- O persoal do Servizo non administrará medicinas nin outro tipo de produtos ao alumnado. Cando o/a usuario/a precise dalgún tipo de atención médica especial ou deba recibir tratamento durante a súa estancia no Servizo, os titores legais deberán facelo constar na súa ficha de inscrición. En calquera caso, a medicación ou tratamento deberá ser administrado polos titores legais ou persoas autorizadas por estes baixo a súa exclusiva responsabilidade.
- Cada usuario/a traerá unha bolsa de aseo con cremalleira na que se depositarán os útiles para o cepillado e hixiene dos dentes, que levará e traerá todos os días.

- Todos o alumnado debe respectar as Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor /Madruga: aseo, entradas e saídas, conduta e hábitos de comida.
- Os monitores/as informarán os/as profesores de Ed Infantil de que alumnos asisten ao comedor como esporádicos.

## NORMAS DE CONVIVENCIA DO COMEDOR/MADRUGA

### a) Hixiene:

- Os usuarios/as a partir dos 3 anos deberán saber comer por si mesmos, facer uso dos servizos e lavar as mans.
- Os usuarios/as terán que controlar esfínteres, de non ser así, chamarase aos pais/nais/titor/titores.
- Todo o alumnado pasará polos servizos para lavar as mans antes de acudir ó comedor.
- Porase especial atención na correcta utilización dos cubertos, así como o uso do pano de mesa.
- Non se poden tirar alimentos ou restos de comida ao chan, nin a outros compañeiros/as.
- Despois de comer/almorzar, e antes de ir ós lugares asinados para o lecer, todo o alumnado terá que pasar polo servizo para realizar a hixiene - bucodental.

### b) Organización e comportamento:

- Deberán respectar todo o material e utensilios.
- Deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin balancearse nas cadeiras nin moverse de sitio. Non poderán levantarse. Para chamar as/os monitoras/es, deberán facelo levantando a man.
- É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán, nin os/as monitores/as nin as/os usuarias/os, aos demais gritando, senón falando nun ton adecuado.

### c) Tempo Libre:

- Cada grupo permanecerá no lugar asinado baixo a supervisión do/a monitor/a e realizando a actividade programada. Ningún neno/a poderá separarse do grupo sen permiso.
- Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por aquelas actividades que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas.



## MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO COMEDOR

- As empresas de Comedor/Madruga teñen que deixar as instalacións en perfecto estado de limpeza para o seguinte servizo, ó igual que todas as actividades que se realicen no comedor
- No caso de realizarse actividades nas instalacións do comedor que afecten ó bo desenvolvemento posterior dos servizos de Comedor e Madruga, terán que informar as diferentes empresas, previo aviso a ANPA correspondente e a FANPA.
- Non se pode utilizar o mobiliario, enxoval ou alimentos sen previo permiso e autorización das empresas, previo aviso a ANPA correspondente e a FANPA.

## OBRIGACIÓNS DOS PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS DOS ALUMNOS

Os pais/nais/titor/es de alumnos/as que se acollan ó Servizo de Comedor/Programa Madruga:

- Comprométense a abonar nos prazos establecidos polas empresas que prestan o servizo de comedor/Madruga as cotas estipuladas. O incumprimento da obrigaón de pago determinará, previa comunicación das empresa concesionarias dos servizos, a perda do dereito ó uso do comedor/Madruga. Os bolseiros quedan exentos desta obriga.
- Os pais/nais deberán avisar a empresa de comedor se os seus fillos/as non van a acudir ó comedor. No caso dos bolseiros este aviso farase á FANPA.
- Deberán cumprir os horarios tanto de entrada como de saída establecidos tanto polo Servizo de Comedor como polo P. Madruga
- Deberán recoller os/as alumnos/as á saída do comedor na quenda que lles corresponda.
- O incumprimento da obrigaón anterior determinará, adoptar as medidas que legalmente resulten procedentes ou estudar a expulsión do neno/a do comedor.
- Non poderán recoller ao alumnado fóra do horario establecido, salvo, de maneira excepcional, previa comunicación por escrito as/os monitoras/es.
- Respetarán os/as monitores/as e o persoal do servizo de comedor/Madruga
- Respetarán e aceptarán o presente regulamento.

## **21. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.**

### **Situación das Instalacións do Centro.**

As instalacións do Centro están situadas da seguinte maneira:

- Educación Infantil 3 anos (A-B), nun edificio anexo ao principal situado no patio de recreo.
- Educación Infantil 4 e 5 anos, Educación Primaria, Pedagogía Terapéutica, Audicións e Linguaxe e Departamento de Orientación no edificio principal, distribuídas en: planta baixa, 1º andar, 2º andar e 3º andar. O Ximnasio e o Salón de Actos atópanse na planta baixa.
- Os patios de recreo rodean aos dous edificios, delimitados estes cunha reixa a carón das rúas Alexandre Bóveda e Celso Emilio Ferreiro, unha aramada na parte lindeira co Instituto Xunqueira 1, e un muro que os separa da Escola Oficial de Idiomas e do CFR.
- Cada aula componse de mesas e cadeiras segundo o número de alumnos, cos mobles que se precisan.
- Ademais das aulas, o Centro conta con: Biblioteca, Aula de Informática, Salón de Actos, Ximnasio, Aula de Plástica, aula de Música, tres aulas de Inglés, aula para Relixión, aula para o Departamento de Orientación, aula de PT, aula de AL, aula para reunións de mestres, aula para o material, aula para o material escolar do Centro, dúas dependencias para gardar o material de limpeza, unha dependencia para Secretaría e arquivos, Sala de Dirección e Xefatura.

### **Plan de utilización das instalacións.**

O uso das instalacións do Centro rexerese polos compoñentes da comunidade educativa, polas NOFC e Plan de Convivencia do Centro e a lexislación vixente.

### **Normas de uso das instalacións polo profesorado e alumnado.**

O titor/profesor será o responsable do bo uso das instalacións e recursos da súa aula ou onde imparte a docencia. Seguirán as normas dispoñibles e o horario que ao principio de curso determinará a Xefa de Estudos nas aulas especiais (TIC, Biblioteca, Ximnasio...).

Comunicaranse por escrito os estragos xurdidos na aula, tanto de material como de recursos, e o autor destes, se así fose, ao equipo directivo. Así mesmo, aplicaranse as NOFC e o Plan de Convivencia nos estragos ocasionados.

## **Normas de uso das instalacións polo ANPA, FANPA, CONCELLO.**

Seguirán as mesmas normas anteriores e serán os responsables dos danos.

O Consello Escolar avaliará e o Director poderá anular calquera actividade se esta non se fai responsable dos danos ou da mala actuación das NOFC do Centro.

Durante este curso utilizarán as instalacións do Centro:

- A ANPA utilizará varias aulas co alumnado polas tardes de 16:30 a 17:30 h (concretamente, os días luns, mércores e xoves de cada semana).
- O equipo de Baloncesto "ARXIL C.B. " utilizará o pavillón dous días á semana para os seus adestramentos.

## **Normas de uso das instalacións, recursos e servizos educativos do centro doutras entidades.**

O Consello Escolar do Centro aprobou o seguinte protocolo:

1. - A Dirección do Centro deu informe favorable para a cesión das nosas instalacións e equipamentos en horario extraescolar ou en período non lectivo a aquelas institucións de carácter local, educativo ou cultural. Estas actividades deben estar dirixidas, preferentemente, aos veciños do noso Concello. En ningún caso poden usarse as instalacións con carácter lucrativo.
2. - A entidade solicitante debe pedir o seu uso coa suficiente antelación, a lo menos un mes, para que a dirección do centro poida estudar a proposta e realizar as xestións oportunas. Será a Consellería de Cultura e Educación quen, finalmente, autorice o uso do centro en horario ou período non lectivo.
3. - Unha vez que a actividade sexa autorizada, a dirección do centro porá a disposición da entidade solicitante aqueles espazos e materiais que se consideren necesarios para a súa realización.
4. - A entidade solicitante ten a obriga de coidar as instalacións e facer un uso respectuoso dos recursos dispoñibles, facendo entrega de todo elo no mesmo estado no que foi entregado e notificando calquera falta ou deterioro. Nese caso, responsabilizarase da súa reposición ou arranxo, asumindo a totalidade do custo.
5. - As actividades que se realicen non deben afectar ao normal funcionamento do colexio en horario ou período lectivo, nin poñer en perigo a integridade dos membros da nosa comunidade educativa.
6. -A entidade solicitante debe xestionar calquera incidencia que se produza no desenvolvemento da súa actividade; en ningún caso poderá involucrar ao persoal

docente ou de servizos do Centro. Será a propia entidade a que dispoña dos recursos humanos precisos.

7. - O Concello, a través do Consello Escolar e da Dirección do Centro, coñecerá as actividades que se realicen no noso centro, para que poida solucionar calquera problema que sexa do seu ámbito de responsabilidade.
8. - Se non se cumpren estas normas, non se renovará calquera solicitude futura.
9. - A Dirección do Centro solicitará ao Consello Escolar a autorización específica daquela actividade que, non cumprindo os requisitos antes descritos, se considere pertinente.
- 10.- O Consello Escolar revisará este protocolo ao principio de cada curso ou en calquera momento no que as circunstancias o aconsellen.

## **22. PLAN DE ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA.**

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos do Colexio ten organizadas polas tardes, en horario de dezaseis trinta a dezasete trinta horas, as seguintes actividades: **HORARIO DE ACTIVIDADES CURSO 2023-2024.**

<b>ACTIVIDADE</b>	<b>NIVEL</b>	<b>DÍA</b>	<b>HORA</b>	<b>ESPAZO</b>
Baile moderno	Primaria	Luns	16:30 a 17:30	Ximnasio
Pequebaile	Infantil	Mércores	16:30 a 17:30	Ximnasio
Debuxo e pintura	2º a 6º Primaria	Xoves	16:30 a 17:30	Aula Extraescolares
Iniciación aos deportes de equipo	Infantil e 1º Primaria	Xoves	16:30 a 17:30	Ximnasio

Ademais destas actividades que se desenvolverán ao longo da semana, a Asociación de Nais e Pais de Alumnos ten previsto realizar diversas visitas culturais cos alumnos do Centro, visitas que serán programadas no momento oportuno e de acordo co profesorado do Centro, as mesmas serán aprobadas polo Consello Escolar, e para a súa realización se pedirá o oportuno permiso á Xefatura Territorial.

## **23. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES.**

Entendemos como tarefas extraescolares os traballos extra que o profesorado asigna ao alumnado para realizar fóra do horario lectivo, nun prazo determinado e cuns obxectivos académicos e formativos predeterminados.

Poderán propoñerse traballos escolares para reforzar e afianzar aprendizaxes xa traballados na aula, tarefas de lectura e preparación previa dos temas, de investigación e procura de información, de repaso, estudo e preparación de controis... Ademais das tarefas que facemos na aula e algún alumno non dá rematado.

Estas actividades serven para que o alumnado mellore o rendemento escolar, aprenda a aprender e poña en práctica técnicas de estudo e traballo persoal, desenvolvendo a iniciativa, fortalecendo a autoestima e potenciando a autonomía e responsabilidade.

A disposición adicional cuarta do Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia indica que os centros, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán na PXA as pautas e criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

Criterios xerais:

- Existirá coordinación entre o profesorado que imparte docencia no mesmo grupo de tal xeito que a carga de traballo sexa equitativa e non excesiva.
- Os titores fixarán criterios con respecto as áreas que imparten de xeito que non acumulen tarefas extraescolares de distintas materias nun mesmo día (enténdese que o que non remataron na clase deben rematalo).
- Evitarase, no posible, que coincidan na mesma data dúas probas.
- Todas estas actividades serán tidas en conta a efectos de avaliación.

De xeito singular atenderase con estas proposta a aqueles alumnos que por ausencia prolongada ou outras razóns, non poidan seguir o ritmo normal de traballo.

## **24. PROGRAMAS OU PLANS ANUAIS DE LECTURA.**

### **PROXECTO LECTOR.**

#### **1.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN**

O proxecto lector que se desenvolve nestas páxinas é un documento marco no que se establecen as liñas de actuación para a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado, a partir do papel que xoga a lectura na sociedade contemporánea e da análise da situación actual do noso centro.

Este proxecto céntrase na lectura como unha das competencias básicas que contribúen ao desenvolvemento persoal e social do individuo. Non se debe esquecer, con todo, a estreita relación que, neste sentido, existe entre ler e outros procesos intelectuais complexos e complementarios como escribir, falar e escoitar, que posibilitan o desenvolvemento das competencias necesarias para a adquisición de aprendizaxes. Desde esta perspectiva, que relaciona a lectura con outros procesos, debe interpretarse o Proxecto Lector proposto neste documento.

Así mesmo, este Proxecto Lector sitúase nun marco conceptual determinado, que entende a lectura como un acto de comunicación máis aló da pura decodificación do que está escrito, e estrutúrase ao redor dunha serie de obxectivos xerais e eixos de actuación (currículo, enfoques didácticos e organización escolar, reforzo e apoio educativo, bibliotecas, contexto familiar e cultural e tecnoloxías da información e a comunicación ) que, relacionadas entre si, constitúen un panorama xeral de actuación para a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado.

#### **2.- ANÁLISE DO CONTEXTO**

Nome do centro: CEIP “A Xunqueira 1”

Dirección: R/ Celso Emilio Ferreiro 2

Código Postal: 36005

Teléfono: 886 159026/29

Fax: 886 159032

Correo electrónico: [ceip.xunqueira1@edu.xunta.es](mailto:ceip.xunqueira1@edu.xunta.es)

Web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipaxunqueira1>

O CEIP “A Xunqueira 1” está situado na zona da cidade denominada A Xunqueira. As características da súa contorna que puideran exercer unha maior influencia no desenvolvemento da educación e do ensino, e que se deben ter en conta son as seguintes:

- Alumnado que proceden da propia cidade.
- Contorna sociocultural e económico: medio
- Profesións das familias: comerciantes, industriais, empregados de comercio, autopatróns, funcionarios, obreiros
- Nivel formativo-instrutivo: medio
- Nivel de disciplina: boa
- Asistencia: alta e con regularidade.

### **3.- FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS**

O Proxecto Lector que se presenta neste documento pretende contribuír á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector no alumnado do CEIP “A Xunqueira 1” así como descubrir a tomar conciencia do valor e do pracer da lectura.

Así pois os obxectivos xerais son os seguintes:

- Desenvolver a capacidade de lectura comprensiva.
- Mellorar as habilidades lectoras (dicción, ritmo, entoación...), atendendo tamén á corrección de escritura.
- Mellorar o vocabulario mediante o emprego de técnicas de traballo persoal e na aula que impliquen o uso do dicionario.
- Traballar con todo tipo de textos e todo tipo de soportes.
- Incrementar a motivación cara a lectura e desenvolver o hábito lector e o gusto pola lectura.
- Incentivar a capacidade de expresarse por escrito como consecuencia do desenvolvemento da habilidade de ler de forma comprensiva.
- Implicar a todo o profesorado nas actividades, campañas e outras experiencias que puideran programarse para potenciar o hábito lector.
- Facer partícipe á familia da lectura.
- Potenciar o papel da biblioteca do centro.
- Formar lectores e lectoras competentes.

### **4.- ANÁLISE DA SITUACIÓN LECTORA DO CENTRO**

#### **4.1.-Resultados da enquisa individual para avaliar as prácticas lectoras do alumnado.**

1.- Das seguintes actividades marca as catro que prefires:

Videoxogos 9,60%

Lectura 17,30%

Televisión 10,20%  
Internet 8,30%  
Cine 9,40%  
Chat 2,30%  
Deporte 14,20%  
Escoitar música 12,40%  
Saír con amigos 16,30%

2.- Os teus familiares anímante a ler?

Moito 69,20%  
Pouco 23,90%  
Nada 6,90%

3.- Os teus profes anímante a ler?

Moito 88,70%  
Pouco 8,10%  
Nada 3,20%

4.- Os teus amigos anímante a ler?

Moito 24%  
Pouco 33%  
Nada 43%

5.- Costumes lectoras da túa familiares

	Moito	Pouco	Nada
Pai	53%	33%	14%
Nai	66%	24,6%	9,4%
Irmáns	49%	26%	25%

6.- Cando les, por que o fas?

Porque me gusta 82,2%  
Porque che mandan 17,8%

7.- Onde acostumas a ler?

Na casa 74%  
No colexio 48%  
Na biblioteca 17,8%

8.- Cando les?

Máis de 2 días á semana 77,7%%  
Menos de 2 días á semana 22,3%

9.- Gústache ler?

Moito 82,2%



Pouco 16,2%

Nada 1,6%

10.- Que tipo de lectura che gusta?

Cómic 24,2%

Poesía 24,3%

Contos 61,50%

Ciencias 36%

Aínda que os resultados da enquisa non son catastróficos, máis ben todo o contrario, compre de todos os xeitos seguir incidindo na práctica lectora en todas as materias xa que en todos os cursos se detectan problemas de lectura comprensiva e escritura.

Os resultados da enquisa foron os seguintes:

#### **4.2.- Análise das metodoloxías empregadas**

En xeral os profesores e profesoras temos as seguintes ideas erróneas sobre as habilidades lecto-escritoras dos alumnos:

- Que teñen fácil acceso á información: bibliotecas públicas ou persoais, Internet....
- Que todos len ben e que teñen hábito de lectura.
- Que todos teñen nivel aceptable de comprensión.
- Que todos teñen unha amplitude axeitada de vocabulario.

Por todo isto na práctica acontece o seguinte:

- Que non hai actividades explícitas de lecto-escritura: so é un instrumento no desenvolvemento dos contidos de cada materia.
- Nos casos en que se programe estas actividades tal vez non se temporalizan, ou non se avalían suficientemente.
- Falta de técnicas e actividades atractivas en cada sesión de lectura.

#### **4.3.- Recursos materiais e humanos. Situación da biblioteca escolar.**

O CEIP “A Xunqueira 1” dispón dun espazo específico adicado a Biblioteca. Está distribuída en espazos de lectura por idades. Os andeis dispoñen de distintivos de cores segundo as idades dos usuarios.

A Biblioteca do centro dispón de libros de consulta como enciclopedias, temáticos, etc. Tamén dispón de libros de literatura clásica de autores universais de todos os séculos. Entre os destinados a alumnos e alumnas existen contos en galego e castelán,

poesía, cómic, libros de natureza, de historia, etc.. Nas novas adquisicións procuráanse todos aqueles exemplares que sabemos espertan o interese do alumnado.

Dispoñemos igualmente de DVD, catro ordenadores, canón proxector, EDI, así como coleccións de películas, Cds, CD-ROM s, etc.

A organización da Biblioteca do centro corre a cargo dun Equipo formado na actualidade por 7 docentes algún dos cales asistiu a cursos formativos. Son os encargados de informatizar dos fondos existentes utilizando o Proxecto Meiga, catalogar, etiquetar e clasificar e tamén propoñer a adquisición de novos fondos.

A Biblioteca permanece aberta durante o horario lectivo e tamén algúns días polas tardes. Na entrada da Biblioteca existe un taboleiro de cortiza onde se coloca información sobre as actividades que se realizan e tamén un horario co espazo reservado a cada aula para que o titor ou titora poida traballar nela co alumnado ou retirar fondos. Os préstamos fanse durante o recreo hai un número importante de alumnado que acude para ler, utilizar Internet e retirar libros.

As actividades que organiza sistematicamente a Biblioteca son as seguintes:

- Colabora na participación no Salón do Libro.
- Organiza a Mochila Viaxeira.
- Propón a visita de escritores ou ilustradores.
- Publicación de boletín informativo para os alumnos e profesores.
- Colaboración cos distintos departamentos en conmemoracións de diferentes datas.

## **5.- OBXECTIVOS E ORGANIZACIÓN**

### **5.1.- OBXECTIVOS**

#### **No ámbito do alumnado:**

- Valorar e estimar a lingua facendo uso dela en todas as situacións comunicativas
- Ler con fluidez e comprensión, valorando a lectura como fonte de pracer, diversión e aventura.
- Comprender oralmente e por escrito diferentes tipos de mensaxes de acordo coas capacidades, necesidades e intereses da súa idade.
- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección e creatividade.
- Utilizar harmonicamente todos os recursos expresivos.

- Comprender e utilizar o léxico adecuado ás necesidades educativas e de aprendizaxe de cada nivel.
- Atopar na lectura unha canle de formación, información, ampliación de experiencias..., contribuíndo á formación da propia personalidade, desenvolvendo a sensibilidade estética e exercitando a creatividade.

### **No ámbito escolar:**

- Dotar ao profesorado de recursos e estratexias de intervención que resulten motivadoras.
- Coordinar e sistematizar as actividades docentes respecto ao proceso lector.
- Propiciar e fomentar a realización de actividades de fomento da lecto-escritura.
- Potenciar a participación en actividades complementarias e sesións de animación, organizadas por distintas entidades.
- Reflexión sobre a práctica profesional.

### **No ámbito familiar:**

- Implicar á familia no fomento da lectura dos seus fillos/as, para o que se lles proporcionarán estratexias e actividades adecuadas, facéndolles ver a súa importancia neste proceso.
- Resaltar que o conto forma parte dos seus xoguetes.
- Asesorar a pais e nais sobre a importancia dunha biblioteca persoal.

## **5.2.- ORGANIZACIÓN. ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE.**

### **EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **ACTIVIDADES**

#### **Para potenciar o hábito lector:**

- Manipulación e manexo de contos.
- Lectura de contos por parte do profesor/a.
- Formular preguntas sobre o conto (comprensión oral).
- Inventar principios e finais diferentes para contos.
- Crear e inventar contos.
- Gravar contos en audio.
- Dramatizar contos.
- Participación en sesións de contacontos.
- Xogos con letra móbiles, facendo o seu nome e outros, murais, etc.
- Xogos no ordenador: poñer o seu nome, localizar letras.
- Buscar diferenzas entre os nomes traballados.

- Copiar do encerado algúns nomes significativos.
- Copiar pequenos textos: poesías, adiviñas, trabalinguas...
- Lectura en distintos soportes: libros, fotos, música, pintura....
- Lectura de palabras en distintos tipos de letra.
- Diferenciar distintos tipos de texto (conto, poesía, receitas..)
- Facer pareados, poesías, co vocabulario dos contos
- Identificar as partes do libro: título, personaxes....
- Préstamo semanal de libros.
- Visitas á biblioteca escolar e municipal.

### **Para iniciar a lecto-escritura de xeito comprensivo:**

- Elaboración de carteis cos nomes das distintas partes da aula, dos materiais, etc.
- Asociar o seu nome coa súa foto.
- Repasar a grafía do seu nome.
- Escribir o seu nome e outros nomes.
- Elaborar contos e fichas co nome dos personaxes dos contos.
- Elaborar debuxos a partir dos contos traballados.
- Lectura pictográfica con elementos próximos e cotiáns.
- Xogos de discriminación visual de vogais e pequenas palabras relacionadas coa unidade traballada.
- escoitar e memorizar contos e cancións.
- Elaborar xogos de asociacións coas fotos do nenos/as e os seus nomes.
- Facer debuxos e poñer os nomes a cada elemento do debuxo.
- Confección dun libro de cancións.
- Nomear e colorear debuxos que leven as vogais e consonantes traballadas.
- Recortar de revistas ou xornais palabras que leven as letras traballadas.
- Grafomotricidade dos fonemas
- Traballar con noticias dadas polos medios de comunicación referentes a temas traballados.

## **1º E 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **ACTIVIDADES**

#### **Para potenciar o hábito lector:**

- Ler na aula: libros propios, da biblioteca...
- Ler en familia. Utilización da mochila viaxeira.

- Ler o profesor en voz alta: todo tipo de textos, salientando a entoación, pausas, silencios.
- Visitar exposicións: salón do libro, biblioteca pública.
- Visitar páxinas web.
- Dramatización de lecturas.
- Realizar unha ficha sinxela dos libros que se len, onde se inclúa: título, autor/a, ilustrador/a, editorial, tema, opinión sobre o libro, algunha actividades alusiva ao contido (sopa de letras, diferencias, encrucillados....)
- Visita de contacontos, ilustrador, periodista, bibliotecario..
- Acostumarse a respectar as normas de comportamento na biblioteca: préstamos, devolucións, silencio, mantemento adecuado dos libros, etc.
- Prensa na aula: ler noticias importantes ou curiosas e traballar con elas.

### **Para mellorar o nivel de comprensión lectora:**

- Lectura diaria e individual co profesor.
- Lectura por parte dos alumnos das diferentes actividades a realizar na aula.
- Lectura silenciosa e despois colectiva, con entoación, pausas, corrixindo erros e tratando de evitar silabeo, regresións, seguimentos co dedo....
- Activar os coñecementos previos a partir da portada, unha lámina, unha fotografía, debuxos....
- Conversar sobre o título.
- Formular hipóteses sobre o contido.
- Explicar o significado das palabras descoñecidas e aplicarlas en novas frases.
- Revisar as ideas principais.
- Diferenciar entre: presentación, nó e desenlace.
- Comprender a mensaxe do texto.
- Escribir en tiras de cartolina as palabras difíciles e localalas no recuncho das palabras.
- Construír frases con elas.
- Preguntar na casa palabras antónimas e facer con elas unha posta en común.
- Elaborar un conto colectivo con datos aportados anteriormente.

### **3º E 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

#### **ACTIVIDADES:**

##### **Para potenciar o hábito lector:**

- Traballo con lecturas na aula: narrativa, diálogo, descrición, poesía...
- Lectura por parte do profesor/a.
- Lectura individual.
- Lectura por grupos en voz alta.
- Preparación de lecturas na casa
- Lecturas de obras de teatro en alto, cada un un personaxe. Memorizar diálogos.
- Utilización da Mochila Viaxeira.
- Traballar o cómic: ler, comentar. Intentar facer un cómic persoal e en grupos.
- Facer xogos coa linguaxe partindo de textos lidos: erros, emparellamentos, encrucillados, sopa de letras...
- Facer traballos con contos, obras de teatro, busca de información en internet, selección de bibliografía para ler.
- Prensa na aula: ler noticias importantes ou curiosas e traballar con elas.

##### **Para mellorar o nivel de comprensión lectora:**

- Lecturas e comprensión con: preguntas, resumos en voz alta e por escrito, debuxos, preguntas sobre o texto aos compañeiros.
- Dados uns personaxes inventar unha obra propia, por grupos ou de forma conxunta na aula. Memorizala, facer decorados, vestuario e representala.
- Inventar contos e narracións seguindo o esquema tras recoñecer en outros lidos as partes: presentación, nó e desenlace.
- Elaborar historias partindo do lido.
- Inventar poemas despois de traballar a rima, os versos e as estrofas.
- Comprender, memorizar e recitar poemas, trabalinguas, adiviñas, refráns...
- Facer descrições de personaxes, obxectos, paisaxes, etc.. que aparezan na lectura.
- Describir o noso entorno, os nosos compañeiros, os amigos... unir para facer pequenos relatos.
- Buscar no dicionario palabras descoñecidas das lecturas. Facer con elas frases para incluír en textos colectivos ou en traballos individuais.
- Facer traballos en grupos buscando información en diferentes libros (bibliografía dada) tanto libros da biblioteca como a través de Internet.

- Traballos sobre o libro que se está a ler: ditados diarios por parte dun alumno/a, lectura conxunta e individual do ditado, corrección do ditado por parte do alumno/a...
- Traballo con libros:
  - Antes da lectura: estudar a portada e contraportada, diálogo sobre o título, hipótese sobre contido, aventurar o final, reflexión sobre os debuxos que conteña, traballo sobre o autor.
  - Lectura silenciosa e en voz alta, participando o alumno/a e o profesor/a.
  - Despois da lectura: traballos de comprensión, de vocabulario (dicionario), de ortografía, gramática, de investigación sobre determinados aspectos do contido, valoración e crítica do texto lido, estudo dos personaxes, elaboración de distintos finais...

## **5º E 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **ACTIVIDADES**

#### **Para potenciar o hábito lector:**

- Lectura de textos procedentes dos medios de comunicación social: webs, noticias, entrevistas, xornais...
- Lectura de textos para aprender e para informarse: folletos informativos, folletos publicitarios, prensa.
- Lectura de informacións procedentes de diferentes soportes: gráficos, esquemas, ilustracións...
- Lectura silenciosa e en voz alta de obras adecuadas á idade e interese: contos, cómic, novela (previa preparación na casa do texto correspondente).
- Lectura guiada de textos narrativos da literatura infantil e xuvenil en diversos soportes: impreso, dvd, libros virtuais, Internet.
- Lectura comentada polo profesor/a de poemas, relatos e obras teatrais.
- Lectura guiada polo profesor/a para a aprendizaxe do uso das estratexias de control do proceso lector: anticipación, formulación de hipóteses, relectura...
- Encontros con autores.
- Colaborar na selección de títulos para a biblioteca.
- Visitas guiadas á biblioteca do centro e á Biblioteca Pública para coñecer a súa organización.
- Buscar fondos que ofrezan información sobre un tema.

- Participar nas actividades organizadas pola biblioteca.
- Prensa na aula: ler e comentar noticias importantes ou curiosas e traballar con elas.

### **Para mellorar a comprensión lectora:**

- Uso dirixido das TIC para a localización, selección interpretación e organización da información.
- Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha.
- Recomendar os libros que máis gustaron.
- Identificar a estrutura do texto.
- Recoñecer a finalidade dun texto.
- Facer un resumo organizado secuencialmente as ideas principais.
- Utilizar o dicionario para buscar significado de palabras descoñecidas. Facer frases con elas.
- Dadas tres palabras non comúns (buscar no dicionario) artellar un texto.
- Preparado un texto previamente, presentar actividades para traballar con el: supresión de palabras/letras, substitución de fonemas, letras borrosas, lagoas de palabras que hai que buscar en listados, etc.

## **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS NOUTRAS ÁREAS**

### **Área das matemáticas:**

- Resolución dos problemas:
  - Lectura comprensiva.
  - Recollida de datos.
  - Esquema, debuxo, formulación.
  - Operacións.
  - Expresión clara dos resultados.
  - Comprobación dos resultados, sempre que sexa posible.
  - Invención de problemas, con datos propostos e con operacións propostas.
- Interpretación de gráficos: histogramas, pictogramas, de barras, de sectores, lineais...



## **Áreas de ciencias naturais e ciencias sociais:**

- Ideas previas.
- Lectura comprensiva.
- Elaboración de esquemas de diferentes tipos segundo o contido.
- Debuxos explicativos.
- Lectura e elaboración de mapas.
- Estudo das diferentes etapas da Historia: escribir, ilustrar, fotografar...

## **6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

- ❖ Ofrecer a colaboración do Equipo de Dinamización da Lingua galega e animar aos diferentes departamentos a que efectúen os seus proxectos didácticos en galego, así como calquera outro documento oficial, sendo axentes normalizadores.
- ❖ Facerse eco das actividades que se leven a cabo fóra do centro e que estean relacionadas coa cultura galega.
- ❖ Mostrar dispoñibilidade para axudar a traducir e para corrixir calquera documento, comunicación, etc. que se produza no ámbito docente ou administrativo.
- ❖ Organizar actividades que motiven o alumnado a aprender, usar e estimar a lingua vernácula, procurando que atopen nelas un xeito de divertimento.
- ❖ Coñecemento das disposicións e instrucións sobre o uso da lingua: A normativa legal sobre as diferentes disposicións e instrucións sobre o uso da lingua galega está a disposición do claustro no arquivo do Equipo de Dinamización da Lingua galega e no taboleiro da sala de mestres todas as actividades que vaian saíndo.
- ❖ Nivel de cumprimento acadado: Aínda que na utilización da lingua galega como lingua vehicular do ensino cumprimos coa lexislación vixente, temos que mellorar e aumentar o noso uso da lingua galega nas clases, na administración, como lingua de relación, na convivencia...
- ❖ Actuacións postas en marcha co pulo do Equipo de Dinamización da Lingua galega para incrementar o uso do galego no Centro.
- ❖ Administración do Centro.
  - Información sobre tradutores,@ e comunicados que lle poidan ser de utilidade
- ❖ Docencia.
  - Información permanente ao profesorado.
  - Campaña de sensibilización na utilización da lingua galega nas relacións persoais.
  - Participación en cursos de formación e de linguaxe específica.

- Colocación de carteis de promoción nas salas de Mestres.
- Elaboración das carteleiras de aula, nas informacións, campañas, festivais...
- Elaboración das carteleiras dos corredores.
- Animar e sensibilizar ao profesorado para que participen en todos os actos que salienten e motiven o uso do galego e o coidado especial da súa cultura.
- Favorecer a recollida de materiais pedagóxicos en soporte papel e dixital, sobre todo informáticos para o uso nas encerados dixitais que se están completando nas distintas clases.
- ❖ Alumnado.
- Participación en campañas, certames, e todo aquilo que considérese interesante e útil de cara á mellora de competencia lingüística da lingua galega.
- Campaña de animación á lectura e o emprego e potenciación da lingua galega: proxecto lector, Letras Galegas...
- Colaboración nas distintas actividades do centro: Exposicións, Páxina Web, Certames concursos.
- ❖ Gabinete de orientación
- Información de todo aquilo que lle poida ser de utilidade: curso, tradutores...

### **3.1.2.- Obxectivos**

- Intentar conseguir que o Equipo de Dinamización da Lingua galega funcione como unha canle de intercambio de informacións, materiais, experiencias e coñecementos relacionados coa cultura galega en xeral e co ensino en lingua galega en particular.
- Consegue que a produción documental e informativa do Centro se faga completa e naturalmente en galego.
- Traballar a prol da eliminación dos prexuízos, tópicos tóxicos, lingüísticos entre todos os colectivos que conviven no Colexio, incluíndo a ANPA. Favorecer a formación do profesorado neste eido.
- Fomentar o interese polo coñecemento e emprego da lingua galega como ferramenta espontánea e necesaria de comunicación.
- Cultivar o interese pola literatura galega.
- Consegue que o Colexio se converta nun verdadeiro centro que fomente a estima da cultura en xeral e da galega en particular. Impulsar e premiar o uso do galego oral nas clases, actividades e tarefas escolares.

## **4. PLANO ESPECÍFICO PARA POTENCIAR A REALIDADE CULTURAL GALEGA**

### **4.1.- Contidos:**

Da realidade cultural galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua e literatura, arte, folclore... que se introducirán nas diferentes programacións.

### **4.2. Actividades programadas para acadar os obxectivos propostos no deseño xeral do centro.**

4.2.1.- Transmitir periodicamente información acerca das novidades bibliográficas en galego a alumnos e profesores.

4.2.2.- Organizar exposicións relacionadas coa cultura galega: fotografías, viñetas humorísticas, documentos, etc. Promover encontros e debates e organizar conferencias relacionadas coa cultura galega.

4.2.3.- Traballos de campo de recollida de datos: refráns, contos, toponimia, alcumes, etc. Traballo de recuperación etnográfica e rexistro audiovisual.

4.2.4.- Teatro en galego.

4.2.5. - Proxeccións de cine en galego e explotación didáctica das sesións.

4.2.6. - Colaboración coa memoria escolar.

4.2.7.- Concursos literarios e artísticos con motivo de celebracións determinadas: Samaín, Nadal, Magosto, Entroido, Letras Galegas, Festas Colexiais, etc.

4.2.9.- Adquisición de materiais de información curricular das diferentes áreas en galego.

4.2.10.- Celebración do Día das Letras Galegas

4.2.11.- Saídas culturais con itinerarios que valoren a nosa historia e a nosa xeografía.

4.2.12.- Colaboración coa web do Colexio desde o Equipo de Dinamización da Lingua galega.

4.2.13.- Facer un proxecto trimestral no que colabore todo o centro. Traballaranse cancións, ditos, vocabulario, tradicións... propias da nosa terra.

### **4.3.- Actividades programadas para atinxir os obxectivos do plano específico para o ensino en lingua galega.**

4.3.1.- Distribución de vocabularios específicos das distintas materias e outras publicacións, favorecendo o seu coñecemento por parte do profesorado e alumnado.

4.3.2.- Fomento do emprego do galego na elaboración dos traballos de clase das diferentes materias, así como nas traducións que se realicen nas aulas de linguas estranxeiras.

4.3.3.- Promoción de grupos de traballo interdisciplinario en colaboración co Equipo de

Dinamización da Lingua galega.

4.3.4.- Coidar que a vida administrativa e as relacións coa comunidade se fagan en lingua galega.

4.3.5.- Empregar a lingua nas actividades académicas, culturais e relixiosas do Centro. O envío de comunicacións aos pais, tanto de titores coma de Dirección farase en lingua galega.

4.3.6.-Usar a lingua galega como lingua vehicular do ensino nas materias concretadas por decreto e, se é posible, impartir outras en lingua galega.

4.3.7.-Colaborar coa memoria escolar desde os distintos departamentos didácticos, como medio normalizador de cara aos alumnos e as familias.

4.3.9.-Fomentar dende as materias de linguas estranxeiras que os alumnos poidan facer exercicios de tradución ao galego.

4.3.10.-Promover actividades que se ofrezan desde o contorno, desde a Administración, sempre que favorezan o proceso normalizador.

4.3.11.- Difundir os xogos populares e tradicionais galegos e outras creacións con elementos propios da nosa cultura como mostra de respecto e valoración dos nosos maiores.

4.3.12.-Desenvolver traballo cooperativo na aula empregando como modo de comunicación o galego.

## **5. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**

O día 4 de setembro quedou configurado o Equipo de Dinamización da Lingua galega para o presente curso, os mestres que o conforman son:

M<sup>a</sup> Teresa Abilleira Fernández.

M<sup>a</sup> Carmen Quinteiro Moreno

Margarita Carral Pol

Carmen Otero Gil

M<sup>a</sup> Lorena Moreno Cons

Coordinadora:

Margarita Fontán Sanmartín

## 6. CADRO DE ACTIVIDADES PREVISTAS

	ACTIVIDADE	PARTICIPANTES	TEMPORALIZACIÓN
1º Trimestre	Magosto, Samaín,	Todo o centro	Primeira quincena de novembro.
	PDI:“Consumo responsable”	Todo o centro	Primeiro trimestre
	Día da Infancia Violencia de xénero	Todo o centro	Segunda quincena de novembro
	Constitución Dereitos do neno Persoas con discapacidade	Todo o centro	Primeira quincena de decembro.
2º Trimestre	O Día da Paz.	Todo o centro	Segunda quincena de xaneiro
	O Entroido Día de Rosalía	Todo o centro	Febreiro
	Día Internacional da Muller Traballadora	Todo o centro	Primeira quincena de marzo.
	Semana da prensa	Todo o centro	Segunda quincena de marzo
	O horto escolar Obradoiro de cestería. Proxecto: “O mar” PDI “Consumo responsable”	Todo o centro	Segundo trimestre
	Salón do Libro	Todo o centro	Marzo
3º Trimestre	Día do Libro	Todo o centro	Abril
	Semana das Letras Galegas Homenaxeado nas LG: Francisco Fernández del Riego Obradoiros de oficios tradicionais galegos. O horto escolar PDI ”consumo responsable”	Todo o centro	Maio

## 7. AVALIACIÓN DO PROXECTO

O Equipo de Dinamización da Lingua galega reunirse de forma ordinaria unha vez por trimestre para estudar a marcha das actividades programadas; de forma extraordinaria, as veces que se precisen.

Ao final do curso levará a cabo unha avaliación das actividades realizadas e os seus resultados.

A avaliación será por etapas, para ter en conta os resultados cualitativos de cada unha das actividades. Esta avaliación realizarase segundo estes criterios: lembrar a lexislación que desenvolva a Lei de Normalización, identificar as causas que impediron a realización das actividades programadas, proposta de plans de mellora para cumprir os obxectivos marcados.

Ao longo do curso cabe a posibilidade de que se poidan modificar actividades propostas por atrancos na súa realización ou outras causas; pola contra, poden organizarse actividades non incluídas no plan, que emerxan dos equipos docentes e que a confluencia de factores favoreza a súa realización.

## **8. CONCLUSIÓN**

A lingua e a cultura galegas existen grazas ao esforzo colectivo das sucesivas xeracións que as mantiveron. Este tesouro non se conservará en mans dos verdadeiros depositarios – as xeracións futuras - se nós non facemos todo o posible por coidalo e divulgalo.

A recuperación da normalidade no uso oral e escrito da lingua galega, así como a súa dignificación non se recuperará sen o apoio e control das administracións públicas – Xunta de Galicia - , sen o compromiso persoal de cada un de nós e tampouco se na sociedade actual non xermolan iniciativas encamiñadas neste senso.

Desde o Equipo de Dinamización da Lingua galega somos conscientes da necesidade de investir recursos e aglutinar esforzos que sirvan efectivamente para satisfacer esta demanda social e conseguir que, no futuro, Galicia e os galegos de toda condición sigan vivindo na lingua propia, conscientes, orgullosos e responsables do valiosísimo patrimonio do que son depositarios.

Exposta a avaliación das actividades do pasado curso, as propostas para este ano van encamiñadas á continuación daquelas que tiveron máis éxito o ano pasado e a presentación doutras novas que pensamos que poder mellorar aínda máis as expectativas que temos para o presente curso.

## **ANEXO II**

# **LIÑAS PRIORITARIAS** **BIBLIOTECA 2023/2024**

ANEXO II

**CEIP XUNQUEIRA 1**

**LIÑAS PRIORITARIAS DA BIBLIOTECA**

**CURSO 2023-2024**



## Sumario

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN, CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO “LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES” .....	3
2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.....	3
3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL..	4
4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.....	4
5. AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.....	7
6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR.....	7
7. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE E DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.....	8

## **1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN, CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO “LABORATORIO CREATIVO DE APRENDIZAXES”.**

- Expurgo de materiais e fondos.
- Continuar coa busca da CDU “perfecta” que faga aos máis pequenos cada vez máis autónomos.
- Catalogación e rexistro dos fondos.
- Formación de usuarios eficaz: elaboración de carteis guía por tema-CDU para facilitar a localización.
- Formación de voluntarios e voluntarias: emprego do MEIGA para préstamos/devolución, reparto, listado/aviso de devolucións fóra de prazo...
- Busca e adquisición de fondos atendendo ás celebracións, conmemoracións, aniversarios do curso: Letras Galegas, Salón do Libro, Día da Paz...
- Creación dunha guía para os titores dos recursos seguindo a CDU.
- Creación de carteis recordando as normas.
- Renovación da decoración da biblioteca.

## **2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.**

- Proporcionar aos titores e especialistas todos os recursos cos que conta a biblioteca para levar a cabo a o fin dos proxectos, traballos, celebracións, conmemoracións..., ou conseguir eses recursos, no caso de que non se conte coa bibliografía axeitada.
- Apoiar o desenvolvemento de proxectos de centro conxuntamente cos outros equipos: normalizacións, extraescolares, TIC. Para o curso 2023-2024 aínda non temos previsto o PDI.
- Fomentar a elaboración e presentación de actividades baseadas en experiencias relacionadas coas ciencias: “Novembro, mes da ciencia”, tanto de forma cooperativa, grupo ou individual.
- Poñer en coñecemento das titorías os fondos cos que conta a biblioteca, en número de exemplares e títulos, para levar a cabo actividades de lectura conxunta, clube de lectura, hora de ler ...
- Fomentar a creación de “Sección de aula” con préstamo temporal de fondos ás aulas para lectura, elaboración de traballos, proxectos ...
- Potenciar as lecturas compartidas nos distintos niveis: Bibliotecas solidarias. Lecturas compartidas nas modalidades B e C, dentro e fóra do centro. O alumnado tamén elaborará vídeos dos contos a ler para as diferentes aulas.
- Contribuír á recollida de materiais de tradición oral: cantigas, ditos, refráns, expresións ... das diferentes celebracións, épocas do ano ... Expoñer os materiais elaborados.

- Diseñar actividades que favorezan a expresión oral e escrita: pequenas dramatizacións en prosa e en verso para o alumnado do nivel ou doutros niveis, presentacións e exposicións de temas, resumos... en diferentes soportes, papel e dixital.
- Organizar actividades para que familiares e outras persoas, alleas ao centro, veñan compartir experiencias, contar contos, falar do seu traballo, da súa obra...
- Fomentar os intercambios lectores entre o alumnado dos distintos niveis do centro.

### **3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL.**

- Axudar no uso de ordenadores e tabletas: acendido e apagado, conexión a Internet, uso da páxina web do centro ...
- Asesorar en como e onde buscar a información desexada na web.
- Axudar no emprego dun procesador de textos: abrir un documento, elixir a fonte, tamaño da letra, idioma, gardar documentos ...
- Orientar na busca de información sobre un tema seguindo a CDU.
- Proporcionar documentación para traballos e proxectos.

### **4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.**

#### **OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO:**

- Desenvolver a capacidade de lectura comprensiva.
- Mellorar as habilidades lectoras (dicción, ritmo, entoación...), atendendo á corrección na escrita.
- Mellorar o vocabulario mediante o emprego de técnicas de traballo persoal e na aula que impliquen o uso do dicionario.
- Traballar con todo tipo de textos e todo tipo de soportes.
- Incrementar a motivación cara á lectura e desenvolver o hábito lector e o gusto pola lectura.
- Incentivar a capacidade de expresarse por escrito como consecuencia do desenvolvemento da habilidade de ler de forma comprensiva.
- Implicar a todo o profesorado nas actividades, campañas e outras experiencias que puideran programarse para potenciar o hábito lector.
- Facer partícipe á familia da lectura: conto semanal, mochilas viaxeiras...
- Potenciar o papel da biblioteca do centro.
- Formar lectores e lectoras competentes.

#### **EDUCACIÓN INFANTIL**

#### **ACTIVIDADES PARA POTENCIAR O HÁBITO LECTOR:**

- Facer carné de usuario.
- Visita semanal á biblioteca.
- Préstamo semanal de libros para levar á súa casa.
- Manipulación e manexo de contos.
- Lectura de contos por parte da persoa encargada de levalos á biblioteca.
- Formulación de preguntas sobre o conto (comprensión oral).
- Participación en sesións de contacontos.
- Lectura en distintos soportes: libros, fotos, música, pintura...
- Diferenciación de distintos tipos de textos (conto, poesía, receitas...).
- Identificación do título, personaxes, ilustracións ...
- Participar nas actividades da Biblioteca Solidaria.
- Facer uso da biblioteca no patio, se é posible dependendo da situación sanitaria.

## **PRIMARIA**

### **ACTIVIDADES PARA POTENCIAR O HÁBITO LECTOR:**

- Facer uso do préstamo para a casa.
- Acudir á biblioteca o día asignado co titor ou titora.
- Ler na aula: libros propios, da biblioteca ... na hora de ler.
- Ler en familia: utilización da Mochila Viaxeira.
- Ler o profesor en voz alta: todo tipo de textos, salientando a entoación, pausas, silencios ... relacionados coas celebracións, aniversarios ...
- Participar no Salón do Libro.
- Visitar exposicións.
- Visitas á biblioteca do centro e á Biblioteca Pública para coñecer a súa organización.
- Visitar páxinas web.
- Dramatizar lecturas.
- Elaborar actividades alusivas ao contido dos textos (sopa de letras, diferenzas, encrucillados, ilustrar ...)
- Visita de contacontos, autores e ilustradores ...
- Respectar as normas de comportamento na biblioteca: silencio, devolución de libros ...
- Elaborar diálogos traballando de forma cooperativa cos compañeiros/as sobre diferentes temas informándose previamente en Internet, libros de consulta, libros de texto ...
- Traballar o cómic: ler, comentar, completar e debuxar viñetas con emprego da linguaxe propia.
- Facer xogos coa linguaxe partindo de textos lidos: erros, emparellamentos, encrucillados, sopa de letras, definicións ...
- Facer traballos sobre temas do seu interese, temas traballados, de actualidade... buscando información en Internet ou seleccionando bibliografía na biblioteca.

- Expor experiencias de forma oral, por medio de presentacións.
- Participar nas actividades propostas pola biblioteca, Normalización, ANPA ... para concursos, celebracións, aniversarios, efemérides ...
- Participar nos encontros lectores.

#### **PARA MELLORAR O NIVEL DE COMPRENSIÓN LECTORA.**

- Lecturas e comprensión con preguntas, resumos en voz alta e por escrito, ilustracións ...
- Lectura silenciosa e en voz alta de obras adecuadas á idade e interese.
- Lectura guiada de textos narrativos da literatura infantil e xuvenil en diversos soportes.
- Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.
- Lectura guiada polo profesorado para a aprendizaxe do uso das estratexias de control do proceso lector: anticipación, formulación de hipóteses, relectura ...
- Partindo dunhas personaxes inventar unha obra propia con traballo individual ou cooperativa. Memorizala, facer decorados, vestuario e representala.
- Inventar, reescribir, cambiar contos e narracións seguindo un modelo e diferenciando presentación, nó e desenlace.
- Elaborar resumos partindo do lido.
- Identificar a estrutura do texto.
- Recoñecer a finalidade dun texto.
- Facer un resumo organizado secuenciando as ideas principais.
- Completar, inventar, rematar poemas seguindo un modelo.
- Comprender, memorizar e recitar poemas, trabalinguas, adiviñas, refráns ... entendendo o dobre sentido da linguaxe.
- Traballar con xornais, folletos, invitacións, carteis...
- Facer descrições de persoas, obxectos, paisaxes etc.
- Buscar no dicionario e en online palabras descoñecidas das lecturas.
- Facer traballos en grupos buscando información en distintos soportes.
- Facer ditados, lectura conxunta e individual do ditado, corrección por parte do alumnado.
- Traballo con libros:

a. Antes da lectura: estudar a portada, contraportada, o título, hipótese sobre o contido, aventurar o final, reflexión sobre as ilustracións, biografía do autor, se é relevante a información.

b. Despois da lectura: traballamos a comprensión, vocabulario, ortografía, gramática, investigamos sobre determinados aspectos do contido, valoración crítica do texto lido, estudo dos personaxes, elaboración de distintos finais, ilustración ...

- Elaborar para traballar cun texto: supresión de palabras/letras, substitución de fonemas, letras borrosas, lagoas de palabras que hai que buscar en listados...
- Uso dirixido das TIC para a localización, selección, interpretación e organización da información.
- Encontros con autores e ilustradores.
- Suxestión na selección de títulos para a biblioteca.

- Participar nas actividades organizadas pola biblioteca.

## **5. AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.**

O acceso ao espazo que ocupa a biblioteca non é fácil para unha persoa con problemas de mobilidade, hai moitas escaleiras. A estrutura do edificio con plantas e medias plantas, fai que non sexa posible acceder a todos os espazos. Unha vez que teñamos instalado o ascensor hai que pensar en cambiar a súa localización.

Dentro da biblioteca contamos cun espazo amplo e sen obstáculos.

Temos alumnado con distintos problemas:

- Hipoacusia, trastornos do espectro autista, necesidades educativas especiais...

A biblioteca conta cun bo número de fondos para abordar diferentes temas a distintos niveis e está sempre disposta a localizar materiais suxeridos polo profesorado, para traballar e manipular polo alumnado: tabletas, libros con pictogramas, libros de imaxes, libros dixitais, libros de lingua de signos...

Tamén contamos con fondos para abordar e sensibilizar ao alumnado cara á diversidade.

## **6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR.**

A revisión e avaliación farase trimestralmente na reunión do equipo de biblioteca coas contribucións que xurdan nas reunións de nivel.

Avaliaranse os seguintes puntos:

- Valor e integración da biblioteca no centro.
- Accesibilidade.
- Visibilidade.
- Apoio ao currículo.
- Usos e usuarios.
- Equipo de traballo.

Faremos un seguimento dos seguintes apartados:

**a. Desenvolvemento curricular e educación no uso da información e recursos documentais para o aprendizaxe.**

**Indicadores:**

- Formación básica dos usuarios da biblioteca. Intervencións relacionadas co coñecemento da biblioteca e dos recursos que ofrece.
- Intervencións relacionadas coas competencias e actitudes para seguir aprendendo ao longo da vida, tratamento da información e competencia dixital.

- Promoción de intervencións relacionadas coa elaboración de proxectos documentais de traballo aula-biblioteca escolar.
- Apoio da biblioteca a programas, proxectos, aulas e áreas.
- Actuacións relacionadas coa atención á diversidade, ás dificultades de aprendizaxe, as necesidades educativas especiais.

#### **b. Competencia lingüística e fomento da lectura.**

##### **Indicadores:**

- Realización de actividades de carácter xeral articuladas pola biblioteca escolar.
- Apoios da biblioteca ao desenvolvemento da competencia lectora á súa vinculación á implementación dos proxectos lingüísticos o plans de lectura do centro.
- Desenvolvemento de seccións documentais de aula e contribución á planificación e desenvolvemento de actos de lectura e uso da documentación en todas as áreas.

#### **c. Infraestrutura, xestión, servizos e recursos humanos.**

##### **Indicadores:**

- Adecuación da infraestrutura, equipamento e accesibilidade.
- Realización de tarefas para o mantemento da colección e dos servizos bibliotecarios.
- Recursos humanos con implicación na xestión da biblioteca.
- Promoción da biblioteca; mecanismos para a difusión da información.

#### **d. Dimensión social e de cooperación.**

##### **Indicadores:**

- Implicación coas familias, cooperación coa Biblioteca Pública, editoriais, entidades, fundacións, cooperación con outras bibliotecas escolares.
- Apertura da biblioteca en horario extraescolar.

#### **e. Innovación, formación e supervisión.**

##### **Indicadores:**

- Incorporación do uso da biblioteca aos documentos oficiais do centro.
- Formación do profesorado no ámbito da utilización da biblioteca escolar.

Ao final de curso farase unha enquisa online ao alumnado e profesorado.

## **7. PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE E DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.**

A persoa responsable da biblioteca é M<sup>a</sup> Susana Diéguez Villaverde, Directora do centro. O equipo de apoio estará formado por: Olalla Santalla, Lucía Abilleira, María Isabel Durán e Áurea Iglesias. O resto do equipo decidirase no primeiro Claustro do vindeiro curso.

A Xefatura de Estudos fará o horario da responsable e dos membros do equipo de biblioteca para o curso 2023-2024.

Pontevedra 8 de xuño de 2023

Vº e Prace

A DIRECTORA

Asdo: M<sup>a</sup> Susana Diéguez Villaverde



A COORDINADORA

Asdo: M<sup>a</sup> Susana Diéguez Villaverde

# **ANEXO III**

**PLAN DE TRABAJO**

## **COORDINACIÓN DE BIENESTAR** **E CONVIVENCIA**



## **PLAN DE TRABALLO**

### **1. O plan de traballo da coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia incluírase dentro do plan de convivencia do centro e incorporará, como mínimo, os seguintes elementos:**

#### **a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.**

Durante este curso 2023/24 executarase o plan no Ceip A Xunqueira I, axustado ás necesidades observadas no día a día, na detección de conflitos e os seus rexistros por parte do profesorado durante o curso anterior ( 2022/2023) e que se perpetúan nalgúns casos durante este primeiro trimestre como estamos a confirmar nas diferentes reunións e claustros, e que nos preocupan en menor ou maior medida.

#### **b) Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro respecto dos ámbitos das súas funcións.**

É o noso un centro cunha diversidade importante e destacada, non só a nivel curricular senón en canto aos ámbitos familiares e sociais que esixen unha atención e intervención concisa, constante e estipulada neste plan para a mellora da convivencia e o benestar de toda a comunidade educativa.

Somos unha comunidade educativa convencida de que a diversidade supón un enriquecemento real na formación de todo o noso alumnado pero tamén moi consciente de que esta supón en ocasións un detonante de situacións de disparidade e conflito se non se elaboran uns parámetros, unhas dinámicas e unhas actividades que poñan de manifesto o valor formativo desta diversidade e fomenten unha inclusión real, cuxos piares estean asentados sobre as bases do desenvolvemento do pensamento reflexivo, crítico e creativo. E para iso, precisamos da participación de toda a comunidade educativa do noso centro.

#### **c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores.**

1. Acadar un clima de convivencia baseado no respecto mutuo, a solidariedade, o diálogo e unha cultura de paz.
2. Crear un clima de convivencia que permita aos alumnos acadar o seu dereito á educación e aos profesores o dereito a educar.

3. Implicar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento das normas de convivencia polas que se rixe noso centro.
4. Asumir o conflito como algo inherente á vida en común dun grupo de persoas e cuxo tratamento forma parte da labor educativa.
5. Priorizar as accións preventivas diante das consecuencias negativas dos conflitos que puidesen darse no centro. .
6. Fomentar o diálogo como método para a resolución dos conflitos.
7. Facilitar a mediación para a resolución pacífica de conflitos.
8. Previr, detectar e eliminar as manifestacións de calquera tipo de violencia e /ou acoso.
9. Convertir as accións punitivas en accións correctoras cun propósito formativo encamiñadas á socialización do alumno.
10. Diminuír ao mínimo as condutas que perturban o clima de convivencia pacífica no noso centro.

Obxectivos específicos/ Indicadores:

1. Informar ao alumnado dos protocolos de intervención para a corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia.
2. Manter unha comunicación fluida coos alumnos mediante os titores como principal mediador, pero tamén recurrido á figura da coordinadora para a convivencia e o benestar.
3. Minimizar os conflitos nos intercambios de clase, recreos e saídas do centro, poñendo medidas que os eviten no posible.
4. Traballar axeitadamente para diminuír o absentismo escolar estudando os factores particulares que levan aos alumnos a faltar a clase.
5. Dotar ao profesorado das ferramentas e apoio necesarios nos conflitos que xurdan, así como asesoralos nas posibles actuacións que poden realizar para intervir na súa solución.
6. Sensibilizar aos compoñentes da comunidade educativa das situacións de maltrato e acoso entre iguais (bullying) promovendo accións de prevención de posibles situacións conflictivas.
7. Acadar uns espazos físicos (aulas, corredores, comedor, biblioteca, etc.) cun ambiente adecuado, limpo, para que facilite as actitudes e condutas positivas,

xa que os ambientes deteriorados fomentan o mal uso das instalacións e as conductas agresivas.

8. Desenvolver nos alumnos actitudes de compañeirismo, tolerancia, respecto doutras culturas e sensibilización dos problemas das persoas con algún tipo de discapacidade.
9. Fomentar actitudes que favorezan a igualdade real no desenvolvemento das distintas actividades, dinámicas e interaccións, dentro e fóra das aulas..
10. Avaliar periódicamente a situación da convivencia no centro e promover accións inmediatas que melloren dita convivencia.

**d) Procedimiento de seguimiento, evaluación y modificación del plan y, en su caso, de difusión.**

O procedemento para o seguimento, a avaliación e a modificación deste plan de benestar e convivencia, será o seguinte:

Primeiro Trimestre  (setembro/outubro)	Presentación ante a comunidade escolar (aulas, ANPA, persoal docente e non docente) da figura e funcións da coordinadora de Benestar e convivencia..  Informe ao Consello Escolar sobre a convivencia e, no seu caso, sobre as actuacións feitas e as correccións e medidas disciplinarias interpostas.
Segundo Trimestre (Xaneiro/Febrero)	Seguimento do Plan.  Seguimento das diferentes actividades levadas a cabo e valoración da utilidade obtida.  Informe ao Consello Escolar sobre a convivencia e, no seu caso, sobre as actuacións feitas e as correccións e medidas disciplinarias impostas.

<p>Terceiro Trimestre</p> <p>(Maio/Xuño)</p>	<p>Seguimento do Plan de Convivencia. Seguimento das correccións impostas. Informe ao Consello Escolar sobre a convivencia e, no seu caso, sobre as actuacións feitas e as correccións e medidas disciplinarias impostas. Recollida das propostas de mellora por parte do profesorado (Claustro), alumnado e persoal non docente, para definir as vindeiras liñas de traballo deste plan de cara ao vindeiro curso académico e que supolla unha mellora na utilidade real e por tanto na calidade deste plan.</p>
--	---

# **ANEXO IV**

**ACCIONES CONCRETAS PARA O AÑO ACADÉMICO 2023/2024**

## **COORDINACIÓN DE BIENESTAR E CONVIVENCIA**

## **COORDINACIÓN DE BENESTAR E CONVIVENCIA**

### **ACCIÓNS CONCRETAS PARA O ANO ACADÉMICO 2023/2024**

**Temporalización: Todo o curso.**

#### **Entradas e saídas do centro:**

Co fin de contribuír á harmonía e a evitar conflitos derivados de carreiras, empurróns ou alteracións do ánimo pola celeridade innecesaria, as entradas e saídas serán ordeadas, calmas e camiñando. Recordarase esta premisa por parte dos titores e titoras sempre que faga falta.

#### **Corredores do centro:**

Reorganizar os espazos dos diferentes corredores no centro para que as saídas ao mediodía non sexan conflictivas: acotaránse zonas para o alumnado que marcha en autobús, o que vai ao comedor e o que sae pola porta principal, teña un lugar concreto de espera en filas. As sinalizacións serán claras e minimamente invasivas para non provocar contaminación visual. Asemade, incluíranse os pictos nesas sinalizacións para favorecer a mellor comprensión do alumnado que precisa destes soportes visuais.

#### **Patios exteriores:**

Polo menos unha vez á semana durante os recreos, prescindirase da actividade de fútbol para ofertar xogos diferentes cuxa escolla fará o profesorado especialista en educación física.

#### **Buzón de suxerencias para a mellora do benestar**

Haberá un buzón no primeiro andar para que o alumnado que o desexe poda poñer por escrito as iniciativas ou demandas que axuden á mellora do clima de harmonía na escola. A coordinación de Benestar revisará semanalmente este buzón para comprobar a recepción das cartas que poidan ter sido enviadas.

#### **Linguaxe visual inclusivo**

Continuarase co etiquetado das zonas, aulas, espazos comúns, etc para que o alumnado con algún tipo de diversidade adquira maior confianza e autonomía no seu desprazamento polo centro.

#### **Titorías semanas e charlas puntuais:**

Unha vez á semana, a coordinadora atenderá con titorías individuais ou charlas colectivas ao alumnado, familias ou calqueira persoa que dentro do ámbito da comunidade educativa, requira a súa axuda.

## **ANEXO V**

### **Contratos-programa (CPInclúe)**

## Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPIInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

### A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

#### a) Introducción

##### Razóns que xustifican a necesidade do plan

O CEIP A Xunqueira 1 comeza un novo curso cun novos proxectos. Ademais da renovación do equipo directivo, cremos a necesidade de darlle unha resposta máis axustadas a todo o alumnado en risco de exclusión e/ou necesidades específicas de apoio educativo.

Somos un centro de Pontevedra, da zona da Xunqueira, onde cada vez máis contamos con alumnado que require dunha especial resposta, que pasa por tratar de ofertar espazos inclusivos onde todos/as teñan oportunidades semellantes. Coa próxima inauguración do ascensor, cúbreanse os aspectos de mobilidade de toda a comunidade educativa polas distintas dependencias do centro. Mais, asemade, precisase unha resposta educativa-emocional que desde a pedagogía, pode ofertarse a través dos proxectos que aquí se presentan, como centro aberto ás familias e aos espazos nos que está situado o Centro.

#### b) Análise da situación de partida

**Describe a situación interna do centro educativo (puntos fortes e débiles do centro así como as ameazas e oportunidades do entorno que inciden neste).**

##### 1. DEBILIDADES:

- Elevado número de alumnado con neae.
- Dificultades para dar continuidade a certos proxectos.
- Falta de dotación de profesores especialistas en Pedagogía Terapéutica e cuidadores auxiliares.
- Relacións co Concello mellorables.

##### 2. FORTALEZAS:

- A principal: implicación do profesorado-alumnado-familias.
- A metodoloxía de traballo nas aulas, sendo o máis importante que partimos do alumnado e, apartires de aí, construímos.
- Localización do centro, preto de outros centros educativos de Infantil e Primaria, Secundaria, Formación Profesional, Escola Oficial de Idiomas e Campus Universitario.
- Centro plural e aberto, con inqedanzas por mellorar a nosa labor e o proceso de E-A.
- Pese á dificultade indicada antes coas familias que empregan o servizo de transporte, a relación con elas convírtese en fortaleza posto que pese a ser moitos o trato é persoal, familiar e, sobre todo, cercano.
- Instalacións amplas.
- Disposición de ascensor no centro.

##### 3. AMEAZAS:

- Nivel socioeconómico familias medio-baixo, cun grande número de alumnado en risco de exclusión social.
- Abandono estudos deste alumnado unha vez rematada a etapa obrigatoria.



# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

- Falta de recursos das anteriores familias, incidindo tamén no acceso a apoios terapéuticos para a xestión emocional.

### 4. OPORTUNIDADES:

- Equipo Directivo novo, cos cambios conseguintes de proxectos.
- Implicación de todo o profesorado nos proxectos de centro.
- Cada dificultade supón unha importantísima oportunidade de mellora, porque nos obriga a mellorar e poder así mellorar o proceso de EA de todo o alumnado.

## c) Obxectivos do plan

**Enumere os obxectivos que se perseguen co desenvolvemento das diferentes modalidades que constitúen o plan.**

Debemos partir do presuposto que cada dificultade supón unha importantísima oportunidade de mellora, porque nos obriga a mellorar e poder así mellorar o proceso de EA de todo o alumnado.

1. Mellorar o éxito escolar identificando e dando resposta ás dificultades do alumnado en relación coa aprendizaxe.
2. Favorecer a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social e fracaso escolar.
3. Acadar un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe.
4. Potenciar medidas organizativas e metodolóxicas nos centros que favorezan a evolución do alumnado.
5. Fomentar accións para promover a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo.
6. Desenvolver as competencias emocionais para a vida que permitan alcanzar un mellor benestar persoal e social.
7. Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensino e aprendizaxe.
8. Procurar a colaboración da administración local e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### 01. QUÉDA-T (Prevención do abandono temperán e do absentismo)

#### d) Medidas para o desenvolvemento desta modalidade

Enuméreas, ata un máximo de 5. (Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos).

- Dotar ás familias que o precisen de recursos tecnolóxicos para que poidan seguir o proceso de Ensino-aprendizaxe.
- Formar ás familias e ó alumnado para o emprego destas ferramentas dixitais. (de 1º a 4º de EP, dado que somos centro Edixgal en 5º e 6º de EP)
- Mellorar a comunicación familia-escola para que exista un proceso real de feed-back.
- Sentar as bases para difusión de contidos coas familias a través de charlas abertas.

#### e) Implicación das familias e doutras entidades

Descrba a colaboración doutros membros da comunidade educativa e/ou do entorno, de ser o caso.

- Concello de Pontevedra
- ANPA
- Centros educativos da contorna

#### f) Alumnado ao que vai destinada esta modalidade

Anote o número de alumnas

104

Anote o número de alumnos

122

Indique o número total de alumnado implicado (suma de alumnas e alumnos)

226

Indique os cursos que participarán nesta modalidade

Educación Infantil e 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos de Educación Primaria.

#### g) Profesorado implicado

Indique o número de docentes que participarán activamente nesta modalidade

23

Indique os equipos ou departamentos participantes

Todos os departamentos e equipos docentes.

#### h) Horario no que se desenvolverá a modalidade

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

**Anote o número de horas semanais**

1

**Descríba detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverá a modalidade**

O aplicativo esixe mínimo 1h, pero non será así, dado que ó traballar de xeito globalizado, non se pode especificar as sesións semanais.

## i) Recursos que implica a modalidade

**Descríba a necesidade de novos recursos para o desenvolvemento da modalidade**

- Recurso tecnolóxicos: preparar e mercar dispositivos dixitais para o empréstito ás familias sin recursos.
- Formación das familias nas ferramentas institucionais mediante charlas informativas.
- Realización de titoriais sobre as diferentes ferramentas institucionais, neste caso do abalar como medio seguro e fiable de comunicación familia- escola.

**Orzamento solicitado**

800

## j) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles)

**01. Porcentaxe de redución da taxa de abandono escolar respecto do curso anterior**

50

**02. Porcentaxe de redución do número de faltas de asistencia e de puntualidade sen xustificar**

70

**03. Porcentaxe de incremento da participación nas actividades do centro do alumnado en risco de abandono temperán**

50

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

## 02. IGUÁLA-T

### d) Medidas para o desenvolvemento desta modalidade

**Enuméreas, ata un máximo de 5. (Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos)**

- Realizar actividades nas que se faga visible a figura feminina en diferentes ámbitos da vida: ciencia, deporte, etc.
- Lecturas que permitan reflexionar sobre os estereotipos tradicionalmente asignados a homes e mulleres.
- Abordar directamente calquer situación de discriminación por razón de sexo que se poida producir na aula.
- PDI de centro que nace da biblioteca escolar.

### e) Implicación das familias e doutras entidades

**Describe a colaboración doutros membros da comunidade educativa e/ou do entorno, de ser o caso**

- Asociacións da contorna do centro (Arxil, por ex).
- Concello de Pontevedra.
- Centros educativos do Concello de Pontevedra e Poio.

### f) Alumnado ao que vai destinada esta modalidade

**Anote o número total de alumnas**

104

**Anote o número total de alumnos**

122

**Indique o número total de alumnado implicado (suma de alumnas e alumnos)**

226

**Indique os cursos que participarán nesta modalidade**

Educación Infantil e 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos de Educación Primaria.

### g) Profesorado implicado

**Indique o número de docentes que participarán activamente nesta modalidade**

23

**Indique os equipos ou departamentos participantes**

TODOS

### h) Horario no que se desenvolverá a modalidade

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

**Anote o número de horas semanais**

1

**Descrība detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverá a modalidade**

O aplicativo esixe mínimo 1h, pero non será así, dado que ó traballar de xeito globalizado, non se pode especificar as sesións semanais.

## i) Recursos que implica a modalidade

**Descrība a necesidade de novos recursos para o desenvolvemento da modalidade**

Mellorar a inclusión, a convivencia e promover a igualdade debe ser unha seña de identidade dos centros. No noso caso, dende hai moitos cursos, buscamos que esta mellora sexa unha realidade no día a día. A razón que nos leva a solicitar este programa é que estamos a ver que os problemas que antes eran propios doutras etapas educativas se empezan a dar nas escolas.

En tódalas aulas ordinarias hai alumnado con necesidades, sexan as que sexan, polo que favorecer a igualdade, a convivencia dan como resultado unha escola inclusiva, onde se respecten todas as diversidades do alumnado.

Facer visible todas estas actuación supoñen o emprego de recursos, tanto materiais como humanos, que un centro educativo non pode asumir facilmente.

Se queremos causar impacto na nosa sociedade por unha igualdade real, será preciso invertir, non só en bibliografía, se nón tamén en recursos que nos permitan chegar a todas e todos.

**Orzamento solicitado**

800

## j) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles)

**01. Número de accións encamiñadas á prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia**

1

**02. Número de actividades desenvolvidas para a prevención e abordaxe da violencia de xénero**

2

**03. Número de actividades desenvolvidas para a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**

4

**04. Número de actividades desenvolvidas para a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual**

3

**05. Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa respecto ao curso anterior**

100

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

**06. Porcentaxe de participación de alumnas nesta modalidade**

90

**07. Porcentaxe de participación de alumnos nesta modalidade**

90

**08. Porcentaxe de participación de docentes (homes) nesta modalidade**

100

**09. Porcentaxe de participación de docentes (mulleres) nesta modalidade**

100

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### 03. CONVIVE-T

#### d) Medidas para o desenvolvemento desta modalidade

**Enuméreas, ata un máximo de 5. (Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos).**

- Mellorar a convivencia do centro en tódolos cursos e etapas.
- Conitnuar coa aula de convivencia.
- Implantar a figura dos mediadores para a solución dos problemas que poidan xurdir.
- Implantar a titoría entre iguais. (TEI).
- Implicar a toda a comunidade escolar.

#### e) Implicación das familias e doutras entidades

**Describe a colaboración doutros membros da comunidade educativa e/ou do entorno, de ser o caso**

- Sentar as bases para poñer en marcha unha escola de pais e nais nas que se realicen actividades, charlas, sobre a convivencia. As familias son conscientes da problemática actual na sociedade, na realidade do alumnado polo que contamos coa súa colaboración activa e participativa.
- Esperamos contar, asemade, co concello de Pontevedra para a realización de diferentes actividades, conmemoracións.
- Guastaríanos contar tamén cos demais centros educativos do concello.

#### f) Alumnado ao que vai destinada esta modalidade

**Anote o número total de alumnas**

104

**Anote o número total de alumnos**

122

**Indique o número total de alumnado implicado (suma de alumnas e alumnos)**

226

**Indique os cursos que participarán nesta modalidade**

Educación Infantil e 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos de Educación Primaria.

#### g) Profesorado implicado

**Indique o número de docentes que participarán activamente nesta modalidade**

23

**Indique os equipos ou departamentos participantes**

Todos.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### h) Horario no que se desenvolverá a modalidade

Anote o número de horas semanais

1

**Descríba detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverá a modalidade**

O aplicativo esixe mínimo 1h, pero non será así, dado que ó traballar de xeito globalizado, non se pode especificar as sesións semanais.

### i) Recursos que implica a modalidade

**Descríba a necesidade de novos recursos para o desenvolvemento da modalidade**

Mellorar a Convivencia e promover a igualdade nos centros debe ser unha seña de identidade dos centros. No noso caso, dende hai moitos cursos, buscamos que esta mellora sexa unha realidade no día a día. A razón que nos leva a solicitar este programa é que estamos a ver que os problemas que antes eran propios doutras etapas educativas danse xa nas escolas.

Hoxe en día, ata nos centros como o noso, observamos que existen problemas de convivencia e queda latente que a sanción non mellora a convivencia, de feito percatámonos de que problemas que poden ser mínimos, co tempo, convírtense en problemas graves.

Para poder poñer todo isto en marcha, precisamos acondicionar o espazo, mercar bibliografía acorde, contar con profesionais para a realización de charlas-foros, entre outros recursos.

**Orzamento solicitado**

800

### j) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles)

**01. Porcentaxe de aumento do número de casos resoltos pola vía da mediación**

80

**02. Porcentaxe de incremento da participación do alumnado no programa de mediación escolar**

100

**03. Porcentaxe de redución da apertura do número de expedientes**

50

**04. Porcentaxe de redución das faltas de orde, apercibimentos e sancións**

50

**05. Porcentaxe de aumento da implicación das familias nas accións educativas relacionadas con esta modalidade**

25



# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

## 04. INCLÚE-T

### d) Medidas para o desenvolvemento desta modalidade

**Enuméreas, ata un máximo de 5. (Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos).**

- Identificación dos espazos do centro con simboloxía SAAC, mediante pequenos rótulos.
- Colocación dun taboleiro branco nos espazos comúns para comunicacións das sesións en SAAC e poder facer mellor seguimento das sesións: ximnasio, biblioteca....
- Levar a cabo a ensinanza mediante TEACCH para organización do traballo do alumnado de nee e neae.
- Charla para toda a comunidade educativa do centro e propostas de intervención nos patios.
- Elaboración por parte do DO e o equipo de extraescolares de propostas de intervención no recreo para un xogo inclusivo.
- Creación dunha liña de PFPP en relación á inclusión (todo o profesorado participa). Nos dous cursos anteriores, traballáronse estes aspectos en liñas de formación de Lingua de Signos e alumnos TEA.

### e) Implicación das familias e doutras entidades

**Describe a colaboración doutros membros da comunidade educativa e/ou do entorno, de ser o caso**

As familias son conscientes da problemática actual na sociedade, na realidade do alumnado polo que contamos coa súa colaboración activa e participativa.  
Solicitaremos a colaboración do concello de Pontevedra para a realización de diferentes actividades, conmemoracións.  
Guastaríanos contar tamén cos demais centros educativos do concello.

### f) Alumnado ao que vai destinada esta modalidade

**Anote o número total de alumnas**

104

**Anote o número total de alumnos**

122

**Indique o número total de alumnado implicado (suma de alumnas e alumnos)**

226

**Indique os cursos que participarán nesta modalidade**

Educación Infantil e 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos de Educación Primaria.

### g) Profesorado implicado

**Indique o número de docentes que participarán activamente nesta modalidade**

23

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Indique os equipos ou departamentos participantes

Todos.

## h) Horario no que se desenvolverá a modalidade

Anote o número de horas semanais

1

Descríba detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverá a modalidade

O aplicativo esixe mínimo 1h, pero non será así, dado que ó traballar de xeito globalizado, non se pode especificar as sesións semanais.

## i) Recursos que implica a modalidade

Descríba a necesidade de novos recursos para o desenvolvemento da modalidade

Mellorar a inclusión, a convivencia e promover a igualdade debe ser unha seña de identidade dos centros. No noso caso, dende hai moitos cursos, buscamos que esta mellora sexa unha realidade no día a día. A razón que nos leva a solicitar este programa é que estamos a ver que os problemas que antes eran propios doutras etapas educativas se empezan a dar nas escolas. En tódalas aulas ordinarias hai alumnado con necesidades, sexan as que sexan, polo que favorecer a igualdade, a convivencia dan como resultado unha escola inclusiva, onde se respecten todas as diversidades do alumnado. Para poder levalo a cabo precísanse recursos que os centros, en moitas ocasións, non podemos asumir.

Orzamento solicitado

800

## j) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles)

01. Número de actividades específicas de sensibilización de todo alumnado e profesorado coa inclusión

4

02. Porcentaxe de aumento da cohesión social e educativa no centro

40

03. Porcentaxe de aumento da implicación das familias nas accións educativas relacionadas con esta temática

25

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

## 05. EMOCIÓNA-T

### d) Medidas para o desenvolvemento desta modalidade

**Enuméreas, ata un máximo de 5. (Deberán ser accións concretas, innovadoras e orientadas aos obxectivos)**

- Traballar a empatía, así como a identificación de emocións alleas.
- Actividades de discriminación entre emocións e sentimentos.
- Reflexionar sobre estratexias que nos permiten regular as emocións propias e alleas.
- Relacionamos emocións con emoticonos : destinado ao alumnado con TEA especialmente.
- Desenvolver actuacións concretas no caso de alumnado con problemas de conducta, dirixidas á regulación de emocións e autocontrol.
- Por en marcha a coordinación de benestar emocional que neste curso recaerá na persoa da profesora Dña. Carmen Quinteiro.

### e) Implicación das familias e doutras entidades

**Describe a colaboración doutros membros da comunidade educativa e/ou do entorno, de ser o caso**

As familias son conscientes da problemática actual na sociedade, na realidade do alumnado polo que contamos coa súa colaboración activa e participativa.  
Solicitaremos a colaboración do concello de Pontevedra para a realización de diferentes actividades, conmemoracións.  
Guastaríanos contar tamén cos demais centros educativos do concello.

### f) Alumnado ao que vai destinada esta modalidade

**Anote o número total de alumnas**

104

**Anote o número total de alumnos**

122

**Indique o número total de alumnado implicado (suma de alumnas e alumnos)**

226

**Indique os cursos que participarán nesta modalidade**

Educación Infantil e 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos de Educación Primaria.

### g) Profesorado implicado

**Indique o número de docentes que participarán activamente nesta modalidade**

23

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

Indique os equipos ou departamentos participantes

Todos.

## h) Horario no que se desenvolverá a modalidade

Anote o número de horas semanais

1

Descríba detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverá a modalidade

O aplicativo esixe mínimo 1h, pero non será así, dado que ó traballar de xeito globalizado, non se pode especificar as sesións semanais.

## i) Recursos que implica a modalidade

Descríba a necesidade de novos recursos para o desenvolvemento da modalidade

Estamos a vivir unha situación excepcional que require reforzar o compoñente emocional do alumnado, aspecto que en moitas ocasións queda relegado a un segundo plano e que queda latente a súa importancia para desenrolar positivamente o proceso de EA do alumnado. Este confinamento vivido puxo de manifesto este aspecto tan importante e que, como centros educativos, debemos favorecer, reforzar, axudar a desenvolver. Soen quedar relagadas aun segundo plano as emocións, cando hoxe en día é preciso traballalas na escola, para que o alumnado sexa quen de entendelas. Pese a que este curso 23-24 é o segundo de "normalidade" percatámonos de que hai moitas tensións, moitos problemas (derivados ou non da situación vivida) e que o alumnado e adultos non sabemos canalizar do mellor xeito, polo que todos e todas precisamos de ferramentas, de guías para poder mellorar.

Orzamento solicitado

800

## j) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles)

**01. Número de accións encamiñadas á implicación do profesorado na formación en educación emocional**

3

**02. Número de accións encamiñadas á mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa**

3

**03. Porcentaxe de mellora do rendemento académico pola contribución das habilidades emocionais**

40

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

**04. Porcentaxe de incremento do benestar emocional, persoal e social da comunidade educativa**

25

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122

**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra

**PROGRAMA:** Contratos-programa (CPInclúe)

**ESTADO:** Trámite

**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

## **ANEXO VI**

### **Contratos-programa (CPInova)**

## Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira N° 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

### A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

#### a) Introducción

##### Xustificación da necesidade da realización do Plan de Mellora

O CEIP A Xunqueira 1 comeza un novo curso cun novos proxectos. Ademais da renovación do equipo directivo, cremos a necesidade de darlle unha resposta máis axustadas a todo o alumnado en risco de exclusión e/ou necesidades específicas de apoio educativo.

Somos un centro de Pontevedra, da zona da Xunqueira, onde cada vez máis contamos con alumnado que require dunha especial resposta, que pasa por tratar de ofertar espazos inclusivos onde todos/as teñan oportunidades semellantes. Coa próxima inauguración do ascensor, cúbreñe os aspectos de mobilidade de toda a comunidade educativa polas distintas dependencias do centro. Mais, asemade, precisase unha resposta educativa-emocional que desde a pedagogía, pode ofertarse a través dos proxectos que aquí se presentan, como centro aberto ás familias e aos espazos nos que está situado o Centro.

#### b) Análise DAFO

##### 1. Debilidades

DEBILIDADES:

- Elevado número de alumnado con neae.
- Dificultades para dar continuidade a certos proxectos.
- Falta de dotación de profesores especialistas en Pedagogía Terapéutica e coidadores auxiliares.
- Relacións co Concello mellorables.

##### 2. Fortalezas

- A principal: implicación do profesorado-alumnado-familias
- A metodoloxía de traballo nas aulas, sendo o máis importante que partimos do alumnado e, apartires de aí, construímos.
- Localización do centro, preto de outros centros educativos de Infantil e Primaria, Secundaria, Formación Profesional, Escola Oficial de Idiomas e Campus Universitario.
- Centro plural e aberto, con inquiredanzas por mellorar a nosa labor e o proceso de E-A
- Pese á dificultade indicada antes coas familias que empregan o servizo de transporte, a relación con elas convírtese en fortaleza posto que pese a ser moitos o trato é persoal, familiar e, sobre todo, cercano.
- Instalacións amplas.

##### 3. Ameazas

- Nivel socioeconómico familias medio-baixo, cun grande número de alumnado en risco de exclusión social.
- Abandono estudos deste alumnado unha vez rematada a etapa obrigatoria.
- Falta de recursos das anteriores familias, incidindo tamén no acceso a apoios terapéuticos para a



# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

xestión emocional.

### 4. Oportunidades

- Equipo Directivo novo, cos cambios conseguintes de proxectos.
- Implicación de todo o profesorado nos proxectos de centro.
- Cada dificultade supón unha importantísima oportunidade de mellora, porque nos obriga a mellorar e poder así mellorar o proceso de EA de todo o alumnado.

## c) Obxectivos do proxecto

**Indiquen os obxectivos que pretenden acadar co desenvolvemento do presente Plan de Mellora**

- Mellorar o proceso de EA do alumnado do centro para que ó finalizar adquiran un capacitación competencial que lles permita desenvolverse na vida.
- Mellorar o centro educativo (referido a instalacións e equipamentos) para que realmente o alumnado.
- Mellorar a organización do centro: documentación, relación coa administración, recursos materiais e persoais.
- Mellorar a nosa labor docente, permitíndonos adaptarnos mellor á realidade actual e adaptarnos mellor ás necesidades, intereses e demandas do alumnado.

## d) Indicadores de logro do Plan de Mellora

**Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique ata un máximo de 5.**

- Mellora dos resultados académicos do alumnado a nivel competencial en relación ó curso pasado.
- Mellora na organización do centro:
  - a) Documentación de centro realizada, incluíndo os formularios de informes, etc internos)
  - b) Equilibrio na organización do profesorado e persoal docente (DOC) para mellorar a intervención nas aulas.
- Sentar as bases para creación da aula STEAM no vindeiro curso.
- Mellora da labor docente.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### 01. EDUInnova. O centro docente como entorno innovador de

#### a) Medidas a desenvolver nesta modalidade, para cada competencia na que se vai incidir

**Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso, para cada unha das competencias nas que se vai incidir.**

##### COMPETENCIA MATEMÁTICA:

- Desenvolver a capacidade de abstracción mediante a creación de estruturas de pensamento baseadas na posta en práctica e a manipulación de distintos materiais e recursos.
- Aplicar os coñecementos adquiridos en contextos reais.
- Entender o pensamento lóxico e os fundamentos da programación, mediante o desenvolvemento de métodos para solucionar problemas de xeito sistemático, metódico e ordenado.
- Desenvolver o hábito da auto avaliación e a co-avaliación do seu traballo e establecer modificacións para melloralo.

##### COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:

Para o alumnado:

- Elaboración de mapas mentais e esquemas.
- Elaboración de textos publicitarios (para exposicións, presentacións de proxectos, etc elaborados na aula); de textos periodísticos de actividades relevantes da escola; de textos expositivos dos traballos realizados; etc.

Para o profesorado:

- Posta en práctica na aula do traballado en equipos.

Para toda a comunidade educativa:

- Realización dunha recollida de exemplos reais (xornais, outros medios de comunicación, cartelería, rotulacións, etc) de erros gramaticais, semánticos, ortográficos... nas distintas linguas, mediante o uso de medios dixitais.

##### COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Para o alumnado:

- Realización de experimentos científicos baseados en coñecementos traballados.
- Exposición de temas científicos do alumnado dun grupo ao alumnado doutro/s grupos
- Realización de distintos produtos que reflectan o aprendido en clase, respectando o estilo de expresión de cada alumno/a.

##### COMPETENCIA DIXITAL:

- Adquisición das destrezas necesarias para o emprego das novas tecnoloxías (Ordenadores EDIXGAL, tablets...)
- Favorecer e incidir no espírito crítico no uso das tecnoloxías (non podemos obviar o aumento de ciberacoso, roubo de datos na rede,etc,etc)
- Creación dunha base de datos, para uso interno, que mellore os tempos dos docentes para a confección da diferente documentación e que moitísimas veces, son duplicidades.
- Afondar coas familias no emprego das ferramentas dixitais, guiándoas para unha mellor capacitación tecnolóxica.
- Favorecer o emprego das ferramentas dixitais para todo o profesorado.

#### b) Indique o número de alumnado co que vai traballar en cada competencia (de non incidir

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

**01. Número de alumnos que van participar na competencia MATEMÁTICA e competencia en CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA.**

91

**02. Número de alumnas que van participar na competencia MATEMÁTICA e competencia en CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA.**

81

**03. Número TOTAL do alumnado que vai a participar na competencia MATEMÁTICA e competencia en CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA. (suma de alumnos máis alumnas)**

172

**04. Número de alumnos que van participar na COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

91

**05. Número de alumnas que van participar na COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

81

**06. Número TOTAL do alumnado que vai a participar na COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (suma de alumnos máis alumnas)**

172

**07. Número de alumnos que van participar na COMPETENCIA DIXITAL**

91

**08. Número de alumnas que van participar na COMPETENCIA DIXITAL**

81

**09. Número TOTAL do alumnado que vai a participar na COMPETENCIA DIXITAL (suma de alumnos máis alumnas)**

172

**c) Indique os grupos que van participar nesta modalidade, en cada unha das competencias**

**Grupos que van participar nesta modalidade, en cada competencia**

Toda a Etapa de Primaria: 1º,2º,3º,4º,5º e 6º

**d) Horario lectivo no que se vai desenvolver a modalidade, en cada competencia nas que**

**Indique o horario no que se desenvolverán as actividades e/ou medidas, así como a temporalización prevista das mesmas ao longo do curso.**

Desenvolvemos unha metodoloxía por competencias, non limitándose, porén, o horario ao asignado para a materia de matemáticas, dado que o que tentamos é que apliquen nun contexto real para eles, do que as matemáticas forman parte. O traballo se realiza de xeito globalizado e interdisciplinar.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### e) Orzamento

Indique a cantidade de recursos económicos que solicita para desenvolver esta modalidade do Plan de Mellora  
800

### f) Indicadores

**Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación das medidas propostas nesta modalidade do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique un mínimo de 3.**

Levamos incidindo en todas as convocatorias que o traballo por competencias non permite realizar paralelismo entre asignaturas e materias, posto que a CMT (por exemplo) non depende unicamente do traballo do mestre da materia matemática, senón do traballo globalizado e interdisciplinar.

No segundo indicador, tendo en conta que a cualificación competencial so se reflicte na avaliación ordinaria, pensamos que a comparación debe realizarse entre a anterior e a deste curso.

Asemade, incluímos como outro indicador, levar a cabo como mínimo, o 75% das actividades previstas, en función, tamén, da previsión orzamentaria.

### g) Compromisos adquiridos

**Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) nesta modalidade do Plan de Mellora**

Realizar unha exposición e presentación dos proxectos.

### h) Profesorado implicado

**Indique o número de docentes que van participar activamente nas distintas medidas e/ou actividades desta modalidade**

19

**Indique os equipos ou departamentos participantes.**

Todos os equipos docentes de Educación Primaria.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

## 02. EDUexcelencia. O centro docente como promotor da excelencia a

### a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

**Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso.**

- Iniciarse, de forma temperá, na programación.
- Levar á práctica o aprendido na liña de robótica dos PFPP de cursos anteriores.
- Realización e implementación na aula de unidades didácticas e/ou proxectos con metodoloxía SEM, integrando nas mesmas, na medida do posible STEM e Robótica.
- Divulgación dos proxectos, realizada polos/as propios/as alumnos/as participantes.
- Presentar e expoñer os proxectos ou produtos sociais relevantes ante toda a comunidade educativa.

### b) Indique o número de alumnado co que vai traballar (de non participar ningún, indique

#### 01. Número de alumnos que van participar

122

#### 02. Número de alumnas que van participar

104

#### 03. Número TOTAL do alumnado que vai a participar (suma de alumnos máis alumnas)

226

### c) Indique os grupos que van participar nesta modalidade

**Grupos que van participar nesta modalidade**

Educación Infantil e Educación Primaria.

### d) Horario no que se vai desenvolver a modalidade

**Indique o horario no que se desenvolverán as actividades e/ou medidas, así como a temporalización prevista das mesmas ao longo do curso.**

O traballo realízase de xeito globalizado e interdisciplinar, non limitándose o horario ao asignado para as materias de Matemáticas e Ciencias da Natureza.

### e) Orzamento

**Indique a cantidade de recursos económicos que solicita para desenvolver esta modalidade do Plan de Mellora**

800

### f) Indicadores

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

**Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación das medidas propostas nesta modalidade do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique un mínimo de 3.**

EDUCACIÓN INFANTIL e 1º CICLO de PRIMARIA:

- Levar a cabo un proxecto empregando o robot Codey Rocky.
- Uso do programa Scratch jr. nas tablets que dispoñemos no centro.

2º ciclo de EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Fundamentos de ofimática (edición de textos e presentacións).
- Creación e traballo de contidos con ferramentas online (educaplay, Kahoot, e outros).

3º ciclo de EDUCACIÓN PRIMARIA:

Para 5º curso:

- Programación con Scratch, usando a plataforma <https://scratch.mit.edu/>. Realización dun proxecto.
- Levar a cabo un proxecto empregando o robot mbot.

Para 6º curso:

- Programación con Scratch, usando a plataforma <https://scratch.mit.edu/>. Realización dun proxecto.
- Levar a cabo un proxecto empregando o robot mbot2.

## g) Compromisos adquiridos

**Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) nesta modalidade do Plan de Mellora**

- Participación activa na modalidade.
- Reflexión sobre a práctica.
- Exposición dos traballos.

## h) Profesorado implicado

**Indique o número de docentes que van participar activamente nas distintas medidas e/ou actividades desta modalidade**

15

**Indique os equipos ou departamentos participantes.**

Titores/as de Educación Infantil e Primaria e profesorado de apoio.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### 03. EDUsaúde. O centro como dinamizador de hábitos de vida

#### a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso.

- Merendas saudables.
- Deporte na escola.
- Horto escolar.

#### b) Indique o número de alumnado co que vai traballar (de non participar ningún, indique

01. Número de alumnos que van participar

91

02. Número de alumnas que van participar

81

03. Número TOTAL do alumnado que vai a participar (suma de alumnos máis alumnas)

172

#### c) Indique os grupos que van participar nesta modalidade

Grupos que van participar nesta modalidade

Educación primaria: 1º,2º,3º,4º,5º e 6º de EP

#### d) Horario no que se vai desenvolver a modalidade

Indique o horario no que se desenvolverán as actividades e/ou medidas, así como a temporalización prevista das mesmas ao longo do curso.

Ao realizar o traballo por competencias, non se limita o horario ao asignado para a materia de matemáticas, dado que o que tentamos é que apliquen nun contexto real para eles, do que as matemáticas forman parte. O traballo se realiza de xeito globalizado e interdisciplinar.

#### e) Orzamento

Indique a cantidade de recursos económicos que solicita para desenvolver esta modalidade do Plan de Mellora

800

#### f) Indicadores

Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación das medidas propostas nesta modalidade do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique un mínimo de 3.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

- Reducción de residuos.
- Establecemento en toda a primaria dunha táboa de merendas saudables (obxectivo de que alo menos 2 días traian merendas saudables).
- Participación en actividades deportivas e a consolidación de realizar exercicio.

## g) Compromisos adquiridos

**Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) nesta modalidade do Plan de Mellora**

Participar e favorecer o desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.

## h) Profesorado implicado

**Indique o número de docentes que van participar activamente nas distintas medidas e/ou actividades desta modalidade**

10

**Indique os equipos ou departamentos participantes.**

Titores de EP e profesorado de Educación Física.



# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

## 04. EDUsostibilidade. O centro educativo comprometido cos Obxectivos

### a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

**Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso.**

- Dixitalizar tódalas comunicacións do Centro ás familias e profesorado, eliminando as realizadas en papel.
- Substituír o papel empregado no secado de mans por secadores de mans eléctricos.
- Reducir, reciclar reutilizar.
- Recollida selectiva dos residuos
- Continuar coa recuperación do composteiro para o orgánico e posterior emprego do horto.

### b) Indique o número de alumnado co que vai traballar (de non participar ningún, indique

#### 01. Número de alumnos que van participar

91

#### 02. Número de alumnas que van participar

81

#### 03. Número TOTAL do alumnado que vai a participar (suma de alumnos máis alumnas)

172

### c) Indique os grupos que van participar nesta modalidade

**Grupos que van participar nesta modalidade**

Educación primaria: 1º,2º,3º,4º,5º e 6º cursos.

### d) Horario

**Indique o horario no que se desenvolverán as actividades e/ou medidas, así como a temporalización prevista das mesmas ao longo do curso.**

Ao realizar o traballo por competencias, non se limita o horario ao asignado para unha materia específica, dado que o que tentamos é que apliquen nun contexto real para eles, do que as materias concretas forman parte. O traballo se realiza de xeito globalizado e interdisciplinar.

### e) Orzamento

**Indique a cantidade de recursos económicos que solicita para desenvolver esta modalidade do Plan de Mellora**

800

### f) Indicadores

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

**Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación das medidas propostas nesta modalidade do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique un mínimo de 3.**

- Reducir nun 75% o emprego de papel na vida do centro, do emprego de plásticos e outros residuos nocivos para o medio ambiente.
- Recuperación do composteiro e emprego correcto do mesmo.
- Instalación, uso e recollida selectiva de contenedores.
- Creación das patrullas verdes de seguimento semanal do estado dos composteiros, recolletores selectivos.

## g) Compromisos adquiridos

**Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) nesta modalidade do Plan de Mellora**

Participar e favorecer o desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.

## h) Profesorado implicado

**Indique o número de docentes que van participar activamente nas distintas medidas e/ou actividades desta modalidade**

19

**Indique os equipos ou departamentos participantes.**

Equipos docentes de primaria, especialistas e departamento de orientación.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

## 05. EDUcalidade. O centro educativo como modelo de calidade a nivel

### a) Medidas a desenvolver nesta modalidade

**Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso.**

- Dixitalizar as comunicacións coa comunidade educativa.
- Realización dunha base de datos que permita e favoreza o traballo administrativo do profesorado (por exemplo acceder a formularios de informes, modelos de autorizacións, etc).
- Mellora da axenda personalizada do centro, onde se establezan as normas básicas, información importante do centro, entre outros.
- Iniciar a realización dun Plan de acollida para o novo profesorado: preparación dunha carpeta na que se inclúa a documentación do centro (programa alerta escolar, alumnado comedor, transporte, actividades extraescolares, normas de funcionamento do centro, resumo das NOF, os protocolos, entre outros documentos).
- Plan básico de acollida familias: preparación dun cartafol para as familias nas que se inclúa a información máis relevante do centro,
- Mellora xestión administrativa: realización de diferentes formularios, consensuados coa Inspección educativa, dos diferentes informes, memorias, etc que debemos realizar.(como forma de optimizar o tempo e os recursos do profesorado).

### b) Horario no que se vai desenvolver a modalidade

**Indique o horario no que se desenvolverán as actividades e/ou medidas, así como a temporalización prevista das mesmas ao longo do curso.**

150

### c) Orzamento

**Indique a cantidade de recursos económicos que solicita para desenvolver esta modalidade do Plan de Mellora**

800

### d) Indicadores

**Estableza os indicadores de logro (obxectivos e medibles), que permitan comprobar os avances acadados trala aplicación das medidas propostas nesta modalidade do Plan de Mellora ao finalizar o curso. Indique un mínimo de 3.**

- Comunicacións coas familias a través de sistemas dixitais (ABALAR, Aula Virtual, Edixgal...) e co profesorado (ABALAR, correo electrónico...).
- Base de datos cos modelos de informes, documentación de centro, etc.
- Realización e actualización da documentación do centro.
- Elaboración do Plan de Acollida para o curso seguinte.
- Axenda personalizada.

### e) Compromisos adquiridos

**Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, ...) nesta modalidade do Plan de Mellora**

Participación activa de toda a comunidade escolar nesta mellora organizativa.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122  
**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra  
**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24  
**ESTADO:** Trámite  
**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### f) Profesorado implicado

Indique o número de docentes que van participar activamente nas distintas medidas e/ou actividades desta modalidade

23

Indique os equipos ou departamentos participantes.

Equipo Directivo  
Departamento de Orientación  
Equipo de Biblioteca  
Equipo de Normalización da Lingua galega  
Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.  
Equipo de TICs

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 36006122

**CENTRO:** CEIP A Xunqueira Nº 1 - Pontevedra - Pontevedra

**PROGRAMA:** Contratos-Programa Innova 2023/24

**ESTADO:** Trámite

**VERSION:** 1

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

## **ANEXO VII**

### **Plan Proxecta: 15. Meteoescolas**



## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2023/2024

PROGRAMA	SOLICITUDE	VERSIÓN
<b>Plan Proxecta: 15. MeteoEscolas</b>	<b>39988</b>	<b>1</b>

Traballará neste proxecto todo o alumnado do centro, contaremos coa colaboración das familias. O alumnado participará nas diferentes actividades segundo as súas capacidades.

### OBXECTIVOS

1. Identificar os principais elementos do entorno natural, social e cultural
2. Analizar algunha das intervencións dos seres humanos no medio
3. Desenvolver hábitos de traballo en equipo
4. Coñecer conceptos a través da observación e da acción, adoptando unha actitude investigadora
5. Diferenciar tempo atmosférico e clima
6. Comprender as variables meteorolóxicas
7. Identificar os factores que determinan a temperatura, o vento, a humidade
8. Recoñecer os instrumentos de medida da temperatura, presión atmosférica, velocidade do vento, humidade e precipitacións
9. Diferenciar os diferentes tipos de precipitacións.

### ORGANIZACIÓN

Traballaremos sobre o clima e o tempo atmosférico. Falaremos ademais dos elementos climáticos, como se miden e que producen. O obxectivo principal é que o alumnado coñeza que é o clima e os seus diferentes elementos utilizando todas as ferramentas posibles. Pretendemos tamén fomentar o traballo en equipo, manexar de forma adecuada os recursos TIC e todos os que nos proporcione o centro. Buscaremos unha aprendizaxe significativa, asegurando a construción da aprendizaxe con sentido, coherencia e significado para o alumnado. Promoveremos a actividade do alumnado.

Alternaremos estratexias didácticas.  
Solicitaremos tamén a colaboración das familias.

Actividades a realizar:

1. Diferenciaremos tempo e clima.
2. Coñeceremos os compoñentes dunha estación metereolóxica.
3. Realizaremos medicións (precipitacións, temperatura, dirección do vento....)
4. Investigaremos sobre os diferentes tipos de nubes.
5. Interpretaremos mapas do tempo.
6. Realizaremos e interpretaremos climogramas.
7. Coñeceremos a meteoroloxía e o clima en Galicia.
8. Coñeceremos os factores que inflúen no clima.
9. Cultivaremos e coidaremos a horta escolar segundo a estación na que nos atopamos.
10. Coñeceremos refráns, ditos, cantigas... relacionados co tempo e as estacións.
11. Realizaremos presentacións en Impress sobre as estacións metereolóxicas e o clima.
12. Realizaremos vídeos presentando o tempo.
13. Construiremos cataventos, pluviómetros....
14. Realizaremos experimentos sobre a presión atmosférica, temperatura, nubes, humidade, precipitacións..
15. Desde a Área de Educación Física, analizar os días de choiva/bo tempo para desenvolver estas sesións: medición da temperatura nos recintos onde se van desenvolver as actividades da área.

### AVALIACIÓN

Realizaremos varios tipos de avaliación:

- . Unha avaliación inicial para saber de onde partimos.
- . Unha avaliación continua a través do seguimento da realización das actividades e experimentos previstos, tanto na clase coma fóra dela (horta escolar).
- . Por último unha avaliación final do proxecto cunha enquisa para o alumnado e outra para os docentes.

SINATURA DO/DA DIRECTOR/A E SELO DO CENTRO

Pontevedra, 26 de setembro de 2023

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

## **ANEXO VIII**

### **Plan Proxecta: 05. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)**





## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROXECTA 2023/2024

PROGRAMA <b>Plan Proxecta: 02. Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD)</b>	SOLICITUDE <b>39989</b>	VERSIÓN <b>2</b>
---	----------------------------	---------------------

### ALUMNADO

Ensinanza	Ciclo	Curso	Alumno	Alumna	Aulas
Educación infantil	Segundo ciclo de infantil	4º Educación infantil	10	7	1
Educación infantil	Segundo ciclo de infantil	5º Educación infantil	8	11	1
Educación infantil	Segundo ciclo de infantil	6º Educación infantil	13	5	1
Educación primaria	Primeiro ciclo de primaria	1º Educación primaria	10	7	1
Educación primaria	Primeiro ciclo de primaria	2º Educación primaria	8	9	1
Educación primaria	Segundo ciclo de primaria	3º Educación primaria	18	13	2
Educación primaria	Segundo ciclo de primaria	4º Educación primaria	17	16	2
Educación primaria	Terceiro ciclo de primaria	5º Educación primaria	12	17	2
Educación primaria	Terceiro ciclo de primaria	6º Educación primaria	25	20	2

### TÍTULO

XUNQUEIRA 1... MÁIS ACTIVA E SAUDABLE

### INTRODUCCIÓN

Frente ao sedentarismo causado pola falta de exercicio, actividades físicas-deportivas e o consumo excesivo de tecnoloxía dixital, o colexio desempeña un papel fundamental na adquisición das competencias necesarias para a práctica da actividade física entre os máis cativos. Na infancia, a actividade física é casi sempre lúdica, é xogo espontáneo; aspectos que deben facilitarse dende a escola e nos tempos de lecer. Os nenos e as nenas serán estimulados a moverse todos os días xa que os hábitos de vida saudable deben establecerse dende idades tempranas.

Parte do seu tempo libre débennos adicar a participar en xogos, deportes e calquera outra actividade en que movan seu corpo, para que así poidan desenvolver todos os aspectos da boa forma física.

### OBXECTIVOS

- Incrementar a actividade física diaria dentro e fóra do horario lectivo creando hábitos que perduren ao longo do tempo.
- Actuar como dinamizador e promotor de hábitos de vida activa e saudable.
- Loitar contra o sedentarismo, sobrepeso e obesidade a través do incremento de carga real de actividade física realizada polo alumnado.
- Traballar de forma transversal os contidos da actividade física diaria e hábitos saudables (alimentación, hixiene, condutas nocivas -alcohol, tabaco, sedentarismo por pantallas).
- Dinamizar e regular o tempo de ocio nos recreos ofrecendo alternativas xogadas como torneos intra e inter centros, patios dinámicos, presentación e práctica de novos deportes.

### ORGANIZACIÓN

As actividades deportivas realizaranse en horario lectivo, empregando non só as sesións propias da materia de educación física senón calquera actividade que fomente a práctica física e deportiva.

Participación de todo o claustro docente aportando dende as diferentes etapas e áreas.

Empregarase unha metodoloxía activa e participativa por parte do alumnado.

### AVALIACIÓN

- Aumento no número de alumnos/as que demandan a práctica doutros deportes, ademais do fútbol
- Aumento do número de alumnos/as que participan en actividades deportivas fóra do ámbito estritamente académico.
- Diminución do número de conflitos nos recreos, relacionados coa práctica deportiva.
- Mellora dos hábitos alimentarios e de hixiene do alumnado.
- Desenvolvemento de actitudes e comportamentos de respecto mutuo dentro da práctica deportiva.
- Maior participación en actividades físico-deportivas por parte do alumnado en horario lectivo.

SINATURA DO/DA DIRECTOR/A E SELO DO CENTRO

Pontevedra, 26 de setembro de 2023

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

## **ANEXO IX**

### **Plan de ORIENTACIÓN**

## **Anexo IX**

# **PLAN DE ORIENTACIÓN**

## ➤ **XUSTIFICACIÓN**

Concíbese a orientación educativa como o proceso continuo de apoio e asesoramento aportado polo sistema educativo ao alumnado sobre os aspectos escolares, persoais, académicos e profesionais.

Concédese á expresión “orientación educativa” un sentido amplo, que abarca as actuacións de orientación desenroladas polo sistema educativo tanto no ámbito propiamente escolar e curricular coma as levadas a cabo a través da acción tutorial e en relación coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional.

A orientación aportada no ámbito educativo debe centrarse no logro do mellor axuste da resposta educativa ás características de cada alumno/a. Por esta vía dáse resposta ás necesidades que teñen todos os alumnos de ser asesorados e axudados nas distintas vertentes durante o seu proceso de escolarización.

A orientación constitúe unha vertente de actuación que completa e complementa á acción estritamente docente e propicia que o alumno logre unha educación integral.

O presente Plan susténtase nuns principios e criterios que son utilizados como punto de referencia para a interpretación da situación e delimitación dos obxectivos e medidas a desenrolar. Poden resumirse da seguinte forma:

➤ **Globalidade.** Concíbese a orientación educativa como unha actividade necesaria para dotar á educación do alumno/a dun carácter global. A acción educativa implica a planificación e impartición duns contidos, pero considerando o proceso desde unha perspectiva ampla e global. A orientación contribúe a preservar esta dimensión global da educación, propiciando o desenrolo integral do alumno/a como persoa.

➤ **Xeneralización.** A relevancia da acción orientadora fai que se deba levar a cabo de forma xeneralizada, aplicándose ao conxunto do alumnado.

➤ **Continuidade.** Concíbese a orientación como un proceso continuo, que se realiza de xeito permanente durante toda a escolarización do alumno/a,

aínda que se intensifica en determinados momentos de transición e toma de decisións.

➤ **Sistematicidade.** A acción orientadora será desenvolada de forma sistemática, sendo obxecto en cada caso dunha planificación, desenvolamento e avaliación en función dos obxectivos propios do ámbito educativo.

➤ **Adecuación.** A intervención perseguirá a adecuación ás características de cada caso, polo que se levará a cabo con criterios de gran flexibilidade e adaptabilidade.

➤ **Prevenición.** As accións que se levarán a cabo non se limitarán á intervención e compensación das dificultades xa existentes, senón que contemplarán a súa prevención para diminuír o risco de aparición nun futuro.

➤ **Personalización.** A orientación é un factor que debe propiciar a personalización do proceso educativo. Procurarase unha atención orientadora específica que considere as necesidades educativas propias do alumnado, en función das súas diferenzas en capacidades, motivacións, intereses e circunstancias particulares.

➤ **Corresponsabilidade.** A orientación educativa é responsabilidade de toda a comunidade educativa, aínda que as funcións e responsabilidades son diferentes para os distintos integrantes.

### ➤ **CONTEXTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

Este Departamento de Orientación abarca unha zona urbana de Pontevedra e zonas periféricas, cun nivel socioeconómico medio e medio-baixo.

Exerzo a xefatura deste departamento de forma definitiva.

O Dpto forma parte, a súa vez, do Departamento de Orientación do IES A Xunqueira 1, ao que está adscrito.

### **PLANIFICACIÓN XERAL**

### ➤ **COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.**

De acordo co establecido no Art. 38 do Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non

universitarias, constitúese na primeira quincena do mes de setembro o Dpto. de Orientación para o curso escolar 2023/24, que estará composto por:

- A Orientadora
- O mestre especialista en Pedagogía Terapéutica
- A mestra especialista en Audición e Linguaxe
- Unha mestra itinerante especialista en AL (luns e xoves, media xornada no centro)
- Un mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica concedido dentro do Programa Acompaña
- A Coordinadora do segundo ciclo de E.I.
- Tres coordinadores dos ciclos de Ed. Primaria, designados pola Dirección.
- A Xefa de Estudos
- O Director

Completan o Dpto:

- Dúas persoas coidadoras
- Unha intérprete da lingua de signos

#### ✦ PLAN DE REUNIÓNS DO DEPARTAMENTO:

Os membros deste Departamento reunirse unha vez ao mes.

Fixaranse reunións semanais da xefa do Dpto. cos respectivos mestres de PT e AL.

Tamén haberá unha reunión trimestral, como mínimo, co Dpto. de Orientación do IES A Xunqueira 1 ao que este centro está adscrito.

#### ✦ OBXECTIVOS XERAIS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación desenvolverá as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, tanto no ámbito académico como persoal, e a súa finalidade é a de impulsar o desenvolvemento integral do alumnado, e optimizar, tanto os procesos de ensino-aprendizaxe, como de axuste e equilibrio persoal e social partindo da

análise previa da situación, e establecendo, coa colaboración e axuda de todos os recursos humanos dispoñibles, as estratexias de intervención axeitadas para solucionar ou paliar, na medida do posible, as necesidades detectadas e establécense os seguintes obxectivos dentro das súas competencias:

⇒ En relación cos alumnos/as:

➤ Valorar as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que sexan detectadas na avaliación do alumnado e deseñar programas específicos de intervención, así como revisión de medidas de apoio.

➤ Seguimento do alumnado dos diferentes niveis e etapas educativas, así como a coordinación entre E. Infantil- E. Primaria-ESO

Accións prioritarias:

➤ De acordo coas directrices emanadas da Orde 24/07/98 (Art. 13), das Circulares da Dirección Xeral de O. E. e F. Profesional, do Decreto 229/2011, do 7 de decembro e da Orde do 8 de setembro de 2021 elaborar propostas do plan de orientación académica e de acción tutorial incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, priorizando, entre outros, na mellora do clima da convivencia nos centros, na promoción de condutas tolerantes, na atención á diversidade nunha sociedade multicultural, así como na potenciación das materias instrumentais do currículo e fomento da posta en valor da cultura do esforzo polo aprendizaxe.

➤ Asesoramento ao alumnado.

➤ Deseñar medidas encamiñadas á identificación temperá de NEAE e á prevención de dificultades na aprendizaxe, tanto por condicións desfavorables, como de sobredotación.

➤ Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que procedan e participar no deseño de medidas de atención á diversidade e específicas, como adaptacións do currículo e reforzos.

➤ Fomento e colaboración no seguimento, avaliación e revisión dos plans de acción tutorial.

⇒ En relación cos profesores, centro e familias:

➤ Asesoramento aos equipos docentes e ao equipo directivo en temas de avaliación, promoción e titulación.

➤ Orientación ás familias na tarefa educadora.

➤ Implicar aos pais/nais ou titores legais nas actividades, sobre todo no apoio á aprendizaxe.

➤ Participar na modificación, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo para a atención á diversidade.

➤ Recompilación de material bibliográfico-técnico e de reeducación e tratamento de dificultades de aprendizaxe, para poñer a disposición do profesorado.

➤ Analizar as medidas de atención á diversidade, coa periodicidade establecida.

➤ Asesorar nos apoios e reforzo educativo en xeral ao profesorado, respecto aos distintos niveis de dificultade, así como naquelas onde exista un desfase entre a idade cronolóxica e o nivel académico, ou cando se trate de alumnado con NEAE, e, en xeral, calquera tipo de problemática.

➤ Facilitar á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesarios para os momentos escolares máis decisivos, ou de maior dificultade, tales como:

- Ingreso no centro
- Cambio de nivel ou etapa
- Promover accións de colaboración para atender á atención á diversidade no centro
- Fomentar a colaboración entre a familia e a escola.

➤ Colaboración con outros departamentos de orientación da zona, co equipo de orientación específico, cos servizos sociais do concello e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a un mellor asesoramento e formación de calquera dos compoñentes da comunidade educativa.



## ⇨ ACTIVIDADES:

A nivel xeral, as actividades que abarcará este Dpto de Orientación son:

⇨ Atención temperá dos alumnos/as dos primeiros cursos, para detectar e identificar posibles necesidades que poidan amosar os nenos/as a estas idades.

⇨ Avaliación dos alumnos/as de diferentes niveis, pendentos de revisión e valoración psicopedagóxica. Farase atendendo a criterios de prioridade, segundo a natureza dos déficits, nivel escolar e nivel de desadaptación dentro do grupo.

⇨ Realización de informes psicopedagóxicos, ditames necesarios segundo a lexislación vixente, etc.

⇨ Avaliación de dificultades visuais en nenos/as de 5 anos, empregando material específico, facilitado pola especialista en deficiencias sensoriais do Equipo de Orientación Específico.

⇨ Colaboración e asesoramento ao profesorado nas medidas de reforzo, atención á diversidade, adaptacións curriculares ..., así como na planificación e organización dos apoios.

⇨ Colaboración naquelas propostas ou decisións que se leven a cabo dentro dos contextos do PEC e do PCC.

⇨ Asistencia ás sesións de avaliación, con voz pero sen voto, incidindo máis no caso de aqueles alumnos/as nos que houbera intervención directa por parte do Dpto.

⇨ Analizar periodicamente os resultados da atención á diversidade, de cara a facer un seguimento e avaliación dos mesmos.

⇨ Elaboración de plans de acción concretos, dirixidos ao alumnado que amosa problemas de lectoescritura e dificultades nas materias instrumentais.

## ⇨ AVALIACIÓN

A avaliación do plan levarase a cabo en dous momentos:

⇒ Durante o seu desenvolvemento, o que permitirá realizar as oportunas modificacións.

⇒ Ao rematar o curso escolar, para valorar o grao de consecución dos obxectivos e propoñer melloras de cara o vindeiro curso.

Esta avaliación realizarase a través das reunións periódicas dos titores/as co Dpto. de Orientación e a Xefatura de estudos, dende onde se articularán os recursos persoais e materiais e se proporcionarán asesoramento e apoio necesario para que sexa posible o desenrolo do Plan dun xeito coordinado.

O Dpto. de Orientación recollerá as aportacións dos implicados para elaborar a memoria que sobre o desenrolo do Plan debe realizarse ao finalizar o curso. Nesta memoria analizaranse e valoraranse as actuacións levadas a cabo e propoñeranse melloras de cara a vindeiros cursos.

#### ⇒ PROPOSTAS DO DEPARTAMENTO RESPECTO DA ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial é un dos niveis de aplicación da orientación nun centro educativo e constitúe un dos principais factores que posibilitan a orientación do alumnado en xeral e a calidade educativa dun centro.

Dentro das propostas de acción titorial, cabe mencionar que algunhas das actividades a realizar son, en moitos aspectos, coincidentes con outras incluídas no plan de orientación e no plan de centro; isto non supón unha reiteración innecesaria, senón que obedece a un principio de extrema interconexión dos principios nos que están baseadas ambas actuacións, diferenciándose, en gran parte dos casos, na forma e as persoas implicadas, tendo a mesma finalidade.

Para levar a cabo a acción titorial será necesario:

- Unha valoración de coñecementos polo titor/a.
- Exame e valoración da documentación académica e psicopedagóxica, con maior detemento naqueles casos de nenos/as que se escolarizaron recentemente no centro, ben sexa como traslado doutro centro ou ben que inician escolarización.

- O Dpto. de Orientación facilitará probas e instrumentos de avaliación e control, para a recollida de datos, como paso previo á análise das mesmas polo Dpto., de cara a detección de NEAE e, se fose o caso, accións de avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico.

- Intervirase especialmente nos primeiros cursos para detectar e corrixir, de ser o caso, as dificultades que puideran existir.

- O Dpto. elaborará as pautas de actuación máis convenientes, segundo os resultados obtidos.

- Detección das dificultades de aprendizaxe e estudio no Dpto. (coordinadores de ciclo e titores) das estratexias máis convenientes para reducir e/ou corrixir o problema.

- Información aos alumnos/as e ás súas familias daquelas condicións que sexan favorecedoras do rendemento académico, así como daquelas outras que se estimen claramente como desfavorables, así como tamén tratar de implicar ás familias na cultura do esforzo no ámbito educativo, non só do alumno/a senón deles mesmos.

- Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo, que favorezan a aprendizaxe autónoma e do desenvolvemento das capacidades do alumnado, así como afianzar o sentido de traballo en equipo, a valoración das aportacións dos demais e o respecto a outras formas diferentes de pensar.

- Respecto do desenvolvemento persoal e social: facilitar, por parte do Dpto., de acordo co profesorado, os obxectivos e un listado de actividades a realizar. Accións para a integración dos alumnos/as:

- Avaliación do alumnado procedente do estranxeiro, para acordar as medidas de atención que resulten máis oportunas.

- Programa de acollida en ESO: en colaboración cos titores e o IES ao que está adscrito o centro; dirixido ao alumnado que remata a etapa de primaria (6º curso): charlas a cargo do director/a ou xefe/a de estudos, orientadora do IES, visitas guiadas, ...

- Estudio dos expedientes e información sobre os novos alumnos/as.

- Informar ao profesorado dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas que se realicen ao longo do curso.

- Informar ao profesorado sobre métodos de traballo para o incremento das habilidades sociais e autoestima, así como para a mellora da convivencia, tanto dentro do grupo como intergrupos, accións que deberán levar a cabo os docentes, e igualmente outras que incidan no fomento da tolerancia e mellora da convivencia.

## **PLAN DE TRABAJO DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA**

Ten como obxectivo satisfacer as necesidades educativas de todo o alumnado pero principalmente do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Preténdese conseguir un desenvolvemento integral do alumno, das súas capacidades cognitivas, lingüísticas, motrices, sociais, emocionais..., favorecendo a implantación das medidas, informacións e procesos educativos que compensen no posible as desigualdades sociais e culturais do contorno, favorecendo a integración coas seguintes interaccións educativas:

- Compensar os efectos das desigualdades sociais no medio social do que procede o alumno.
- Ter en conta os distintos ritmos de aprendizaxe , os seus intereses, motivación e capacidades iniciais.
- Dar resposta educativa eficaces á realidade cultural.

- Desenvolvemento de valores comunitarios.
- Necesidade da utilización das TIC como instrumento na actividade cotiá.

## OBXECTIVOS E ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

### 1. NO ÁMBITO DO CENTRO

- Dinamizar o proceso de interacción e inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tendo en conta os protocolos..
- Colaborar na toma de decisións respecto a metodoloxía, adaptación de materiais, selección de actividades, obxectivos e criterios de avaliación.
- Colaborar na elaboración e/o revisión de outros plans do centro

### 2. NO ÁMBITO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Participar nas reunións do DO e seguimento educativo dos alumnos con NEAE con vista a avaliar as ACS e plans de RE para axustar a resposta educativa.
- Colaborar na prevención e detección de dificultades de aprendizaxe.
- Colaborar na proposta e posta en marcha de medidas de atención a diversidade.

### 3. NO ÁMBITO DO PROFESORADO

- Asistir ás reunións extraordinarias co profesorado que incidan na atención de alumnos con NEAE para unificar criterios de

intervención e establecer medidas educativas de actuación adecuadas.

- Colaborar na prevención de dificultades de aprendizaxe e sobre todo no tratamento das mesmas.
- Colaborar na adaptación e elaboración de materiais didácticos adaptados e específicos.

#### 4. NO ÁMBITO DO ALUMNADO

- Dar resposta educativa adecuada aos alumnos con NEAE.
- Favorecer a inclusión na aula e no centro.
- Estimular o desenvolvemento dos alumnos con NE nos distintos ámbitos: social, afectivo, educativo...
- Proporcionar elementos compensadores para axudarlles a alcanzar os obxectivos propostos de cada alumno.
- Intervir na avaliación e seguimento do proceso educativo, e propoñer as medidas oportunas, para a adquisición das competencias básicas de cada alumno.
- Desenvolver os procesos de ensinanza-aprendizaxe que requiren planificar unha atención individualizada ou en pequeno grupo.

#### 5. NO ÁMBITO DA FAMILIA

- Colaborar cos titores ou mestres das materias na orientación cos pais, coa finalidade de lograr unha ensinanza inclusiva , ca participación activa no proceso de aprendizaxe dos fillos.
- Manter unha comunicación fluída coas familias tanto para informar sobre o progreso do alumno como en outros aspectos que sexan relevantes.

Proponse unha actuación educativa que facilite a actividade construtiva do alumnado ante os aprendizaxes, tendo en conta e partindo de:

- Os coñecementos previos como punto de partida.
- Reducindo o grao de dificultade das tarefas propostas.
- Valorando as capacidades e o ritmo de aprendizaxe.
- Lograr a maior motivación cara a aprendizaxe.
- A contextualización dos contidos.

Estes principios implican:

- Estructurar e fragmentar de forma secuenciada as aprendizaxes e as actividades diminuíndo o grao de dificultade.
- Diminución da abstracción, utilizando a linguaxe manipulativa e ofrecer unha maior axuda directa.
- Linguaxe máis sinxelo na presentación e resposta das tarefas.
- Proporcionar distintos recursos didácticos e soportes variados para facilitar a presentación de contidos e a súa adquisición.
- Potenciar a manipulación, experimentación e verbalización nas situacións de aprendizaxe da aula

## ORGANIZACIÓN DOS APOIOS EDUCATIVOS

Tras unha valoración inicial, dende o Departamento de Orientación fíxanse unhas directrices e horarios de apoios, sempre suxeitas a posibles modificacións en función das demandas e necesidades, cada vez maiores, que vaian xurdindo o longo do curso no centro, priorizando os primeiros niveis de primaria.

A organización dos apoios fundaméntase nos seguintes criterios:

- Atención a alumnos que presentan afectacións máis graves e permanentes.
- Alumnado obxecto dunha adaptación curricular.
- Continuación de apoios realizados no curso anterior, dándolle prioridade os primeiros cursos de primaria.

- Atención os alumnos con dificultades nas aprendizaxes básicas e instrumentais.
- Atención a alumnos con dificultades de aprendizaxe que provocan actitudes negativas e que dan lugar a desinterese, condutas conflitivas, etc.

As intervencións serán levadas cabo este curso, tanto polo mestre especialista en PT ,como a especialista PT do Programa Acompaña adxudicada ao centro no mes de outubro, en coordinación cos titores e o Departamento de Orientación:

- Reforzaranse o ámbito lingüístico e matemático. Inicialmente, priorizarase a atención a uns 36 alumnos con NEAE .
- O longo do curso iranse valorando estas intervencións, anulando ou seguramente ampliando segundo sexa necesario.
- En un principio recibirán apoios alumnos con NEAE en infantil, 1º,2º ,3ºAB, 4ºAB , 5ºB,6ºAB.
- En principio e con posibles variacións, este curso serán atendidos os seguintes alumnos:

CURSO	NEAE
Inf 4º	1Trast,desenvolvemento, disc,motora e liguaxe
Inf 5º	1 Tea 1Incorp.tardía Descoñecemento.idioma. 2 tratornos linguaxe.
Inf 6º	1 TEA 1 trast.ling e comp.
1º	1 TDAH Capacidad intelec. Comprometida. 1 Trastorno Conducta 1TEA



	1 Retraso madurativo.
2º	1 TEA 3 Retraso madurativo 1 TDAH 1 Síndrome Down
3ºA	2 TDAH con trastorno lectoescritura 1 trast. Conducta 1 retraso madurativo
3ºB	2 TEA 1 TDAH
4ºA	2 TDAH 1 Retraso madurativo
4ºB	2 TDAH 1 Retraso madurativo
5ºB	1 Discap. Auditiva 1 TDAH. Trastorno Lectura e escritura
6ºA	1 TDAH Trast. de conducta 1 Retraso madurativo
6ºB	1 TDAH. Retraso mental leve 1 TDAH combinada

AVALIACIÓN

A avaliación neste caso constituirá un instrumento ao servizo do proceso de ensinanza/aprendizaxe, que permitirá levar a cabo reforzos, adaptacións e melloras do proceso educativo.

- O proceso avaliativo terá carácter continuo e global, considerándose como un elemento inseparable do proceso educativo para recoller información do proceso de ensinanza e aprendizaxe dos alumnos.
- A avaliación será dinámica, formativa e reguladora cumprindo funcións orientadoras, de deseño e de programación.
- Recollerse o traballo de cada neno , con especificación e anotación de datas sobre consecución de obxectivos fixados para o alumnado.
- Realizárase informes individuais cada trimestre, procurándose que reflecta a situación dos alumnos nun momento concreto do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que a súa vez utilizarase como un documento orientador, para a posible modificación nas programacións de cada alumno/a.
- Realizárase unha avaliación da práctica docente para verificar a adecuación do proceso de ensinanza as características e necesidades educativas do alumnado e realizar as melloras pertinentes na actuación docente con un carácter continuo e formativo.

**PROGRAMACIÓN ANUAL CURSO**

**2023/ 2024**

**AUDICIÓN E LINGUAXE**

**CEIP A XUNQUEIRA 1**

## ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN.....	3
2. ALUMNADO CON APOIO ESPECÍFICO DE AUDICIÓN E LINGUAXE.....	3
3. OBXECTIVOS XERAIS.....	5
3.1. OBXECTIVOS DA ATENCIÓN DOCENTE POR PARTE DA MESTRA DE AL.....	6
4.CONTIDOS.....	8
5. COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER.....	8
6. CRITERIOS DE INTERVENCIÓN.....	9
7.METODOLOXÍA.....	10
8.TEMPORALIZACIÓN.....	11
9.RECURSOS.....	11
10.AVALIACIÓN.....	12
11.FAMILIAS.....	13

## **1. INTRODUCCIÓN**

O desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e da linguaxe oral como parte dela, é un dos instrumentos básicos do crecemento humano. A súa adquisición ou evolución no proceso escolar, mediatiza e condiciona a capacidade de participación educativa e a interacción social do alumnado.

Dende este enfoque, a mestra de Audición e Linguaxe é un recurso máis do centro educativo para mellorar a calidade da súa resposta educativa, un recurso de axuda á integración do alumnado que presenta necesidades xeradas ou xeradoras de dificultades na adquisición ou desenvolvemento da fala, da linguaxe ou da comunicación.

Como mestra de AL, neste curso académico, intervirei con todos aqueles alumnos e alumnas que presentan algunha alteración vinculada á área comunicativa-lingüística.

As miñas accións prioritarias para a atención do alumnado con NEAE, virán determinadas polo grado de necesidade educativa na área de comunicación e linguaxe que presenten, sendo prioritarias a atención aos alumnos con maiores dificultades en dita área, asociadas a discapacidade ou retrasos/trastornos da linguaxe.

A miña labor como Mestra de Audición e Linguaxe neste centro desenvólvese de xeito coordinado cos/as titores/as dos alumnos/as, co mestre de Pedagogía Terapéutica e Orientadora do centro.

A atención pola miña parte, especialista de AL, no curso 2023-2024 no CEIP A Xunqueira 1 levárase a cabo de luns a venres a xornada completa.

## 2. ALUMNADO CON APOIO ESPECÍFICO DE AUDICIÓN E LINGUAXE.

O alumnado actualmente atendido pola especialista en Audición e Linguaxe a tempo completo son os seguintes:

<b>EDUCACIÓN INFANTIL</b>	
4ºEI	1 alumna
5ºEI	4 alumnos
6ºEI	1 alumno

<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	
1º A	1 alumno
2º A	5 alumnos
3º A	2 alumnos
3º B	1 alumno
5º A	1 alumno
5º B	2 alumnos

Alumnado actualmente atendido pola especialista en Audición e Linguaxe itinerante, que acude ao noso centro catro sesións semanais:

<b>EDUCACIÓN PRIMARIA</b>	
3º B	1 alumno
4º B	2 alumnas

Alumnos e alumnas con dificultades articulatorias, alteracións na linguaxe oral en máis dunha das súas dimensións (TEA, TEL, Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento, Discapacidade Auditiva, Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade e situación de vulnerabilidade socioeducativa,...) e con dificultades específicas de aprendizaxe con trastorno da lectura e a escritura. A acción educativa terá sempre presente os principios de normalización e inclusión educativa. A programación contempla tanto as necesidades educativas xa identificadas como as novas.

Hai que sinalar que o número de alumnos atendidos con apoios específicos de Audición e Linguaxe poderá sufrir diversas modificacións en función da detección de novas necesidades e das altas que poidan xurdir.

Atenderase só nenos/as que veñan remitidos dende o Departamento de Orientación e con informe.

Son obxecto de avaliación inicial todos aqueles alumnos/as que recibiron apoio de Audición e Linguaxe no curso anterior e que precisan continuación de dito apoio. Avaliamos a todos aqueles nenos/as que se incorporan novos ao centro con NEE, que precisan continuar cos apoios recibidos no centro de procedencia, etc.

En calquera momento do curso tamén podemos levar a cabo este tipo de avaliación en aqueles alumnos que o Departamento de Orientación considere oportuno remitir.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS**

A diversidade do noso alumnado requirirá dunha intervención específica para cada caso, polo que se levarán a cabo programas de intervención individualizados cando se detecten todas as necesidades do centro. De xeito xeral, os obxectivos que buscamos acadar son:

- Avaliar, detectar e prever alteracións da comunicación, linguaxe e/ou fala.
- Prever, avaliar e intervir nas alteracións/dificultades de comunicación, linguaxe e/ou fala.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo-clase.
- Participar/colaborar nas diferentes reunións internas que se leven a cabo relacionadas coa atención do alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo).
- Orientar ao profesorado que imparte docencia a alumnado con dificultades no ámbito comunicativo-lingüístico sobre cuestións de interese sobre o seu desenvolvemento.
- Colaborar na creación e adaptación de material para o alumnado con NEAE no ámbito da comunicación e linguaxe.

- Asesorar ás familias e facelas partícipes da nosa intervención, para asegurar a xeneralización dos aprendizaxes e informar sobre cuestións de interese sobre o seu desenvolvemento.

A miña finalidade como mestra de Audición e Linguaxe é a prevención, tratamento e avaliación integral dos trastornos vencellados coa competencia comunicativo-lingüística, xa sexan trastornos da fala, da linguaxe ou da comunicación.

### **3.1. OBXECTIVOS DA ATENCIÓN DOCENTE POR PARTE DA MESTRA DE AL**

#### **OBXECTIVOS XERAIS**

Os obxectivos xerais que se perseguen na aula de AL son:

#### 1. Obxectivos xerais da Intervención de alumnado con trastornos da comunicación.

- Potenciar sistematicamente a comunicación e posibilitar que os alumnos/as con trastornos comunicativos usen as súas habilidades comunicativas para unha gran variedade de funcións, en máis contextos e para todas as actividades da vida cotiá, mediante linguaxe oral e/ou un sistema aumentativo de comunicación.
- Ensinar o valor da linguaxe como instrumento para conseguir regular o seu entorno. A ensinanza/aprendizaxe da función de petición como medio de consecución dos seus desexos.
- Favorecer a comprensión das interaccións comunicativas dos seus interlocutores para poder producir cambios neles e compartir significados.
- Favorecer a adquisición das normas que rexen os intercambios lingüísticos e as sinais extralingüísticas en diferentes situacións de comunicación para reforzar o significado das súas mensaxes e atribuír sentido das que reciben.
- Inicialos na utilización de formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais.

#### 2. Obxectivos xerais na intervención do alumnado con trastornos da linguaxe.

- Desenvolver o léxico básico, tanto receptivo como expresivo que favoreza a representación mental e o coñecemento do mundo que o rodea.



- Favorecer a utilización axeitada de frases de distinto tipo, incorporando elementos pertencentes a diferentes funcións gramaticais que lle permitan expresar con corrección as súas intencións comunicativas.
- Desenvolver as relacións semánticas entre palabras que favorezan os procesos cognitivos e a expresión verbal dos contidos do pensamento.
- Desenvolver a vertente pragmática da linguaxe que lle permita un uso funcional e social da linguaxe, así como as funcións da linguaxe de regulación e planificación. Gañar competencia en aspectos como atención, xogos (de interacción, simbólicos, de regras,...), adestramento en tarefas da teoría da mente, comunicación referencial, comprensión de cuestións relacionadas co humor e ironía, comprensión de normas, habilidades relacionadas co relato, a argumentación e a conversación...

### 3. Obxectivos xerais da intervención con trastornos da fala.

- Favorecer o desenvolvemento dos aspectos perceptivos implicados no desenvolvemento da fala.
- Desenvolver os aspectos funcionais do aparato fonoarticulador.
- Exercitar os aspectos psicomotrices en xeral e, máis especificamente, a motricidade dos órganos da articulación, que permita unha execución práxica axeitada.
- Desenvolver todos os elementos fonolóxicos que lle permitan unha fala correctamente articulada.
- Favorecer os elementos suprasegmentais da fala, prosodia, ritmo, modulación da voz,... que posibilite unha comunicación fluída e satisfactoria.

### 4. Obxectivos xerais da intervención con trastornos na lectoescritura.

- Reforzar os procesos de planificación, sintáctico e léxico na escrita e lectura.
- Mellorar a fluidez á hora de realizar lecturas e aspectos relacionados coa mesma.
- Aumentar aqueles aspectos relacionados cos procesos perceptivos.
- Reforzar a súa conciencia lingüística a nivel fonolóxico (procesador léxico).
- Mellorar a conciencia lingüística a nivel sintáctico.
- Mellorar a conciencia lingüística a nivel semántico.

## 5. Outros.

- Apoiar ao alumnado con ACS.
- Apoiar nas áreas instrumentais básicas ao alumnado con Reforzo Educativo.
- Reforzar a memoria a curto e longo prazo.
- Estimular o razoamento e a fluidez verbal.
- Mellorar o razoamento verbal e o razoamento abstracto.
- Aumentar a motivación pola aprendizaxe.
- Reforzar a autoestima do alumnado.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

Estableceranse en función das necesidades educativas de cada alumno/a e estarán reflectidos en cada programa de intervención individualizado.

## **4. CONTIDOS**

Os contidos que se traballarán dende a aula de AL, están relacionados co desenvolvemento da fala, a linguaxe e a comunicación do alumnado. Deste xeito traballaremos:

- Procesos cognitivos básicos: atención, percepción, memoria e imitación.
- Funcións executivas.
- Bases anatómico-funcionais da linguaxe oral: respiración, sopro, discriminación auditiva e tonificación dos órganos bucofaciais.
- Fonética-fonoloxía: intervención indirecta/directa para dislalias, ritmo en disfluencias, conciencia fonolóxica, etc.
- Semántica: antónimos, sinónimos, campos semánticos, conceptos básicos, conceptos abstractos...
- Morfosintaxe: lonxitude e estrutura das frases, uso de palabras funcionais, correspondencias, uso de pronomes...
- Pragmática: normas sociais e de cortesía, adecuación do discurso, inferencias, dobres sentidos, frases feitas, comunicación referencial...

## **5. COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER.**

En efecto, calquera actividade proposta, así como as intervencións específicas deseñadas, promoverán a adquisición das mesmas.

Neste senso, a competencia en comunicación lingüística será a que se traballe en maior medida e de xeito directo, dado que se potenciarán os prerequisites da linguaxe, así como todas as súas dimensións (forma, contido e uso). Asemade, de xeito indirecto traballarase as seguintes :

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, traballadas a través da comprensión e o razoamento.
- Competencia dixital, abordada coa realización de actividades en aplicacións para dispositivos electrónicos.
- Competencia de aprender a aprender, mediante a aplicación das aprendizaxes adquiridas, por exemplo, coa xeneralización dun fonema.
- Competencia social e cívica, traballada a través do compoñente pragmático da linguaxe, é dicir, empregando unha linguaxe correcta e axustada ao contexto.
- Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, mediante o fomento da autonomía do alumnado.
- Competencia da conciencia e expresións culturais, promoverase a través do coñecemento de distintas manifestacións, fomentando unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara a diversidade de expresións culturais e artísticas.

Os programas que se confeccionarán en base ás características e necesidades do alumnado e sempre partindo destes obxectivos, relacionarase de forma directa coas competencias.

## **6. CRITERIOS DE INTERVENCIÓN**

As prioridades na intervención directa co alumnado, de forma xeral, serán establecidas en función dos seguintes criterios, sempre de maior a menor necesidade para poder comunicarse. Os grupos de alumnos/as beneficiarios da atención serán:

1. Alumnado no que a comunicación oral estea ausente ou seriamente comprometida e/ou precisen dun sistema aumentativo/alternativo de comunicación.
2. Alumnado con dificultades na adquisición ou no desenvolvemento da linguaxe oral.
3. Alumnado con necesidades transitorias por alteracións funcionais no uso da linguaxe oral.
4. Alumnado con necesidades no acceso á linguaxe escrita (lectoescritura).

Neste centro hai alumnado con necesidade de atención docente directa pola mestra de AL dende a etapa de Educación Infantil ata 6º de Primaria, alumnos e alumnas con dificultades articulatorias, alteracións na linguaxe oral en máis dunha das súas dimensións e reforzo da lectoescritura.

## 7. METODOLOXÍA

A metodoloxía terá como base os principios da aprendizaxe significativa onde se partirá sempre do nivel de desenvolvemento do alumnado para que as novas aprendizaxes se constrúan e consoliden sobre as xa adquiridas. Baseándonos no que o alumnado xa ten aprendido, reforzase o éxito e evítanse fracasos que diminúan a motivación e a autoestima do alumnado.

Unha metodoloxía que respecte o principio do **deseño universal de aprendizaxe (DUA)**, é dicir, que entenda a diversidade no seu sentido máis amplo, empregando técnicas que sexan útiles ao maior número de alumnos/as da forma máis autónoma e natural posible e tratar de lograr que todo o alumnado teña oportunidades para aprender. Promover oportunidades de aprendizaxe para todos.

A metodoloxía basearase en **principios** como:

- socialización
- creatividade
- funcionalidade
- motivación, manipulación e experimentación
- creación dun ambiente de confianza e seguridade

- actividades curtas e variadas
- uso de reforzos ante resposta correcta
- respecto polo criterio de progresión das actividades
- fomento da xeneralización de aprendizaxes noutros contextos
- introducir claves visuais que axuden a estruturar o tempo e o espazo
- introducir claves xestuais que reforcen as mensaxes lingüísticas
- estruturar as tarefas en sucesivos pasos
- darlle tempo abondo para que poida emitir a resposta
- traballarse sempre primeiro no plano corporal, despois no plano obxecto e finalmente no plano gráfico para favorecer a xeneralización das aprendizaxes
- as actividades que se formulen nos programas de linguaxe deben ser suxestivas para provocar no neno/a o interese pola comunicación.

É importante rodear ao alumnado dun ambiente lingüístico rico que lle facilite a aprendizaxe, reforzando iniciativas comunicativas e modelando unha linguaxe correcta.

As actividades levadas a cabo nas sesións individuais de intervención confeccionaranse partindo dos criterios metodolóxicos descritos anteriormente e co fin de lograr os diferentes obxectivos específicos recollidos en cada Programa de Intervención Individual do alumnado.

## **8. TEMPORALIZACIÓN**

A temporalización proposta para acadar os obxectivos do plan de intervención de cada neno/a, será mínimo dun ano académico; podendo ser menos tempo en caso de necesidades transitorias ou máis dun curso no caso de necesidades permanentes. Levaranse a cabo revisións periódicas que determinen a necesidade de seguir con estas intervencións.

A temporalización na intervención será flexible atendendo ás características e necesidades do alumnado. Dependendo das necesidades e obxectivos propostos nos Programas de Intervención Individuais, as sesións terán unha duración de 50 minutos ou 25 minutos. O número de sesións estableceranse en base ás necesidades do alumnado e horario dispoñible.

A intervención levarase a cabo de xeito individual (sempre que o horario o permita) ou en pequeno grupo cando as características da problemática do alumnado sexan similares.

## **9. RECURSOS**

### ■ Recursos persoais:

O traballo en equipo é imprescindible para o logro dos obxectivos propostos. Traballarase conxuntamente con todo o profesorado do centro, persoal do Equipo Directivo, especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) e Orientadora do Centro, intérprete de lingua de signos, coidadoras, profesorado titor e especialistas; familias e os propios alumnos/as.

Ademais tamén contamos cunha serie de recursos externos ó centro como o Equipo de Orientación Específico (EOE), a Inspección Educativa, o Centro de Formación e Recursos (CFR), as distintas Delegacións (Educación, Familia, Sanidade,...), o Concello, gabinetes externos de intervención co alumnado, etc.

### ■ Recursos espaciais:

Unha aula de Audición e Linguaxe e tamén acceso o resto das instalacións do Centro Educativo.

### ■ Recursos materiais:

Todos aqueles dispoñibles na aula de A.L., no Departamento de Orientación e do Centro en xeral, como por exemplo: ordenadores, materiais multimedia, tablet, impresora, láminas, etc. Materiais de elaboración propia, materiais comercializados e recursos dixitais.

## **10. AVALIACIÓN**

A avaliación do alumnado realizarase en tres momentos:

### - Avaliación inicial:

Comezaremos cunha avaliación inicial e coa lectura de informes previos, que proporcionará datos sobre as competencias do alumnado, así como das súas características individuais para poder establecer as correctas propostas de intervención.

Partiremos, antes da actuación como mestra de A.L, dunha avaliación inicial ao alumno/a na que avaliaremos aspectos lingüísticos e aspectos non lingüísticos

da linguaxe. Utilizaranse métodos de avaliación como: a observación directa, rexistros do mestre titor, conversacións espontáneas, probas obxectivas para a avaliación da fala coma o RFI de Marc Monfort e Adoración Juárez ou da linguaxe oral como o PLON.

- Avaliación continua:

Ofrece información sobre a evolución do alumnado, o grao de consecución dos obxectivos e contidos planificados e a eficacia dos procedementos de intervención utilizados, de forma continua. Este tipo de avaliación permítenos ir introducindo modificacións nos elementos da programación ao longo da intervención, en función dos resultados da mesma. Realizarase esta avaliación comprobando se os obxectivos propostos se acadan e en que grao a través de Rexistros Diarios na aula e a coordinación cos diferentes mestres que atenden ao alumnado e a familia deste.

- Avaliación final:

Servirá para redactar o informe final do alumno/a na que se especificarán os aspectos da comunicación e linguaxe que se traballaron, acadados e non acadados, e determinar se se conseguiron os obxectivos propostos, así como as orientacións para o titor e a familia do alumno/a.

## **11. FAMILIAS**

Informarase ás familias das necesidades detectadas e solicitaremos a súa colaboración, en especial, para a xeneralización das aprendizaxes.

En Pontevedra, a 5 de Outubro de 2023

Mestra de Audición e Linguaxe  
Vanessa Espiñeira Otero

# **ANEXO X**

CONCRECIÓN ANUAL DO  
PLAN DE ATENCIÓN  
Á DIVERSIDADE



ANEXO X

**CONCRECIÓN ANUAL DO  
PLAN DE ATENCIÓN  
Á DIVERSIDADE**

## Introdución

Enténdese por atención á diversidade no sistema educativo o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Do que se trata é de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

Por parte dos servizos de orientación, os principios de actuación que contribúen a facer realidade os principios xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son:

- ✓ O asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medias de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

- ✓ A atención das demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.

- ✓ A información a todas as persoas afectadas dos resultados das súas intervencións, así como das accións que, de ser o caso, figuren no informe psicopedagóxico.

- ✓ A promoción da participación das familias no proceso de avaliación psicopedagóxica.

- ✓ A coordinación coas persoas profesionais que participen na atención ao alumnado.

A diversidade é a adaptación da escola ás necesidades de todos os alumnos/as, o que implica facer adaptacións precisas nos elementos do proxecto curricular e nas programacións de aula.

As decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, para individualizar o ensino na aula.

A nosa escola asume o tratamento á diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios. Para o que, devandito currículo é aberto e flexible, favorece o aprender a aprender,

de acordo coas características e peculiaridades de todos os alumnos/as tendo en conta os principios de normalización e de integración escolar.

## **CRITERIOS A NIVEL DE CENTRO PARA DAR RESPUESTA Á DIVERSIDADE**

⇒ Disposición de espazos para dar resposta adecuada ás diferentes situacións de aprendizaxe que permita o uso flexible dos mesmos.

⇒ Reprantexamento dos espazos e da organización do centro, permitindo a flexibilidade dos mesmos para dar resposta á diversidade, por exemplo: agrupamentos flexibles, grupo de adquisición das linguas, atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro...

⇒ Considerar a flexibilidade de horarios, para que sexan respectados por todos os profesionais.

⇒ Fixar un calendario de datas, a principio de curso, para a coordinación entre os diferentes profesionais que interveñen para dar resposta aos alumnos/as con necesidades educativas especiais, informando sobre cada unha das funcións a realizar: ao comezo do proceso, durante o proceso, cando xorden problemas ou dificultades e na avaliación final.

⇒ Informar ao profesorado, alumnos/as e familias sobre os diferentes problemas e necesidades de forma que se respecte a diversidade, clarificando o concepto dos diferentes tipos de alumnos/as con necesidades educativas especiais e facilitando o debate e reflexión sobre o tema.

⇒ Establecer criterios para a avaliación e promoción dos alumnos/as con neae e integralos no nivel máis adecuado ás súas características persoais (idade cronolóxica, nivel competencial, capacidades...) favorecendo a súa autoestima.

⇒ Adecuar e secuenciar os obxectivos de etapa ao centro tendo en conta o nivel sociocultural e características do alumno e profesorado.

⇒ Adaptar os contidos, estratexias metodolóxicas... ás características concretas dos alumnos/as con neae do centro realizando a adaptación curricular individual, cando proceda.

⇒ Favorecer a transmisión dos datos entre os docentes e entre os demais profesionais.

⇒ Disposición dos servizos de apoio cando estes sexan requiridos polo centro.

⇒ Dispor de material variado e alcanzable para os alumnos/as con necesidades educativas especiais.

## **CRITERIOS A NIVEL DE AULA PARA DAR RESPUESTA Á DIVERSIDADE:**

➤ Entre as **medidas ordinarias** de atención á diversidade están:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.

- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

- Aulas de atención educativa e convivencia.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- Programas de enriquecemento curricular.

- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

- Programa de habilidades e competencias sociais.

Sempre que sexa posible, proporcionarase o currículo ordinario como resposta ás neae. O profesorado empregará as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumna e cada alumno deben facer da súa propia aprendizaxe, segundo as áreas, os espazos e os tempos.

Como criterio xeral, pretendemos traballar cos alumnos con neae as mesmas capacidades, actitudes e valores contemplados nos obxectivos xerais das nosas programacións de aula.

A adquisición das aprendizaxes instrumentais básicas realizarase preferentemente nas áreas de Lingua e Matemáticas.

As capacidades básicas a desenvolver na área de Lingua e Literatura serán a expresión oral, a lectura, a comprensión lectora e a expresión escrita.

Na área de Matemáticas tenderase ao desenvolvemento das capacidades de pensamento e de reflexión lóxica, o cálculo e a consecución de instrumentos para actuar en e sobre a realidade.

Como criterios específicos:

1) elementos persoais:

- favorecer a interacción entre os alumnos/as para promocionar actitudes de aceptación.
- fomentar a participación activa de todos os alumnos/as na aula.
- determinar con claridade as funcións, roles e tarefas de todos os profesionais que interveñen na aula.
- establecer as coordinacións básicas entre eles.

2) os materiais e a súa organización:

- adaptación do mobiliario e materiais para que poidan ser usados por todos os alumnos/as.
- redución ao máximo do nivel de ruído na aula.
- organizar o espazo de maneira funcional.
- selección de materiais diversos para o desenvolvemento de cada un dos diferentes contidos básicos.
- organizar os horarios a partir da metodoloxía.

3) a avaliación:

- realizar unha avaliación inicial de coñecementos e destrezas previas antes de iniciar calquera proceso de ensino e aprendizaxe.
- aplicar a avaliación continua a través de diversos métodos e procedementos.
- introducir, como recursos normalizados na práctica educativa, a avaliación entre compañeiros e a autoavaliación.
- establecer canles adecuadas coa familia para dar e solicitar información.

4) os obxectivos e contidos:

- definir con claridade e precisión os obxectivos e contidos mínimos do curso
- introducir obxectivos e contidos segundo a propia realidade.
- tratar de que os obxectivos de aprendizaxe sexan compartidos polos propios alumnos/as.

5) a metodoloxía e as actividades:

- seleccionar actividades que, beneficiando a todos os alumnos/as, o fagan especialmente con aqueles que presentan necesidades educativas especiais.
- priorizar métodos que favorezan a experiencia directa, a reflexión, a expresión e a comunicación.
- deseñar actividades con diferentes graos de dificultade.

- normalizar na aula momentos que se dediquen á realización de actividades diferentes.

➤ Unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes, aplicaranse as **medidas extraordinarias** de atención á diversidade, entre as que están:

- Adaptacións curriculares
- Agrupamentos flexibles
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- Flexibilización do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro
- Grupos de adquisición das linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular

Para poder ofrecer o currículo ordinario aos alumnos/as con neae, é necesario facer adaptacións no devandito currículo. Para iso partimos da avaliación inicial e da identificación de necesidades educativas especiais.

Pretendemos realizar adaptacións nos niveis máis xerais facendo unha boa secuenciación de obxectivos e contidos, establecendo variadas actividades de aprendizaxe, flexibilidade na organización do grupo e nas programacións. Non entanto, cando as necesidades educativas sexan moi específicas e non podemos darlle resposta nos niveis mencionados elaboraremos Adaptacións Curriculares.

As AC afectan a elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Estas adaptacións do currículo axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais.

Para realizar a AC dun alumno/a terase en conta os criterios seguintes:

- a) Realización da valoración psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación.
- b) Partirase do currículo de referencia para chegar ao currículo adaptado.
- c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área por parte do profesorado que a imparte.

d) Os diferentes profesionais que interveñen no proceso de desenvolvemento do alumno coordinarán as súas actuacións.

## A DOTACIÓN DE RECURSOS

Para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as con nee consideramos imprescindible a presenza de medios persoais e materiais adicionais que apoiem e enriquezan educativamente o entorno do centro.

Recursos persoais:

- . profesores especialistas en educación especial
- . profesores especialistas en audición e linguaxe
- . equipo de orientación específico
- . a formación permanente do profesorado

Recursos materiais:

- . ausencia de barreiras arquitectónicas
- . espazos adaptados
- . funcionalidade das dependencias do centro
- . materiais didácticos para as distintas áreas

## TIPOLOXÍA SOBRE A QUE REALIZAR AS ADAPTACIÓNS E RESPOSTA EDUCATIVA

### ALUMNOS CON PROBLEMAS DE APRENDIZAXE

Son aqueles nenos/as que manifestan obxectivamente un forte atraso nas adquisicións escolares e, en xeral, en calquera tipo de experiencias, asociados a dificultades de tipo intelectual, psíquico ou sensorial, con outras deficiencias asociadas.

Propostas de atención:

É necesario e imprescindible identificar as necesidades educativas especiais nos diferentes ámbitos nos que se desenvolve o alumno/a.

Coñecer, identificar e valorar as capacidades e dificultades da familia para dar resposta ás necesidades dos seus fillos/as axuda a establecer mellor cales son as necesidades educativas que presentan. Obter información sobre circunstancias familiares, condutas e actitudes do alumno/a fóra da escola, son de gran valor, pola súa incidencia, na identificación das necesidades educativas.

A identificación das necesidades no centro e na aula debe ter en conta estes aspectos:

- as condicións físicas e organizativas
- o ambiente de aprendizaxe e equipamento
- o profesorado e a relación entre eles
- a utilización de recursos
- as características do proceso de ensino-aprendizaxe

O currículo ordinario é o que debe dar resposta ás necesidades educativas destes alumnos/as. A resposta ás necesidades educativas especiais sitúase necesariamente no marco curricular ordinario, coas oportunas adaptacións que en cada unha destas variables presenten necesidades de modificación: profesor/a, alumno/a, metodoloxía, obxectivos, contidos, avaliación, organización, recursos.

### ALUMNOS/AS CON PROBLEMAS ACTITUDINAIS

Son alumnos/as que presentan problemas de adaptación á escola:

- falta de motivación
- mala actitude na aula
- agresividade, actitude provocadora
- expectativa de estudos baixa ou nula
- rebelión ante as normas e ante as figuras de autoridade

Teñen tamén problemas de relación coa familia; a miúdo presentan problemas de aprendizaxe debido, na maioría dos casos, a unha mala escolarización, absentismo... . Adoitan ser intelixentes, a pesar do atraso nas aprendizaxes.

Propostas de atención:

Realizar unha adecuada función titorial establecendo un contacto frecuente, a nivel persoal, co alumno/a e cos pais.

Efectuar unha avaliación do alumno/a desde diferentes ámbitos:

- historia persoal
- relacións coa familia; expectativas familiares
- relacións con profesores e compañeiros/as
- intereses, afeccións, motivacións, dificultades persoais
- autocoñecemento: aptitudes e déficits
- ambiente cultural
- relacións sociais



Facilitarlles aquilo que máis lles interese mediante a realización de proxectos que recollan os contidos básicos das diversas áreas.

Establecer contratos variados para mellorar as distintas facetas que se detectaron como inadecuadas.

Flexibilizar a intervención pedagóxica.

## ALUMNOS/AS CON PROBLEMAS PROCEDIMENTAIS

Presentan:

- dificultades para entender a información escrita
- dificultades para extraer as ideas principais
- dificultades na expresión das ideas cun mínimo de coherencia

Adoitan ser alumnos/as con dificultades na aprendizaxe. Teñen unha actitude pasiva e unha baixa autoestima. Interiorizaron o feito de que non aproveitarán, e aprenderon a norma de non molestar a cambio de que lles deixen tranquilos. Maniféstanse como indolentes, apáticos e poden ser "esquecidos" na aula.

Propostas de atención:

De novo, a función titorial é clave. Hai que infundir confianza e dar expectativas de éxito. Para iso é conveniente desenvolver na aula o Plan de Acción Titorial.

Actividades de aprendizaxe moi guiadas.

Incrementar a axuda e a atención na aula.

Facer un seguimento cotián das súas tarefas, tanto na escola como na casa.

Conseguir a implicación da familia é fundamental.

Dar as pautas e normas de traballo claramente. Insistir no seu cumprimento.

Darlles traballos sinxelos e de reforzo para casa.

Utilizar o traballo en grupo como recurso de axuda para estes nenos/as.

## ALUMNOS/AS CON PROBLEMAS DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DA TAREFA

Son alumnos/as que atopan dificultades para organizar e planificar as actividades e tarefas que se lles encomendan. Presentan, ás veces, problemas de aprendizaxe debida á desorde e á mala organización.

Teñen adquirido o hábito negativo de non facer as tarefas ou de facelas rápido e sen moito esforzo.

Resumindo, adoitan presentar problemas de :

- non facer as tarefas
- non entregalas a tempo
- mala presentación

Propostas de atención:

- Controlar e potenciar o uso da axenda escolar.
- Facer reflexionar sobre o cumprimento ou non do horario de estudo pactado.
- Levar control das tarefas, tanto das que se fan na aula como das que se fan na casa.
- Ser flexibles coa esixencia do cumprimento dos termos da entrega.
- Ser perseverantes no cumprimento das normas de realización e presentación.

## ALUMNOS/AS CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

O alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano. Diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación.

Estes rapaces diferénciase dos demais pola súa forma de utilizar os recursos que posúen, a facilidade con que aprenden e melloran, e o nivel do que producen nalgunha actividade concreta (talentos) ou ao resolver situacións problemáticas.

En canto á personalidade e a súa problemática os nenos/as ben dotados non teñen un patrón homoxéneo de conduta e diferénciase moito uns doutros, podendo presentar todos ou algúns dos seguintes trazos:

- interese por ampliar coñecementos
- a súa afección á lectura, aos animais, a pasear
- a súa popularidade e influxo entre os seus compañeiros/as
- a regularidade no traballo, cumprimento dos deberes
- os bos modais e estabilidade de humor
- servicialidade e decisión
- como mecanismo de defensa, nalgunhas ocasións danse mostras de agresividade. Dado que a sociedade non lle ofrece resposta ás súas necesidades pode tender a distraerse e aburrirse, podendo chegar a certos estados depresivos ou obsesivos, sentimentos de infravaloración ...

Os programas de enriquecemento curricular están dirixidos ao alumnado con altas capacidades intelectuais, si ben algunhas das actividades poden ser xeneralizadas a outros/as alumnos/as cuxas características e ritmo de aprendizaxe o fagan conveniente.

O enriquecemento curricular é a estratexia máis integradora posto que contempla o desenvolvemento persoal do alumno/a en todos os seus ámbitos. Este enriquecemento inclúe calquera actividade dentro do currículo ordinario que proporcione unha experiencia máis rica e variada ao alumno.